



RAIGAME


REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Decembro de 2023

nº 50



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES



índice

páx. 5

páx. 8

páx. 16

páx. 26

páx. 42

páx. 52

páx. 58

páx. 68

páx. 80

páx. 90

páx. 100

páx. 110

páx. 124

páx. 138

páx. 144

páx. 151

EDITORIAL

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
VELLAS RAÍCES E CHUVIA DE PRIMAVERA
María Xosé Fernández Cerviño

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: A ETNOGRAFÍA NO MUSEO
Manuel Vilar Álvarez

PARROQUIA DE VELLE
Xosé C. Sierra Rodríguez

BEN-CHO-SHEY E A SÚA PROPOSTA AO SEMINARIO DE ESTUDOS
GALEGOS: «A CONMEMORACIÓN DO MILENARIO DO MOSTEIRO
DE CELANOVA»
María Isabel Almuiña González

OS IARMÁNS LORENZO FERNÁNDEZ
E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
Clodio González Pérez

XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ NO MUSEO ETNOLÓXICO, RIBADAVIA
César Llana

OS MUSEOS LOCAIS DA PROVINCIA DE OURENSE
Fátima Braña Rey

80 ANIVERSARIO DO ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE
OURENSE
Pablo Sánchez Ferro

PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL OU DESFEITA.
COUSAS E CASOS DO PATRIMONIO OURENSÁN
Francisco Fariña Busto

POESÍA POPULAR GALEGA
Delfín Caseiro

OURENSE EN SELOS
Mª Elisa Abad Suárez "Marila"

VILANOVA DOS INFANTES. BREVE HISTORIA DUN POBO SINGULAR
QUE EXPLICA O PORQUÉ DUNHA ROMARÍA SINGULAR,
A ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME
Antonio Piñeiro

ARQUITECTURA POPULAR DA RIBEIRA SACRA
Fernando Rodríguez Nespereira

ILUSTRADORES E DEBUXANTES EN RAIGAME,
UNHA ACHEGA CON PERFIL
Francisco Xavier Limia Gardón

50 NÚMEROS DE RAIGAME
RELACIÓN DE COLABORADORES E ARTIGOS



Dirección **Xulio Fernández Senra**
Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**
Colaboración especial **Biblioteca da Deputación de Ourense**

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**
Coordinación xeral **Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.**



Diseño e Realización infográfica **designa edenia**
Impresión **Imprenta Deputación Provincial Ourense**
Dep. Legal **OU - 75/95**
I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan
interese en publicar artigos ou traba-
llos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 317 880
32080 - Ourense
ccpxaquinlorenzo@depourense.es
www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuita pre-
via subscrición no correo electrónico
anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou
representación dos textos, ilustracións e fotografías están reser-
vados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solici-
tude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

RAIGAME
E D I T O R I A L



Celebramos neste ano 2023 o centenario do nacemento do SEG, unha institución creada por mozos e mozas estudantes da Universidade de Santiago coa intención de afondar no coñecemento do país desde diferentes disciplinas e coa clara intención de actualizar e modernizar os traballos de investigación, e de promover a difusión da nosa cultura. Durante os seus anos de actividade (1923-1936)


contou co máis nutrido da intelectualidade galega da época vencellados en moitos casos ás Irmandades da Fala e á revista Nós (Bouza Brey, Losada Diéguez, Cotarelo Valledor, Xesús Carro, Castelao, Gómez Román, Luís Iglesias, Luís Tobío, Risco, Cabeza de León, Filgueira Valverde, Díaz Rozas, Otero Pedrayo, Parga Pondal, Iglesias Vilarelle, A. Fraguas, Ánxel Ramos, Xavier Vidal, Cuevillas, os irmáns Lorenzo Fernández...) Foron sen dúbida algunha un exemplo de traballo sistemático e colaborativo nos campos da arqueoloxía, historia, letras, arte, ciencias naturais, ciencias sociais, económicas e xurídicas, filoloxía, literatura, etnografía e folclore, pedagogía, xeografía, etc., estruturados en seccións e equipos interdisciplinares. Algúns dos seus traballos difundíronse a través de publicacións monográficas (*Síntese xeográfica de Galicia*, *Terras de Melide*, *Parroquia de Velle*, catalogación de castros de Celanova, Carballiño,...), ademais dos *Arquivos*, seis tomos compostos por un conxunto de

70 artigos, notas e apuntamentos científicos. Ademais, entre as súas iniciativas figuraba a creación dunha biblioteca e dun museo etnográfico do que era responsable Xaquín Lorenzo e para o que foron aportando material que acabou finalmente en instalacións do Colexio Fonseca en 1930.

Esta iniciativa cultural que como vemos abarcaba todos os campos do coñecemento, representou para o país un golpe de aire novo, de esperanza e de entusiasmo polo que hoxe se chama posta en valor do patrimonio, de orgullo do noso e de aprecio pola cultura do pobo que como outras moitas cousas, foi truncada pola rebelión militar de 1936 e posterior ditadura franquista.

E precisamente no marco desta conmemoración chega o número 50 da *Revista Raigame*, revista de arte, cultura e tradicións populares que no ano 1995 arrancaba no seo da Escola de Danza-Castro Floxo da Deputación de Ourense (hoxe Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo). O número 0 abría a súa edición cun *In Memoriam* dedicado a D. Xaquín Lorenzo, mestre e titor do Colectivo Castro Floxo, que incluía un pequeno texto que D. Xaquín escribira a modo de guía para este colectivo no ano 1982. Velaquí o texto:

Nas súas orixens a música e a danza, tiveron carácter relixioso; polo menos eso nos dan a entender as mostras arqueolóxicas de que dispoñemos. Agora ben; co paso do tempo iste carácter foise modificando e tomando outro aspecto, especialmente coma manifestación festeira e, nalgúns casos, coma lembranza de feitos de carácter histórico que se manteñen na lembranza das xentes e que perviven gracias a estas creacións do espírito popular.



Mais estas modificacións son as que precisamente fan que o seu estudo e recolleita sexa máis interesante e útil, ó intentar ollar nas manifestacións de hoxe o que queda do seu primitivismo para intentar pór de releve a súa vella siñificación. De aí a importancia da recolleita de todas estas produccions do noso pobo.

A tal fin responden as que aquí se poden ollar e que sinalan unha mostra das máis interesantes manifestacións da nosa cultura popular.»

XAQUÍN LORENZO, 1982

Hoxe, iste siñificado foi desaparecendo. Os motivos orixinais fóronse perdendo e quedou somentes a súa función coma divertimento. Non embargantes, o mesmo que sucede coas lendas e tradicións, mantívose o seu fondo orixinal, moitas veces oculto pola superposición de outros temas deica se perder o primitivo carácter. Así pasan a seren unha cousa distintas das que denantes eran.

Compre ter en conta, a todo isto, as modificación que, tanto nas melodías coma nas danzas imprime a moda, que esixe unhas determinadas apariencias que rematan por desvirtuar o que de lexítimo queda nestas manifestacións populares, apariencias que se estenden incluso ós traxes, nos que tamén a moda actual, anque sexa absurdo, modifica a estrutura, chegando a darlles unha unidade que nunca tiveron.



Nestas primeiras publicacións marcábase a filosofía da revista que por outra parte consideramos totalmente validada a día de hoxe. En todas e cada unha dos cincuenta números da revista publicáronse numerosos traballos de investigación, análise e divulgación da nosa cultura.

Destas 50 revistas moitas delas foron de temática miscelánea onde se publicaron máis de 500 artigos de numerosos colaboradores, algúns deles xa falecidos (Antón Fraguas, Fco. Fernández del Riego, Díaz Pardo, Neira Vilas, Manuel María, Pura Vázquez, Olga Gallego, Marcos Valcárcel, Antón Fidalgo Santamariña,...). Publicáronse numerosos traballos con motivo dos homenaxeados no día das letras Galegas (entre eles, Ferro Couse-

lo, Anxel Fole, M. Murguía, Martín Sarmiento, Xaquín Lorenzo, Lorenzo Varela, R. Piñeiro, U. Novoneyra, V. Paz Andrade, C. Casares, A. Fraguas, Delgado Gurriarán, Fco. Fernández del Riego). Mencionar tamén a publicación de moitos traballos premiados na Romaría Raigame e como non, moitos números monográficos: O afiador (5 e 6), Xaquín Lorenzo (9 e 19), os xudeus en Galicia (11), Otero Pedrayo (12), Lamas Carvajal (24), a revista Vieiros (30), Luis Seoane (33), 50 aniversario da publicación de Memorias dun neno labrego (35), Díaz Pardo (37), Neira Vilas (39), Carlos Casares (40), O Museo do Pobo Galego (41), Antón Fraguas (43), centenario da revista Nós (44), arqueoloxía en Ourense (45,46 e 47), Delgado Gurriarán (48) e Eligio Rivas (49).

Na páxina 71 da revista 0 facíamos unha «Invitación á cultura e ás culturas» invitación que consideramos vixente a día de hoxe:

A Cultura é patrimonio de todos, e ninguén debe utilizala como algo maleable ás súas necesidades, intereses ou circunstancias persoais. Neste sentido a cultura ten que ser obxectiva.

Claro que a "cultura"(en minúscula), en tanto que agrupa vivencias, sentimentos ou expresións persoais de cada home, é tamén subxectiva. Todas esas culturas individuais, agrupadas, clasificadas, sistematizadas, estudadas... forman a CULTURA (con maiúsculas).



Raigame é unha revista de CULTURA, máis sobre todo de "culturas". A bo seguro que todo galego, ten algo que engadir en particular á CULTURA galega... e dende RAIGAME axudaremos e apoiaremos para que así o faga.

Naceu así Raigame co firme propósito de se converter nunha revista de investigación e divulgación científica, onde teñan cabida todos aqueles traballos sobre arte, cultura e tradicións populares, que axuden a manter vivo o espírito e tradición dos nosos antergos.

Raigame





*IV xuntanza do Seminario de Estudos galegos.
Pontevedra, 9 de abril de 1928*

◉ SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Vellas raíces e chuva de primavera

María Xosé Fernández Cerviño

Vicepresidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego

Hai agora cen anos que un fato de estudantes da Universidade de Santiago fundaron os alicerces dun xeito novo de aproximarse ao coñecemento de Galicia desde as

diferentes disciplinas. A data de referencia é o 12 de outubro de 1923, cando un pequeno grupo de entusiastas camiña desde Santiago deica o castro de Ortoño, ao pé do cal pasou parte da súa infancia Rosalía de Castro, cas da familia paterna. Naquel encontro deciden crear o Seminario de Estudos Galegos; a constitución formal terá lugar o 21 de outubro na casa de Armando Cotarelo Valledor, catedrático de Lingua e Literatura da USC, e unha semana máis tarde celebrárase a primeira xuntanza en dependencias da Universidade, baixo a presidencia do propio Cotarelo.



*Casa da familia Martínez Viojo
na aldea de Ortoño, Ames*

SEG e a memoria das persoas que o integraron, do mesmo xeito que se celebrou en 2016 o centenario das Irmandades da Fala e en 2020 o da aparición da revista Nós.

Cumprindo co inveterado costume de festexar os aniversarios redondos das persoas ou eventos que, polo que se ve, resultan imprescindibles para alicerzarmos as nosas memorias e actividades, o Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega concordaron na oportunidade de promover a conmemoración deste centenario. Ao chamamento concorreron de inmediato moitas institucións e entidades da cultura, comprometidas en sumar esforzos para traer ao presente o labor do

Desta volta tratamos de non nos limitar á conmemoración do Seminario como colectivo, senón que desde o Museo do Pobo Galego nos propuxemos celebrar algunhas das persoas protagonistas nos seus fogares nativos ou alí onde realizaron o principal da súa actividade; é dicir, levar a memoria do Seminario por Galicia adiante, en colaboración cos Concellos, os centros docentes e as entidades culturais locais. En Ponteareas lembramos o máis vello dos fundadores (tiña só 20 anos), Fermín Bouza Brey. En Boiro a Ramón Martínez López, o máis novo dos promotores, con apenas 16 anos.



En camiño cara a Ortoño. 12 de outubro de 2023

No Saviñao a Pura Lorenzana e en As Neves a Sara Leirós, dúas das doce mulleres que foron socias activas do SEG. En Negreira ao malogrado Xulián Magariños, que finou con 29 anos. En Cotobade a Antonio Fraguas, de par de Castelao, que recolleu alí material para o seu traballo sobre as cruces de pedra. En Baio outro fundador, Francisco Romero Lema. En Lalín a Ramón María Aller, que acolleu no seu observatorio o equipo que traballaba na investigación da Terra de Deza. En Lobeira os irmáns Xaquín e Xurxo Lorenzo Fernández. En Compostela dedicamos cadansúa sesión ás mulleres seminaristas e á persistencia do espírito do SEG, e en Lugo outras dúas datas a lembrar a presenza de membros do SEG naquela capital. En Marín a Manuel Torres, un pintor que contribuíu á renovación da arte galega nos tempos do Seminario.

Outras institucións realizaron ou teñen programadas ao longo do

ano que andamos actividades semellantes en torno ás figuras de Isidro Parga Pondal, Luís Iglesias, Xosé Filgueira Valverde, ou rememorando algúns fitos sobresaíntes da traxectoria da entidade, como os traballos na Terra de Melide, a actividade dos socios en Pontevedra e Compostela. E xaora, a lembranza a Francisco Fernández del Riego en Vilanova de Lourenzá, co gallo do Día das Letras Galegas que se lle dedicou este mesmo ano. Xunto a isto, realízanse traballos sistemáticos de dixitalización e posta a disposición de fondos documentais do Seminario e a reedición de publicacións.

Tarefa imposible de abordar nunhas poucas páxinas é a de dar conta de todas as persoas que contribuíron a aquela irrepitible empresa. Algúns nomes de singular significación non foron aínda evocados, como o vigués Wenceslao Requejo Bouet, a quen todos os fundadores que deixaron testemuños escritos recoñecen un



papel fundamental no seu recrutamento, ou o pontevedrés Sebastián González García-Paz, que foi membro moi activo e secretario xeral do SEG. Estas e outras ausencias poden ser remediadas analizando o catálogo da grande exposición *Luz na Terra*, organizada pola Xunta de Galicia no Centro Gaiás, e as actas do congreso celebrado no Consello da Cultura Galega nas vésperas da andaina de Santiago a Ortoño o 12

de outubro, data da xuntanza do grupo xerminal onde xurdiu a iniciativa. Nesa xornada, en colaboración cos Concellos de Ames e Santiago, revivimos a expedición cunha marcha de máis dun cento de persoas.

O Seminario de Estudos Galegos naceu coa ambición de emancipar as letras e as ciencias galegas do estreito xustillo académico onde, na opinión dos promotores, pouca atención se lles prestaba; co afán de crear unha institución do seu tempo que bebía dos modelos europeos e do máis próximo da Junta para la Ampliación de Estudios para insuflar modernidade na cultura de Galicia.

Mais a vida do Seminario non foi, como puidera parecer á calor da efeméride, un sumatorio de éxitos. Como entidade nacida nas marxes das institucións oficiais, pasou por sucesivos avatares, da Facultade de Filosofía e Letras ao Colexio de Sanclemente, ata atopar acougo en 1930 nas aulas cedidas pola Universidade no Colexio de Fonseca. Ao carecer dun apoio institucional firme, como os seus homólogos catalán e vasco, nutríase frugalmente das achegas de algúns mecenas e figuras da Universidade compostelá, e das exiguas e irregulares contribucións das Deputacións e uns cantos Concellos. O traballo dos seus membros era gratuito, non percibían remuneración nin regalías e, ende ben, conseguiron armar unha estrutura operativa capaz de realizar un labor inxente que, polos acontecementos que se sucederon a partir de xullo de 1936, quedou truncado no seu desenvolvemento e divulgación.

O documento *Dez cursos de traballo 1923-1934* ofrece un relatorio impresionante. Nel figuran doce seccións activas, cos seus directores respecti-



Placa conmemorativa do centenario, no claustro de Fonseca

vos, que dan conta do amplo alcance dos seus obxectivos: Arqueoloxía e Historia da Arte (Xesús Carro García), Arte e Letras (Alfonso Rodríguez Castelao), Ciencias Aplicadas (Manuel Gómez Román), Ciencias Naturais (Luís Iglesias Iglesias), Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas (Luís Tobío Fernández), Etnografía e Folklore (Vicente Risco), Filoloxía (Paulino Pedret Casado), Historia (Salvador Cabeza de León), Historia da Literatura (Xosé Filgueira Valverde), Pedagogía (Manuel Díaz Rozas), Prehistoria (Florentino López Cuevillas) e Xeografía (Ramón Otero Pedrayo). Contaba ademais co Laboratorio de Xeoquímica (Isidro Parga Pondal) e o Laboratorio de Psicotecnica (Antonio Iglesias Vilarelle). A Biblioteca estaba a cargo de Antonio Fraguas, Ánxel Ramos e Xavier Vidal. Os responsables do Museo eran Xesús Carro e Xaquín Lorenzo.

O museo etnográfico do Seminario

A creación dun museo etnográfico non era, certamente, unha idea ori-

xinal. Xa desde mediados do século XIX houbo en Galicia tentativas de formar un museo dedicado a recoller e conservar as mostras máis representativas da nosa cultura, pola conciencia da aceleración dos cambios nos modos de vida, como alertaba Emilia Pardo Bazán en 1884, cando se funda na Coruña a sociedade *El Folk-Lore Gallego*: «Desaparecen las antiguas costumbres, los pueblos pierden su fisonomía, su carácter, su tipo propio, igualándose bajo la mano niveladora de la civilización, que borra todo lo tradicional».

O 15 de maio de 1926 aparece no nº 28 da revista *Nós* un artigo sen firma, titulado Do Museo Etnográfico Galego, onde se afirma: «Con soilo que se conseguira dotar â nosa Terra do Museu Etnográfico, o paso da nosa xeración non tería sido en balde». Os seminaristas propoñen-se acrecentar as primeiras achegas, instaladas xa en marzo dese ano no Colexio de Sanclemente, para facer realidade ese museo, que se trasladará definitivamente a Fonseca en 1930.



Xesús Carro e Xaquín Lorenzo eran os responsables do museo do SEG.
Na foto asistentes a unha homenaxe a Xesús Carro en Santiago de Compostela



F. L. Cuevillas director da Sección de Arqueoloxía do SEG



Vicente Risco era o Director da Sección de Etnografía e Folclore. Retrato de Conde Corbal

A presenza feminina

Cómpre traer a colación, malia que sexa de modo conciso, un tema do que se vén falando profusamente neste ano do centenario. Mulleres no SEG houboas, pero moi poucas poden considerarse como socias efectivas,

só doce fronte a 216 homes, apenas o 5 por cento do total de membros; algún autor limita o número a nove. Xunto a estas, aparecen acreditadas nove socias protectoras. Na revista *Arquivos* só atopamos a sinatura de Luísa Cuesta cun traballo sobre a emigración no tomo IV, e as de Dolores

Salgado e Pura Lorenzana no tomo V, en colaboración con Parga Pondal a primeira, e con Cuevillas e Fraguas a segunda. Pero de seguro o papel das mulleres nos labores do Seminario foi máis importante do que testemuñan os documentos. Colaboradoras en gabinetes e laboratorios que non aparecen rexistradas en ningún sitio nin asinan traballo ningún, candidatas que, como Carmiña Sierra, non chegaron a presentar o preceptivo traballo para realizar o ingreso efectivo, usuarias da biblioteca en labores de estudo. As investigacións en curso darán visibilidade a outros nomes para incorporalos á aínda reducida nómina que nos proporcionan as fontes.

A título comparativo, permítome mencionar unha anécdota: na foto de familia da inauguración do Museo do Pobo Galego, o 29 de outubro de 1977, eu son a única muller; hoxe é



Luisa Cuesta Rodríguez



o día en que só o 25 por cento das patroas somos mulleres. Por iso non debe estrañar que, medio século atrás, nas fotos do Seminario apenas se poida atopar presenza feminina.

O SEG como exemplo válido á volta dun século

En que medida ten vixencia aquel experimento que foi truncado no décimo terceiro ano de andaina? No tempo decorrido, a evolución do coñecemento da nosa historia, a nosa cultura e a nosa ciencia é incommensurable. Galicia avanzou en todos os campos ao ritmo que marcaba a investigación na área cultural de referencia, fundamentalmente europea.

O modelo creado polas xentes do Seminario queda estreito hoxe para a complexidade que acadou a metodoloxía científica, pero o seu exemplo de traballo xeneroso, sistemático e colaborativo, a semente que deitaron non

murchou nas beiras da estrada, senón que inzou e hoxe segue a ser unha referencia para moitos dos que nos interesamos en todas estas disciplinas.

No ámbito que me é máis próximo, o do Museo do Pobo Galego como presumible herdeiro do espírito do Seminario, esa aspiración estivo moi presente na fundación, alá polo ano 1976. Xunto á preocupación, máis intensa se cabe, polo devalo da nosa cultura tradicional, sentíase que, dalgún xeito, sería posible saldar a débeda que Galicia tiña co Seminario desde que fora clausurado polas autoridades do réxime golpista e incautados os seus bens. A incorporación ao Padroado de dous dos seus membros destacados, Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, primeiros presidente e director, respectivamente, é o nexo máis directo e mantívose operativo máis alá da vida de ambos.

A conxuntura política amosábase de novo alentadora, coa extinción da lon-

ga ditadura e o agromar do espírito da transición. Fronte á limitación de apoios institucionais e sociais do seu referente, os fundadores da asociación que nacía tamén como iniciativa civil e se deu en nomear Padroado do Museo do Pobo Galego, consideraban unha prioridade incorporar as administracións públicas como fiadoras da nosa empresa e, en paralelo, abrir unha campaña de captación de socios que contribuíran regularmente coas súas achegas económicas e colaboración desinteresada e, o máis importante, serían garantes da independencia da Asociación. Do éxito deste modelo dá fe o feito de que a institución cumprira 47 anos e non deixa de medrar, aínda que os seus recursos, en especial o equipo humano, seguen a ser limitados, por non dicir insuficientes para xestionar unha entidade de tal magnitude e relevancia sociocultural.

O Museo do SEG era un dos múltiples proxectos en marcha cando a rebelión militar de 1936 vén trun-



Lápida situada no valo da casa de Ortoño con motivo do 75 aniversario da creación do Seminario de Estudos Galego (Consello da Cultura Galega, 1998)

car a súa fecunda traxectoria. Os seus bens foron entregados primeiro á Universidade e máis tarde ao Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, creado en 1943 polo Ministerio de Cultura e adscrito ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Esta iniciativa non foi máis ca unha tentativa de arremedar o extinto Seminario. Unha opinión ben fundada, que ninguén poderá impugnar, expresouna Filgueira Valverde en correspondencia con Ramón Piñeiro.

Piñeiro escribía o 5 de xaneiro de 1944:

... me figuré que este Instituto no sería sino una adaptación del antiguo Seminario de Estudios Gallegos a las nuevas circunstancias, en cuyo caso quedaría defi-

nitivamente asegurada la continuidad de aquella labor cultural, que era la más seria –quizá la única cosa seria– que se hacía últimamente en Galicia.

Ao que Filgueira responde:

... el Instituto P. Sarmiento... vendrá a recoger y, en lo posible, proseguir la tarea del Seminario. No es una resurrección. Para resucitar necesitaría tener los mismos cuerpos y las mismas almas. Pero nos daremos por satisfechos con que no se pierda todo lo hecho [y] se prosiga algo. (García Martínez, 2015).

O Museo do Pobo Galego preocupouse por acceder a unha parte dos fondos que estiveran expostos en Fonseca para incorporalos ás súas coleccións.

A presenza no Padroado de figuras coma os amentados Lorenzo Fernández e Fraguas Fraguas, amais de Filgueira Valverde e Martínez López, e o empeño de membros máis novos da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do IEG P. Sarmiento como García Martínez, González Reboredo e Acuña Castroviejo, entre outros, fixeron posible a transferencia dun conxunto de pezas en concepto de depósito e a súa incorporación á exposición permanente. Pero, alén destes materiais concretos, aspirábase a seguir o precedente do SEG para contribuír a revitalizar na sociedade civil o compromiso polo coñecemento, conservación e divulgación da cultura do noso pobo «como conxunto ordenado [...] pra explicarmos mellor a realidade do presente e poder axudar a plantexarmos así o noso futuro colectivo».



Sentíase que, dalgún xeito, sería posible saldar a débeda que Galicia tiña co Seminario desde que fora clausurado polas autoridades do novo réxime e incautados os seus bens. O Padroado do MPG incorporou dous dos seus membros destacados, Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, primeiros presidente e director, respectivamente.

Bibliografía

- GARCÍA MARTÍNEZ, C. (2006). Na rodeira do Seminario de Estudos Galegos. En *Antonio Fraguas, 1905-1999: un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Museo do Pobo Galego, 196-225.
- GARCÍA MARTÍNEZ, C. (2015). Filgueira no Padre Sarmiento. En L. Cochón e L. Mariño Taibo (Eds.) *Filgueira Valverde. Homenaxe*. Xunta de Galicia. Cuadernos Ramón Piñeiro XXXI, 273-290.
- GARCÍA MARTÍNEZ, C. e Fernández Cerviño, M. X. (2017). Xaquín Lorenzo Fernández. Do Seminario de Estudos Galegos ao Museo do Pobo Galego. *Raigame*, N.º. 41, 30-41.
- MARCO, A. (2023). *Carminha Sierra, a primeira muller do Seminario de Estudos Galegos*. Alvarellos.
- MATO, A. (2001). *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Edicións do Castro.
- MATO, A. (2023) *Mulleres no Seminario de Estudos Galegos*. Publicado no

Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega) <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=29957> Recuperado o 07/08/2023.

SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. (2003). Museos e Desenvolvemento. Experiencias e itinerarios en Galicia. En *VII Coloquio Galego de Museos. Museos: construíndo a comunidade*. [Santiago de Compostela]: Consello Galego de Museos, 211-246.

Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos (2023). Ed. Facsimilar. Xunta de Galicia.

VILLARES PAZ, R. (Dir.) (2023). *Luz na Terra. O Seminario de Estudos Galegos, unha institución de alta cultura*. Xunta de Galicia.

As biografías de boa parte dos socios e socias do SEG pódense consultar en <http://consellodacultura.gal/area2.php?arq=4372>



A xente do SGE traballaron para crear un museo co que axudar a normalizar a nosa cultura e asentarnos como sociedade moderna. Herdeiro desta tradición situamos actualmente o Museo do Pobo Galego. Xa o dixera Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” cando se conmemoraran os cincuenta e cinco anos do SEG: “Créase o Museo do Pobo Galego co gallo de faguer realidade a vella aspiración do Seminario de dispor de un Museo de Etnografía na Galiza”



Manuel Vilar Álvarez
Museo do Pobo Galego

Celebramos neste 2023 o centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos (SEG) e neste artigo quero lembrar a súa achega ou papel desenvolvido para que Galicia contase cun museo que fose representativo da nosa cultura, un museo no que o material etnográfico tiña que ter un peso específico. A xente do SEG traballaron para crear un museo co que axudar a normalizar a nosa cultura e asentarnos como sociedade moderna. Herdeiro desta tradición situamos actualmente o Museo do Pobo Galego. Xa o dixera Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” cando se conmemoraran os cincuenta e cinco anos do SEG: “Créase o Museo do Pobo Galego co gallo de faguer realidade a vella aspiración do Seminario de dispor de un Museo de Etnografía na Galiza” (Lorenzo Fernández, 1978, p. 52).

Mais o “Museo” non xurde da nada, senón dun traballo amplo e dunha investigación en diversos campos, como o da etnografía, un saber que vale para describir unha sociedade, para coñecela e interpretala. Os etnógrafos do SEG procuraron describir a sociedade do seu tempo, a sociedade na que vivían. Neste caso a etnografía valía para traer a un primeiro plano unha realidade social que eles reivindicaban, porque era a súa, e querían dignificar.

Xa se viña facendo etnografía ou folclore, ao igual que outros saberes, antes da creación do SEG, mais

será nesta institución onde collan pulo e converxan a investigación, a colección e a difusión. O SEG tiña como proposición única o estudo integral da cultura galega, inserido nun proxecto de defensa da identidade cultural de Galicia, era un reflexo no ámbito da investigación do que supoñían as Irmandades no político-lingüístico (González Reboledo, 1997, p. 49). Hai que destacar igualmente a importancia da revista *Nós* como aglutinadora de intelectuais, especialmente do grupo ourensán, e como xanela á sociedade do que facer do SEG.

Será tamén con esta institución, creada pola sociedade civil, cando a palabra “folclore”, sen desbotarse totalmente, deixe paso a de “etnografía”, así como a “cultura material”. E o que hoxe chamamos patrimonio inmaterial era entón cultura espiritual. Por antropoloxía entendían o que agora chamamos antropoloxía física. Hoxe, podemos dicir, que o que fixeron neses campos chamámoslle simplemente antropoloxía.

A xente do SEG quixeron facer unha etnografía actualizada, do xeito da que se facía noutras partes naquel tempo, polo que podemos dicir que lle debemos a posta ao día deste saber no noso país. Grazas ao seu traballo hoxe podemos falar de antropoloxía desde Galicia, pois temos unha tradición na que mirarnos. Como tamén procuraron crear ese ansiado museo e que non puido ser naquel momento. Nas súas Xeiras procura-

ban non só achegarse á realidade dunha comarca por medio do estudo das diferentes manifestacións, senón tamén recoller materiais para os fondos do museo que comezaran a facer e con escasos recursos.



Detalle dun espadeleiro procedente dos fondos do SEG

UN MUSEO DE GALICIA

A idea dun museo galego está presente desde os tempos do Rexurdimento, mais será especialmente co ideario das Irmandades da Fala cando se fale decididamente da necesidade dese museo. Será esta xente a que vexa esa necesidade para presentar a propia cultura, vendo no museo a institución precisa para axudar á normalización da cultura e como soporte dunha identidade colectiva, así como xerador de recursos de identificación e como un instrumento de promoción cultural. O museo tiña que ser o espazo reservado a representar as memorias e as identidades colectivas.

Esa necesidade dun museo víñase xerando nun contexto de ollada cara ao propio e co comezo dunha preocupación polo que hoxe chamamos patrimonio cultural. Podemos comezar por falar do fracaso da creación dos museos provinciais tras a desamortización dos bens eclesiásticos e a creación das Comisións de Monumentos Históricos e Artísticos (1844), fracaso que “deu pé a matinar na idea de crear un Museo de Galicia” (Fariña, 2004, p. 6), chamamento que se fai con motivo da *Exposición Regional* de 1858. Cara a finais do século XIX os diversos intentos, como o dun Museo Arqueolóxico de Galicia promovido pola Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago Compostela (1868), da Sociedad Arqueológica de Pontevedra ou da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, non callaron. Os museos provincias serán creados xa entrado o século XX. Polo tanto, a reivindicación desa necesidade estaba aí presente. Manuel Amor Meilán reclamaba un “Museo Gallego” onde admirar as obras dos artistas galegos e que deixen de seren descoñecidos na súa terra. Decía entón: “Seamos gallegos una vez siquiera, y procuremos rescatar lo que á nuestros artistas se debe” (Amor Meilán, 1987). Este autor non reivindica explicitamente un museo etnográfico, si un museo de ámbito galego con fondos diversos ao xeito dos museos nacionais e nos que a pintura ten un papel predominante.

As reivindicacións seguiron. Así, o etnógrafo Vicente Risco escribía un artigo nunha revista da emigración rio pratense, en *Céltiga*, e falaba da “arela” que facía tempo sentía “a xente que traballa no estudo do Pobo galego”, referindo o “imprendimento” que acometeu o Seminario de Estudos Galegos: “a creación dun Museo Etnográfico rexional, e que fora espresada moitas veces pol-os nosos escritores” (Risco, 1926).

A necesidade dese museo é reivindicada tamén con motivo da realización das exposicións de pintura galega que se celebrou na Coruña con motivo do congreso celebrado polo Instituto de Estudios Gallegos vinculado á Universidade de Santiago e da celebrada en Ferrol no ano 1922. A crónica do xornal *A Nosa Terra* (15/09/1922) fala do “silencio, pol-o paralizado en que s’atopa o proxeitado Museo galego que a Cruña tén a obriga de fundar e fomentar”, museo “onde teñan un lugar axeitado e honroso tantas e tantas produccions debidas aos nosos artistas, que agora

andan espalladas por moitos logares, por moitos currunchos, onde non hai facilidade para as estudar, nin é posibre que poidan ser admiradas pol-as xentes”.

A celebración da Exposición Regional Gallega de 1909 foi unha chamada de atención sobre o patrimonio cultural e a necesidade dun lugar que o prestixiara e preservara para a súa transmisión. Para Federico Maciñeira, un dos propulsores da presenza do patrimonio etnográfico nesta exposición, esta tiña que ser o primeiro paso dun museo que, despois, debería integrarse no da Sociedad Económica de Amigos do País de Santiago. Mais o patrimonio etnográfico “apenas tivo cabida na exposición”, que foi dominada pola “perspectiva das belas artes ou das artes suntuarias, valoradas pola calidade dos materiais e das feitura e pola súa antigüidade” (Sáenz-Chas Díaz, 2010, p. 224).

Houbo algunha outra iniciativa, como pode ser o Museo de Pías, que fundara Enrique Peinador, dono do balneario de Mondariz, na granxa de Pías, próxima ao complexo termal. Enrique Peinador era membro da Sociedad Arqueológica de Pontevedra e ao seu balneario acudían intelectuais e políticos, galegos e non galegos. A primeira referencia a este “museo gallego” está nun artigo de 1903 na revista *La Temporada*, editada desde o propio centro termal. Podemos considerar esta pioneira iniciativa, aínda que tiña tamén fondos arqueolóxicos, como o primeiro museo etnográfico de Galicia.

A iniciativa máis próxima aos intereses antropolóxicos aparece co Seminario de Estudos Galegos. Podemos dicir que a iniciativa do SEG, tanto no museo como no traballo etnográfico, converten aos obxectos da vida cotiá en testemuños da vida social das persoas que conforman unha sociedade. No fondo deste proxecto burbullla a idea de realzar o valor documental dos obxectos fronte aos estéticos, que eran por entón os predominantes no mundo dos museos, os que daban prestixio.


A documentación do SEG fala dun “Museo Etnográfico Galego” en 1926 (Mato, 2001, p. 56), e o xornal *A*



O museo do Seminario de Estudos Galegos

Nosa Terra recolle esta nova no seu número do 1 de abril de 1926, como tamén o recolle a revista *Nós*. Na prensa xa hai con anterioridade referencias ao que podemos considerar comezos desta colección. Así, no xornal *Galicia* (30/10/1924) lemos que a “Comisión directora del Seminario ha procedido estos días a la catalogación del museo que el señor Arias Sanjurjo ha depositado, con gran generosidad, en institución tan benemérita para nuestra cultura...”, e, un mes máis tarde (7/12/1924), xa anuncia o remate dese inventario e a chegada de novos fondos.

Mais o Museo, mellor sería denominalo como colección, comeza a coller forma a comezos da segunda metade da década de 1920. Será en 1926 cando se fale xa da súa instalación nun dos salóns da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago sita no pazo de San Clemente. Así no *Galicia* (12/03/1926) lemos que “se instaló el valioso museo etnográfico gallego, propiedad del Seminario” e que ía ser inaugurado o domingo 14 dese mes. Nese mesmo día farían o seu ingreso os poetas Victoriano Taibo, Gonzalo López Abente, Ramón Cabanillas e Antonio Noriega Varela. De momento os seus fondos e instalacións eran modestos, mais “en breve llegará a ser el tan ansiado museo etnográfico”. O xornal *A Nosa Terra* (1/04/1926) nun breve, e baixo o título “O museo etnográfico”, conta que “A noite inaugurouse no local do Seminario de Estudos Galegos o museo etnográfico galego. [...] Dado o entusiasmo que sinten os rapaces do Seminario, seguramente que este mu-



Colgante ou sapo procedente dos fondos do SEG

seo acadará en breve prazo unha grande importancia”. Había desexo de levar adiante este proxecto de museo dada a importancia que tería para a sociedade como centro educador e normalizador do patrimonio, así como para actualizar os estudos etnográficos. Queda claro que había un forte empeño e ilusión por crear ese museo etnográfico e que o tiña que facer esa xeración como queda narrado no número 28 da revista *Nós* (15/05/1926): “Con soila que se conseguira dotar â nosa Terra do Museu Etnográfico, o paso da nosa xeración non tería sido en balde”.

Realmente o “Museo” non existe como tal ata que no curso 1930-1931 se traslada ao Salón Artesoadado do Pazo de Fonseca “nunha padiola”, como contaba don Antonio Fraguas, e se forma unha comisión para organizar un museo etnográfico. Esta estaba formada, entre outros, por Vicente Risco, Filgueira Valverde, Martínez López e Castelao; dous anos despois se nomeará a Xesús Carro e Xaquín Lorenzo como os seus conservadores. Xaquín Lorenzo é unha das persoas máis vinculadas a esta iniciativa que transforma os

obxectos da vida cotiá da xente común en documentos que nos contan a súa historia e nos relacionan coa súa memoria, unha memoria que é social, non individual. Xesús Carro será nomeado director en 1933.

No “Museo” foron entrando fondos distintos, desde obras de artistas contemporáneos a material arqueolóxico ou etnográfico. Tiña que ser o “Museo de Galicia”, un museo nacional como había noutros países e onde tiveran cabida todas as producións da sociedade galega. Mais o material etnográfico tiña una presenza destacada pois estes podían plasmar mellor imaxes colectivas. Xaquín Lorenzo (1978, p. 52) fala doutra “interesante laboura” que se levaba a cabo no SEG, como era a “recolleita de obxectos de factura popular con vistas á organización dun Museo de Etnografía”. E dinos que foron moitos os que axudaron nesa angueira, destacando as maquetas de casas populares feitas na Escola de Artes e Oficios de Ourense. Estas maquetas fanse a partir dun traballo de campo que a sección de “Folklore” do SEG fai en Calvos de Randín “para estudalos tipos tradicionás de construción de casas que alí se conservan”, segundo conta a revista *Nós* no seu número 85. As maquetas están hoxe no Museo do Pobo Galego. Nas Xeiras tamén procuraban recoller material para o “Museo”. Así, na última, a que tivo lugar polas terras da Fisterra a comezos do fatídico mes de xullo de 1936, encargaron en Buño “una serie completa de piezas [de olaría] para que Buño esté representado en el Museo de arte poular” (*La Voz de Galicia*, 19/07/1936).

Como o SEG remata bruscamente en 1936, o seu “Museo” queda desamparado e as súas coleccións incautadas e arrombadas “en un cuarto trastero del mismo edificio”, segundo conta nunha carta (9/01/1943) o seu director, Xesús Carro, porque a Sección Femenina ía celebrar unha xuntanza en Santiago de Compostela e “ha elegido como local para las sesiones el salón” artesoadado onde estaban expostas as coleccións, no Pazo de Fonseca (Mato, 2001).

Mais a semente do SEG non morre e prenderá anos máis tarde agromando como Museo do Pobo Galego onde no seu discurso inicial se bebe da obra etnográfica do SEG, especialmente da de Xaquín Lorenzo, quen vai presidir o primeiro Padroado desta institución tamén creada pola sociedade civil. A Xaquín Lorenzo débemoslle ser o principal creador dos obxectos etno-



As maquetas realizadas por Vicente Fernández Hermida (ca. 1931) na sala de arquitectura do Museo do Pobo Galego

gráficos que hoxe enchen os museos desta categoría, pois os obxectos “normais” se converten en etnográficos en virtude de seren definidos, separados, polos etnógrafos (Kirshenblatt-Gimblett, 1998, p. 17).

Tras a Guerra Civil vén a longa noite de pedra e os museos, etnográficos e non etnográficos, pasan tamén por esa longa noite e non comezan a espertar lenemente até que o réxime franquista redescubre o Camiño de Santiago con motivo do Ano Santo de 1954 e seu potencial turístico. Entón comezan as recuperacións de determinados lugares. Un destes é O Cebreiro, onde se van restaurar varias pallozas, sendo unha delas destinada a Museo Etnográfico (1971) que, nalgún momento, tamén recibe o cualificativo de Etnolóxico. Detrás desta iniciativa está o crego Elías Valiña e Manuel Chamoso Lamas. Para este o museo tiña que recoller os valores representativos da “ancestral disposición constructiva y utilización [das pallozas]”, mais tamén exhibir “las distintas manifestaciones de la artesanía y utillaje de la comarca, constituyendo una muestra pura, respetuosa e inalterable, del cuadro de su apacible vida primitiva” (Chamoso Lamas, 1974, p. 36).

Chamoso Lamas ideará un plan de museos locais ou comarcais e enténdelos como unha “auténtica necesidad, para acoger las esencias del carácter [...]” das comarcas, distinguindo “tres medios de vida fundamentalmente diferenciados”, concretados como o da “vida en la montaña, la vida en el valle y la vida en la costa”. A cada un destes modos corresponderíalle un museo de “Arte y Costumbres Populares” para a “defensa y conservación de los valores del pasado” ante “la grave amenaza de desaparición de aquellos exponentes de los valores populares” (Chamoso Lamas, 1974, p. 34). O situado no Cebreiro sería o que correspondería ao modo de vida da montaña; o do val estaría en Ribadavia, e o da vida na costa tería que situarse no “más típico de los pueblos marinos de Galicia, Combarro” (Chamoso Lamas, 1974, p. 38); un cuarto, o “Museo del Traje Regional Gallego”, debería situarse en Betanzos, e que foi creado por decreto (10/10/1974), “disposiciones que toda la región ha celebrado por venir a satisfacer tan sentido y justificado deseo” (Chamoso Lamas, 1975, p. 350), mais non chegaría a concretarse como tal.

Neste tempo a etnografía a penas encontra espazo nos museos provinciais. Estes fondos podían aquí se-



Maqueta dunha palloza realizada por Vicente Fernández Hermida



Museo Liste

ren entendidos como menos interesantes que os arqueolóxicos ou de arte e aos que se lles busca un espazo fóra do edificio principal. Así o Museo Etnolóxico de Ribadavia foi creado para dar saída á sección de etnografía do Museo Provincial de Ourense e como museo con entidade administrativa propia en 1993 (Sierra Rodríguez, 2015, p. 21). Algo similar sucede co de San Paio de Narla (Friol). Non obstante os museos provinciais foron focos etnográficos e, caso de

Ourense, “a etnografía medra polo traballo de campo dos seus colaboradores” (Sierra Rodríguez, 2019, p. 204), pois aquí encontramos a Florentino López Cuevillas, Vicente Risco ou Xaquín Lorenzo, xente procedente do vello Seminario de Estudos Galegos. 1

Pouco máis destacable se pode sinalar para estes anos grises do franquismo, a excepción de algunha iniciativa parti-

Morto o ditador hai ansias recobradas e novos proxectos aparecen na liña do horizonte, nun intento de recuperar e normalizar a vida cultural e social. Este “clima de liberdade”, e despois de corenta anos de ditadura, é propicio a iniciativas como a do Museo do Pobo Galego (MPG); tamén pola ausencia dunha institución de ámbito galego que “recollese e estudase a cultura popular [...] inducida polo acelerado proceso de cambio económico, social e ideolóxico, que estaba a provocar o deterioro ou a profunda transformación dos trazos fundamentais da nosa identidade” (Museo do Pobo Galego, 1997, p. 12).

A aparición do Museo do Pobo Galego será un estímulo e modelo para outros museos, desde os de ámbito local aos creados en centros escolares. Moitas veces este estímulo só se queda nunha copia mimética que non transmite as vivencias relacionadas cos obxectos exhibidos.

No mundo escolar podemos destacar dúas iniciativas: as xurdidas nos colexios CPI Monte Caxado (As Pontes de García Rodríguez) e no CEIP Mosteiro de Caaveiro (A Capela), en ambos hai que sinalar o empeño dalgúns mestres para levar adiante experiencias sociopedagóxicas que frutificaron na creación de interesantes coleccións etnográficas. Destas coleccións, formadas en centros escolares do ámbito rural, agromaron o Museo Etnográfico Monte Caxado e o Museo Etnográfico da Capela. O primeiro perdeu agora a súa relación coa escola onde nacera, porque esta, ante a diminución da poboación na localidade, pechou en 2017; o segundo, segue mantendo a súa relación coa escola, mais logrou medrar fóra dela con tres novos elementos: Casa do Pazo, Parque Etnográfico do Sesín e Escola de Guitriz, cambiando en 2001 o nome de “colección” polo de “Museo” coa súa saída do recinto escolar. Ambos museos dependen dun padroado dos que forman parte os respectivos concellos. A musealización, especialmente no conxunto da Capela, está moi influída “por la secuencia temática marcada por los etnógrafos gallegos de referencia” así como pola “configuración formal que encontramos en varias salas del MPG” (Sierra Rodríguez, 2013, p. 125).

A finais do século pasado, Xosé Carlos Sierra Rodríguez (2000, pp. 454-455) falaba dun “intento de creación compulsiva de museos etnográficos”



Museo etnográfico da Capela

cunha intensificación posterior a 1980. A imaxe que proxectan estes museos, algúns promovidos polas administracións locais, reiteran a identificación entre patrimonio etnográfico e cultura rural, manifestándose o rural como un horizonte descontextualizado, reticente aos cambios e carente de límites espazo-temporais. Os elementos etnográficos que merecen a valoración patrimonial e museística son todos aqueles que dan testemuño dunha ruralidade incontaminada pola sociedade moderna. O espazo para os intentos de modernización tecnolóxica dados no agro galego, tanto nos anos anteriores a 1936 promovidos polo asociacionismo agrario, como durante a etapa de “desarrollismo” franquista, non existe. Aquí está a pegada da obra de Xaquín Lorenzo, especialmente de Etnografía: Cultura material (1962), onde describe os útiles agrarios en relación ao ciclo produtivo, esquecendo o proceso de renovación e introdución da maquinaria no agro, que fala da imbricación da economía labrega nas redes capitalistas e das estratexias de adaptación labrega a ela. Para Xaquín Lorenzo non hai dúbida de que as máquinas modernas, por exemplo as mallas, “alivian o traballo do campo”, e acabarán su-

plantando “pouco a pouco ó mallo que moi axiña será somentes unha lembranza”, mais tamén “desvencellan [a xente labrega] da terra ó fague-las anqueiras máis impersoás”. Entendía que as novas máquinas reducían os mecanismos de reciprocidade, as axudas e entreaxudas. Por iso os labregos, “de espírito tradicional”, ollaban con recelo os novos artilluxios (Lorenzo Fernández, 1962, p. 222). A excepción pode ser o Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria (MUVICLA), de Trasliste (Láncara) inaugurado en xuño de 2019. Neste contexto a etnografía semella que non ten nada que ver co mundo urbano e coa sociedade do presente, cando debería ser o seu obxectivo principal.

A partir da década de 1990, e debido ás axudas da UE encamiñadas a dar alternativas terciarias ao sector primario, os museos locais van salpicando o mapa de Galicia, moitos deles sen ningún proxecto inicial mínimo, sen estudos previos e sen persoal especializado ou nin tan sequera con persoal e, incluso, sen fondos, equiparando centro de interpretación dun elemento patrimonial con museo.

ETNOGRAFÍA E MUSEOS ETNOGRÁFICOS NO SÉCULO XXI

Agora, xa camiñando pola terceira década do século XXI e sobre pasado en medio século a orixe da nova museoloxía, deberíamos repensar de novo cal é o papel dos museos etnográficos na sociedade, de como mostrar a cultura, se teñen que ser centros arqueolóxicos, museos de obxectos ou de ideas, ou lugares de encontro e activación social; tamén si lle temos que seguir chamando etnográficos ou desbotamos definitivamente esta denominación, substituíndoa pola de etnolóxico ou, simplemente, pola de antropolóxico.

O que si está claro é que seguimos precisando os museos para garantir a reprodución cultural e para seguir construíndo memoria colectiva e camiñar como sociedade cara ao futuro, transmitindo ás novas xeracións os valores fundamentais do patrimonio cultural. Neste sentido o museo segue a cumprir unha función social importante, cal é a de interpretar o noso modo de vida en relación aos dos outros nun mundo cada vez máis interconectado e, en consecuencia, intercultural. No museo do século XXI o público visi-

tante ten que ser máis que iso, tería que ser participante. Hai quen fala do museo como espazo para soñar, compartir experiencias e quen de lugar de encontro e de soporte para o desenvolvemento comunitario.

Entendemos que un museo etnográfico ou etnolóxico ten que mostrarnos como somos no presente. Hai corenta e cinco anos cando se abriu o Museo do Pobo Galego era un museo de actualidade, un museo do presente para mirar ao futuro.

A Galicia de hoxe é distinta a aquela que saía da ditadura. O mundo rural perdeu o seu peso poboacional. Moitas aldeas quedan sen xente ou só con algunha persoa maior, perdendo vitalidade social. A maioría dos galegos e galegas viven, vivimos, hoxe en vilas ou cidades, aínda que moitos e moitas teñamos unha orixe no rural. As cidades xa non son aldeas grandes, como dixeran Otero Pedrayo de Compostela, son diversas e multiculturais. Ante este contexto preguntamos se un museo de etnografía debe seguir mostrando o pasado dun mundo rural e esquecer a unha inmensa poboación urbana e diversa nun contexto onde a interculturalidade é cotiandade.

Somos diversos e diversos na diversidade. A Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural da UNESCO (2001) equipara a diversidade cultural á biolóxica, como necesaria para a humanidade, como un patrimonio común da humanidade. A diversidade non se dá só entre diferentes comunidades, senón tamén dentro dunha comunidade.

Se acostuma a dicir que un museo é definido polas súas coleccións, mais podemos preguntarnos se un museo actual só ten que presentar obxectos do pasado. O museo tería que ser provocativo, tanto na exposición dos obxectos con museografías atractivas, como mostrar un papel activo na sociedade, reaccionando ante os acontecementos globais, con exposicións ou outras actividades, que sirvan para atender e entender as necesidades da comunidade. Usando os vellos obxectos e historiando as coleccións etnográficas se podería reflexionar sobre a sociedade actual, mirando ao pasado e ao futuro. Se non é así é que esta tipoloxía de museo está perdendo importancia e a sociedade deixará de entendelos como útiles e daralle as costas.



Convento de San Domingos de Bonaval, sede do Museo do Pobo Galego

Bibliografía		
AMOR MEILÁN, M. «El Museo Gallego» <i>Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales</i> , 119, A Habana, (1887, 7 de agosto), 3-4.	loxía de Galiza, Vigo, Nigratrea, 2010, pp 201-210.	en <i>Exposición Galega de 1909. Conmemoración do 1º Centenario Exposición Regional Gallega. Santiago 1909</i> , Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, Museo do Pobo Galego e Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”, 2010, pp. 221-231.
CHAMOSO LAMAS, M. «La creación de Museos de Artes y Costumbres Populares en Galicia», en <i>Actas del II Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares</i> , Zaragoza, Institución Fernando El Católico, 1974, pp. 33-41.	KIRSHENBLATT-GIMBLETT, B., <i>Destination Culture. Tourism, Museums and Heritage</i> , University of California Press, Los Ángeles, 1998.	SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. «Patrimonio Etnográfico en Galicia. Procesos de patrimonialización en Galicia», en X.M. González Reboredo (coord.), <i>Proxecto Galicia. Antropoloxía</i> , A Coruña, Hércules de Ediciones, tomo XXIX, 2000, pp. 382-471.
CHAMOSO LAMAS, M. «La creación del Museo del Traje Regional Gallego», en <i>Actas del III Congreso Nacional de Artes y Costumbres Populares</i> , Zaragoza, Institución Fernando El Católico, 1975, pp. 327-350.	LORENZO FERNÁNDEZ, X. <i>Etnografía: cultura material</i> , en R. Otero Pedrayo (dr.) <i>Historia de Galiza</i> , vol II, Bos Aires, Edicións Nós, 1962.	SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. «El museo etnográfico: su prolongada adaptación a la crisis. Experiencias en Galicia», en I. Arrieta Urtizberea (ed.), <i>Reinventando los museos</i> , Bilbao, Universidad del País Vasco, 2013, pp. 107-146.
FARIÑA BUSTO, F. «A creación dun museo», A Nosa Terra. <i>Cadernos de Pensamento e Cultura</i> 30 (2004), 5-9.	LORENZO FERNÁNDEZ, X. «A Seición de Etnografía do Seminario de Estudos Galegos», en <i>Testemuños e perspectivas e homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos</i> , Sada, edicións do Castro, 1978, pp. 47-52.	SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. «Imágenes y representaciones culturales en los museos de Galicia». <i>Revista Andaluza de Antropología</i> 9 (2015), 16-51.
GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. «Do nacemento do folklore ós nosos días», en <i>Galicia. Antropoloxía</i> , A Coruña, Hércules Ediciones, 1997, pp. 36-67.	MATO, A. <i>O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento</i> , Sada, Edicións do Castro, 2001.	SIERRA RODRÍGUEZ, X. C. «A patrimonialización e a musealización dos bens etnográficos en Galicia. Pasado, presente e porvir», <i>Boletín da Real Academia Galega</i> 380 (2019), 199-221.
GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. «Historia da Antropoloxía», en X. R. Mariño Ferro e X. M. González Reboredo, <i>Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza</i> , Vigo, Nigratrea, 2010, pp 201-210.	MUSEO DO POBO GALEGO, <i>Museo do Pobo Galego 1977-1997</i> , Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 1997.	
	RISCO, Vicente «Da renacemento galega. Do Museo Etnográfico», <i>Céltiga</i> 37-38 (1926), 55-56.	
	SÁENZ-CHAS DÍAZ, B. «A presenza do patrimonio etnográfico na Exposición Regional Gallega de 1909»,	



PARROQUIA DE VELLE

Un texto fundamental
do Seminario de Estudos Galegos:
unha ollada parcelaria

Xosé C. Sierra Rodríguez

Dos Padroados do Museo do Pobo Galego
e da Fundación Vicente Risco

Fóra das numerosas achegas realizadas para examinar e valorar o traballo investigador do Seminario de Estudos Galegos¹, é moito aínda o que se pode dicir e valorar daquel magno proxecto cultural e científico, tanto na súa contribución como conxunto como nas súas aportacións individualizadas. Nós mesmos procuramos, en traballos anteriores, comprender o que supoñen, desde a perspectiva de hoxe, traballos específicos e figuras concretas da traxectoria enguedellada entre o programa de Nós e a estrutura institucional do SEG.

Parroquia de Velle, publicación que revisitamos nestas páxinas constitúe unha obra cimeira do Seminario que, pola súa densidade e complexidade, admite, e demanda, numerosas e sucesivas análises oitenta e sete anos

despois da súa publicación. Non pretendemos neste pequeno artigo tratar en toda a súa complexidade unha obra que merece un exame e, por que non?, unha reivindicación como peza fundamental da historia da etnoantropoloxía de Galicia. Detémonos aquí e agora en varios aspectos sectoriais do libro, centrados fundamentalmente en varios epígrafes do mesmo que encaixan doadamente no campo da antropoloxía social. Nun traballo anterior² escribíamos que Parroquia de Velle cumpre doadamente o programa investigador trazado polo SEG e faíno de maneira moi destacada; a fondura no tratamento dos apartados temáticos e o enfoque dado a cuestións escasamente consideradas daquela neste tipo de estudos en Galicia fan da monografía editada en 1936 unha peza estratéxica para os estudos etnográficos en Galicia e

sobre Galicia. Noutros traballos posteriores³ indicabamos que Parroquia de Velle supuña un punto de inflexión, falta de continuidade na etnografía practicada despois da guerra civil, e situaba a López Cuevillas, a Xoaquín Lorenzo e a Fernández Hermida no cumio da investigación galega contemporánea neste campo.

A presenza de López Cuevillas como coautor, inspirador e orientador da obra antóllasenos esencial e a influencia de Otero Pedrayo decisiva no protagonismo concedido ó territorio como operador necesario na organización social do espazo. Igualmente a pegada decisiva de Vicente Risco asomando cotexamos a distribución temática das dúas publicacións cimeiras, *Terra de Melide* (1933) e *Parroquia de Velle* (1936), e sinalamos as semellanzas e as diferenzas visibles entre

1. A ollada de conxunto máis completa ata hoxe é a de Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos, na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edicións do Castro.

2. Sierra Rodríguez, Xosé C. (2004): "Parroquia de Velle. no recanto dunha antropoloxía social". *La Voz de Galicia*, Letras Galegas, 4 de maio.

3. Sierra Rodríguez, Xosé C. (2020): "López Cuevillas, etnógrafo". En: *Arqueoloxía do noroeste peninsular en tempos de Nós*. Ourense: Xunta de Galicia; Sierra Rodríguez, Xosé C. (2021): "Xoaquín Lorenzo Fernández. Etnógrafo de seu", En: *Xocas revisitado. Lembranza de Xoaquín Lorenzo Fernández*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

os respectivos índices xerais, os capítulos e as epígrafes máis significadas das dúas monografías e estendemos logo tal cotexo coa primeiramente editada, *Vila de Calvos de Randín* (1930). Destaca a nidia correspondencia entre Melide e Velle e as diferenzas observables en Vila de Calvos. Obrigado é dicir que esta última configurouse como un traballo de menor extensión centrado nun pequeno territorio da limia eminentemente rural e carente da complexidade dunha ampla comarca (a terra de Melide) ou da singularidade que caracteriza a unha parroquia (Velle) situada na contorna territorial dunha capital de provincia e significada por pertencer esta parroquia a un espazo vitivinícola do val do Miño. En todo caso, a elaboración gradual e continua de esquemas asociados ó labor de campo, traducibles logo nun plano de capítulos e epígrafes para a redacción dos traballos e para a sistematización da información etnográfica recoleita foi perfilando os programas destes estudos multidisciplinares e das xeiras de campo necesarias para a tarefa investigadora.

Nota sobre a xestación de Parroquia de Velle

Pola correspondencia mantida entre os autores destas monografías, sabemos que dous anos antes da súa edición o libro *Terra de Melide* estaba redactado, sufrindo unha demora porque Taboada Roca, responsable da redacción das “Notas históricas” non tiña en marzo de 1931 entregado o seu texto;

sabemos tamén que ese mesmo ano os autores de *Parroquia de Velle* estaban metidos de cheo na súa preparación, como consta nas páxinas desta obra referidas a datos tomados entre 1929 e 1931. Nunha misiva remitida con data de 21 de outubro de 1931, Cuevillas, seu remitente, agrádecelle a Bouza-Brey o envío dunha información documental sobre Velle, indicando que dispón de documentos sobre a Desamortización, que afectan a Velle, en poder de Vicente Risco. O 17 de xaneiro de 1932, coméntalle Cuevillas a Bouza-Brey que ten “*xa moi adiantado o capidoo da historia de Velle que coido quedará presentabele*”, engadindo na mesma epístola que “*En canto me desocupe do de Velle e corrixa as relixións ocupareime asiduamente do Nós e dareille carne prehistórica. Palabra de home*”. Acláralle Cuevillas a Bouza que fala da relixión castrexa, probablemente o material para o traballo que preparaba en colaboración con Rui Serpa Pinto sobre a Idade do Ferro no noroeste península⁴.

Noutra carta datada o 4 de maio de 1935, enviada a Felipe Cordero Carrete⁵, indícalle Cuevillas que a parte primeira do libro *Parroquia de Velle* está piques de se imprentar, polo que solicita o prace do Seminario para comezar a impresión da segunda parte, centrada na “Vida material” e que terá un custe semellante á parte primeira. Engade que os outros dous capítulos –“A vida social” e “A vida espitual”– suporán un custe sensiblemente menor por non precisar de ilustracións⁶.

A edición de obras do SEG constituía unha aventura polas dificultades loxísticas, financeiras e de preparación dos textos, labor e tempo xenerosamente entregados por persoas que non percibían emolumentos polo seu traballo a prol das tarefas investigadoras e xestoras daquela institución. O 24 de decembro de 1935 escríbelle Filgueira Valverde a Cordero Carrete unha carta relativa a varias publicacións previstas para o ano 1936, entre elas o número 7º da revista *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* (ASEG) dedicado á figura de Eduardo Pondal, o libro *Parroquia de Velle*, un *Cancioneiro musical escolar* da autoría de Bal y Gay, a magna obra *Cruces de pedra na Galiza*, de Castelao, unha antoloxía da lírica galega da autoría do propio Filgueira e outros traballos pendentes. Soamente viu a luz antes do golpe militar franquista *Parroquia de Velle*. Entre a carta citada de xaneiro de 1932 e a edición efectiva de *Parroquia de Velle* transcorren tres anos e case catro meses.

Parroquia de Velle. Obra do Seminario

Achegámonos neste breve artigo á dimensión social dunha obra precisa, centrada e doadamente traballada, quizais o paradigma dunha monografía etnográfica entre as numerosas publicacións saídas daquela factoría científica e cultural chamada Seminario de Estudos Galegos. *Vila de Calvos de Randín*, *Terra de Melide* e *Parroquia de Velle*, así

como a documentación inédita resultante doutras xeiras e proxectos desenvolvidos polos equipos do SEG⁷, configuraron programas ambiciosos con enfoques metodolóxicos innovadores e cun horizonte de traballo multidisciplinar, base, sen dúbida, dun labor individualizado que, desmontado e incautado o SEG polas autoridades franquistas en 1936⁸, contará, andados os anos corenta do século XX, co Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (IPSEG), dependente do CSIC, e, noutro plano, coa editorial Galaxia, iniciativa que arrinca en 1950 para defender e difundir o proxecto galeguista desde a fronte cultural. Se ben, a complexidade institucional, o substrato moral e os obxectivos dunha entidade orientada á acción científica e patrimonial, terá nidio reflexo en 1976 coa creación do Museo do Pobo Galego, aberto ao público en 1977⁹.

A dimensión social, concibida baixo os parámetros antropolóxicos *sensu lato*, reflíctese en *Parroquia de Velle*, tamén en *Terra de Melide* e, como ensaio parcialmente desenvolvido, en *Vila de Calvos de Randín*. En *Parroquia de Velle* tal dimensión logra un perfil moi singular que cómpre examinar e destacar. Segundo temos sinalado, a monografía de Velle reproduce nidiamente o esquema utilizado para *Terra de Melide*: a Terra e a Historia como marcos vertebradores e referentes explicativos do presente etnográfico, subordinado sempre ás

condicionantes xeográficas previas e ó devir do tempo histórico deseñado pola Igrexa como arquitecta do territorio e pola fidalguía exercendo a súa función de estamento/clase subordinada e intermediaria.

Cuevillas, Lorenzo e Fernández Hermida presentan esta parroquia da contorna urbana de Ourense como un territorio que experimenta unha mudanza baixo a cal aflora o contraste de racionalidades: a campesiña dunha parroquia rural e a mercantil e industrial, que se desenvolve no espazo urbano.

Cómpre lembrar a figura de López Cuevillas, certeiraamente examinada por Otero Pedrayo¹⁰, para considerar a mente dunha persoa formada na disciplina do método científico e no labor ordenado dun funcionario da Facenda pública. Otero lémbra-nos a súa curiosidade polas taxonomías, pola botánica e a farmacopea –non esquezamos o perfil intelectual dun licenciado en Farmacia-, e, en xeral, a admiración polas ciencias naturais. Non resulta alleo ó pensamento dunha persoa con este perfil o intento de achegar unha descrición e unha avaliación cuantitativas e as cautelas para facelo cando non dispón dos datos acaídos. Naquel marco, os autores apuntan cuestións de orde cualitativa –moito máis axustadas, por outra banda, ao que resulta canónico na observación etnográfica- que resultan abondo ilustrativas da situación de Ourense e da súa contorna.

Os capítulos "A Xente", "A Vida material" e "A Vida social" conforman un ensaio denso e complexo de observacións e descricións, soporte documental dun relato etnográfico que nutre unha perspectiva antropolóxica, necesitada de análises e de valoracións continuas oitenta e sete anos despois da publicación deste libro.

A Xente de Velle, segundo os autores de Parroquia de Velle. Apuntamentos demográficos

O capítulo *A Xente* entra no campo sociodemográfico, explorando os distintos núcleos da xeografía parroquial para calcular, sobre o censo accesible no momento da redacción, o número de familias, a poboación diferenciada por sexos e o promedio de habitantes por grupo familiar:

Asegún as cifras do censo xa citado do 31 de Nadal do 1930, téñ a parroquia de Velle 1.072 habitantes de feito, diles 543 homes e 529 mulleres, e 1.090 de dereito, dos que 561 son homes e 529 mulleres.

Agrúpanse istes habitantes en 229 familias, distribuíndose por lugares uns e as outras da maneira seguinte [...]:

(p. 35)

4. López Cuevillas e R. Serpa Pinto (1934): “Estudos sobre a Edade do Ferro no noroeste da Península. A Relixión”. *Archivos do Seminario de Estudos Galegos* (ASEG), tomo VI, pp. 295-370.
5. Membro da Comisión Directora do SEG desde 1933, co cargo de Depositario na etapa republicana do Seminario. As cartas de outubro de 1931, de xaneiro de 1932 e de maio de 1935 foron publicadas recentemente: Rodríguez González, Avelino e Xulio Rodríguez (2020): *Epistolario Cuevillas e cos seus contemporáneos*. Ourense: Xunta de Galicia; a de Filgueira Valverde a Cordero Carrete, de decembro de 1935, publicada por Mato, Alfonso (2001): Op. cit., pp. 104-105.
6. Certamente, a cuarta e última parte apenas leva ilustracións, excepción feita das dúas primeiras epígrafes –*Artes populares* e *Xogos*- acompañadas de 7 figuras debuxadas, a primeira, e de 9 debuxos esquemáticos moi sinxelos, a segunda epígrafe. A terceira parte si leva ilustración “pesada”- 4 láminas fotográficas distribuídas en dúas páxinas- na última epígrafe dedicada á *Festa*.


7. Caso de Terra de Deza e de Fisterra. García Martínez, Carlos (1982): “A semente do Seminario de Estudos Galegos”, *La Voz de Galicia*, 30 de xuño.
8. Mato, Alfonso (2001): Op. cit., pp. 132-133 e 293-335
9. A respecto da xenealoxía SEG-MPG, cómpre a consulta de A Nosa Terra, *Cadernos de Pensamento e Cultura*, nº 30, 2004, coordinada por Francisco Calo Lourido. Interesa, neste caso a entrevista de Xan Carballa a Carlos García Martínez e a Justo Beramendi, así como as achegas de Francisco Fernández Rei e de Francisco Calo. Nós mesmos temos incidido nesta cuestión: Sierra Rodríguez, X. C. “Justo Beramendi e o Museo do Pobo Galego. Unha reflexión”, En: *Justo Beramendi. Galego por elección*. Santiago: Museo do Pobo Galego. O vencello SEG-MPG recólleo na súa tese de doutoramento Braña, Fátima (2008): *O Museo do Pobo Galego: contedor de valores*. A Coruña: Fundación Antonio Fraguas-Museo do Pobo Galego, pp. 39-54.
10. Otero Pedrayo, Ramón : *Florentino L. Cuevillas. Conciencia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia, 1980. A dimensión ideolóxica, como as crenzas, de López Cuevillas foron examinadas por Casares Gándara, Juan M. (2011): *O pensamento político de Florentino López Cuevillas*. Ourense: Duen De Bux (particularmente o apdo. II da Parte segunda).

A relación entre nacementos e defuncións –movemento de poboación– e da dinámica demográfica resultante tómanse dos libros parroquiais de 1929 e 1930, facéndose unha clasificación dos falecidos por tramos de idade e dando conta das causas clínicas (xenéricas) dos pasamentos, cuxa fonte informativa non se cita:

Distribuíndose as doenzas que ocasionaron as defuncións do xeito seguinte: neumonía, 7; bronconeumonía, 4; bronquitis, 4; miocarditis, 3, cancer, 2 [...] (p. 37)

Logo de calcular a densidade media de poboación na parroquia, calculada en 200habs/Km², e o medre da poboación en 30 veciños no período bianual de 1929-1930, cálculo realizado segundo o diferencial de nacementos e pasamentos, avanza o cativo diferencial entre a poboación de dereito e a de feito, fenómeno que, para os autores da obra, explica a reducida taxa migratoria da parroquia, que atribúen á veciñanza de Velle coa capital provincial:

A escasa diferenza entre as cifras de poboación de feito e de dereito, dicenos que son poucos os homes e menos as mulleres que abandonan as súas casas en busca de mellor fortuna, indicando iste dato [...] unha economía que se desenvolve doadamente [...] refreándose así mesmo iste relativo acomodo en certas particularidades do tipo físico como imos ver [...] (p. 37)



Debuxo do lavadeiro. Parroquia de Velle, p. 101

Antropoloxía e paleoantropoloxía física. Breve digresión

Esta monografía concédelle neste mesmo capítulo –“A Xente”– unha epígrafe –O tipo físico– aos trazos somáticos dos habitantes de Velle, nunha digresión medida e condensada de antropoloxía física, inusualmente considerada nos traballos etnográficos de Nós e do SEG. Sorprende, inicialmente¹¹, que uns autores que prestaron especial atención á dimensión étnica (incluída a parcela racial sintetizada no “celtismo”) excluían as descrições antropofísicas nos estudos de zona ou de caso acometidos. Por iso, e por outros enfoques dos que falaremos, *Parroquia de Velle* é unha excepción que cómpre subliñar, se ben cómpre sinalar que a monografía anterior, *Vila de Calvos de Randín* (1930), asinada tamén por Cuevillas e Xaquín Lorenzo, dedícalle un curto parágrafo a esta cuestión. Certamente, López Cuevillas, o autor de referencia nesta obra redactada a tres mans, vai focalizar, despois da guerra e ata o seu pasamento, todo o seu labor investi-

gador nos estudos arqueolóxicos e a cuestión da identificación do suxeito etnohistórico de Galicia será un tema recorrente e fundamental na súa obra. Quizais iso explicaría o motivo para tratar o aspecto físico da poboación de Velle, aínda que tal sospeita non resulta suficientemente convincente, porque outras perspectivas abundarían para emitir unha hipótese alternativa. Eles confesan a carencia de soportes teórico-metodolóxicos para enfrontar un estudo antropofísico concluínte e a falla de instrumentos antropométricos para a toma de datos:

Debemos advertir denantes de cousa ningunha que as observacións que agora consinaremos, e que a falta doutros méritos teñen o de haberse estendido a un número considerable de individuos, foron feitas sen utilizar escalas de pigmentación, sen axuda de aparatos antropométricos [...] aproveitando soio pro relativo á talla as medicións de quintas de tres anos consecutivos. O noso coñecemento da técnica e dos métodos de

antropometría non pasa de rudimentar [...] Conste polo tanto que moito do que agora digamos é resultado de un exame impresionista e que o expomos cas reservas necesarias. (p. 37)

A procura dunha explicación histórica para o cadro fenotípico local establecido en Velle esixe unha excursión polo pasado prehistórico e antigo. O horizonte neolitizador dá conta da hipótese a favor do compoñente mediterráneo e recórrese aos restos físicos de Muge para identificar o substrato común que val para galegos e portugueses e non se refuga unha koiné peninsular e sudeuropea de tipos dolicocefalos descritos para o sur de Francia¹². O celtismo, co tempo matizado en Cuevillas, constitúe un magma que, de achegar compoñentes raciais, estas serían nórdicas, como nórdicas son igualmente para estas autores as pegadas suevo-visigóticas:

Poderíamos supor que o fondo moreno está constituído polos descendentes dos homes de Muge e dos neolíticos de Baumes-Chaudes, xa que istos últimos semellan ser os predecesores dos actuais mediterráneos que predominan na Península. E para espricar as pigmentacións craras e a oscilación das tallas sería lexítimo que pensáramos nos nórdicos, que seguramente habería entre os celtas, nos suevos e visigodos. Mais, denantes da chegada dos celtas, non existirían xa tipos loiros na Galicia? (p. 39)

O desenvolvemento dos estudos de antropoloxía e paleoantropoloxía física en Galicia tivo unha figura relevante, Modesto López Teijeiro, asasinado polos franquistas ós 27 anos en plena xuventude e autor de dous traballos de singular relevancia, un publicado na revista *Nós*¹³ e outro, póstumo, editado en 1965 na revista *Vieiros*, editada en México, 30 anos despois da exposición oral presentada nunha conferencia polo seu autor en Ourense. Significativamente este segundo traballo de López Teijeiro converge nas súas conclusións co expresado polos autores de *Parroquia de Velle*: a heteroxeneidade dos fenotipos raciais atribuídos por Teijeiro e polos asinantes de Nós procede da mestura de xentes e pobos chegados ao noroeste peninsular no decurso da historia. A condición de prehistoriador de López Cuevillas e a concepción destas monografías como estudos totalizados, cousa asumida polos discípulos e colaboradores nesta obra, xustifica o tratamento, aínda que sumario, dun aspecto relevante para comprendermos a xénese da etnicidade galaica. Cómpre sinalar, por outra banda, que o termo *antropoloxía* remitía, para Cuevillas, seus colegas e os discípulos, á antropoloxía física.

A xente de Velle. Perfil moral

A terceira epígrafe do capítulo “A Xente” retorna ao camiño do social enfocado para describir os trazos caracterolóxicos das persoas da parroquia. O título desta epígrafe – *As ideas e o carácter*– define a inten-

ción dos autores de sinalar os trazos observables na conduta dos habitantes de Velle. O enfoque que se lle dá nesta monografía a esta cuestión responde ao perfil simbólico-moral, un xeito de etopea ou fisionomía moral, dos veciños deste territorio que conxuga valores, actitudes e disposicións encarnadas nun xeito singular de vivir a condición campesiña nun territorio liminal e nunha experiencia sociocultural de mudanzas. Á marxe dos capítulos relativos á vida social e á vida espiritual, distínguese esta monografía polo tratamento singularizado da personalidade das xentes da parroquia, que opoñen os feitos de costume ás predisposicións sensibles á modificación do “habitus” campesiño. A personalidade da veciñanza de Velle descríbese como un enfrontamento entre o marco das ideas e universo das crenzas, o que leva aos autores da obra a se interrogar sobre a permanencia do herdado fronte á incorporación do adquirido ou do recentemente coñecido:

O vento de rebeldía e de desconformidade que remove dende hai anos o campo galego, sopra polo tanto eiquí con maior forza que noutros lugares, e a pouco que se observe, nótese que sobre o fondo aldeán acougado, vagaroso e pouco plástico, foi imprimindo o obreirismo marxista da cibdade algunhas das súas modalidades. Ora, deica que punto as ideas recién adquiridas modificaron a mentalidade tradicional? Non é doado sabelo. (p. 40)

11. Ademais do indicado nas liñas finais deste parágrafo, a falta de institucións e de investigadores debidamente formados explica a escaseza de traballos nesta parcela.

12. Sen dúbida López Cuevillas coñeceu un traballo clave para esta cuestión, da autoría dunha figura relevante da investigación portuguesa: Mendes Corrêa, Antonio A. (1918): “Estudos de Etnogenia Portuguesa. Os habitantes primitivos do territorio”, *Terra Portuguesa. Revistas ilustrada de Arqueologia Artística e Etnografía*, nº 24, janeiro, pp. 236-240.

13. López Teijeiro, Modesto (1933): “Investigacións etno-morfolóxicas antre a poboación do Ribeiro de Avia”, *Nós*, nº 114, xuño; e López Teijeiro, Modesto (1965): “Ensaio de tipoloxía galega”, *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*, nº 3, outono (traballo póstumo citado). A figura de López Teijeiro foi glosada recentemente por Fariña Busto, Francisco (2018): “Modesto López Teijeiro (1910-1937)”, *ADRA*, nº 13, pp. 57-61.

A fecundidade antropolóxica dos parágrafos redactados para este apartado seméllasenos indiscutible e un fito singular para a etnografía dos autores formados no grupo Nós e encadrados logo no SEG. Fálase de sociedade, alúdese ao xénero, establécese o vínculo entre a contorna rural e a cidade e o cambio como acción procesual é percibido e contado.

En Velle abonda moito o tipo mixto de obreiro e campesiño. Pola mañán cedo e ao aparecer a estrada anímase ca presenza de grupos de homes que van e voltan de traballaren n-Ourense e cuio porte e roupa denuncia o labor a que se entregaron durante as oito horas de xornada regramentaria. Véñse albañís, metalúrxicos, canteiros, carpinteiros [...].

(p. 40)

E os autores inciden na busca de explicacións para aquilo que detectan, procurando ver e salientar as contradicións que observan nas declaracións e nos comportamentos:

Óvese falar de igoaldade económica, de reivindicacións clasistas e aínda de comunismo. Óvense frases despectivas pro clero e afirmacións materialistas e antirreligiosas. Mais non hai que fiar moito nistes ditos, porque apurando as preguntas e afondando unha

miga nos inquéritos, resulta que o comunismo de moitos redúcese a certos postulados sobre a función social da riqueza, que suscribiría calquer sindicalista católico, e resulta así mesmo que o materialismo de outros, non lles impide pagar a cota da irmandade parroquial encargada de ter sufraxios polas almas dos asociados difuntos, e que a irrelixiosidade dalgúns non é obstáculo para que fagan romaxes piadosos se os ataca algunha doenza.

(p. 40)

A cita precedente é abondo reveladora do cruzamento do método etnográfico coa posición (ideolóxica) dos etnógrafos observadores a respecto das cuestións examinadas e da relativización da información que recollen, mesturada nun xogo moralizador que destaca as contradicións político-ideolóxicas dos observados¹⁴. Ao tempo, salientáanse feitos e actitudes que reflicten a conxugación de posicionamentos diversos (e diverxentes) das persoas en momentos de cambio e adaptación. A parroquia dos vivos adopta unha moral na que os novos intereses han convivir eficazmente coa conciencia longamente labrada a punteiro e maceta polo costume e o tempo. O inquérito, a conversa e a entrevista experimentan, en forma de dúbida ou de interrogación, a posición adoptada polo etnógrafo para transmitir o observado, condicionado necesariamente polas crenzas pro-

pias e polo conflito ideolóxico no que se moven as súas vivencias. O que vían e describían acontecía e semellaba irreversible.

Enormemente interesante esta apreciación que resulta, ao tempo, inusual e innovadora nas descricións etnográficas da época e nos textos producidos polo SEG. Tal interese débese á dimensión social do feito descrito e a relación dinámica que se establece entre campo e cidade. A pequena capital provinciana, que experimenta un crecemento urbano e vive unha propia e singular industrialización, constitúese nun xacemento de emprego para os habitantes da contorna rural¹⁵. Os oficios que perfilan un modelo mixto de obreiro-labrego son aqueles que poden ser demandados por varias das empresas industriais e comerciais localizadas na capital no primeiro terzo do século XX¹⁶. Esta dependencia –vista como asimétrica polos redactores de Parroquia de Velle–, que está na base do desenvolvemento e da organización territorial das cidades galegas no decurso do século XX foi doadamente estudada pola xeografía académica de finais do século XX, pero non ten encaixe nos autores de Nós e do SEG e, conseguintemente, nos traballos etnográficos realizados polos autores destas correntes despois de 1940.

A prevención dos descritores de *Parroquia de Velle*, nidia no texto desta epígrafe, a respecto das ideoloxías

de esquerda, proxéctase de xeito definido nas prácticas e crenzas relixiosas. A valoración do examinado e descrito reflicte que o que se somete a crítica moralizante é mais a compoñente “irrelixiosa” dos testemuños recollidos e non tanto a crítica social verbo da riqueza, tamén observada. Neste senso, fóra da diminución da crenza relixiosa, esta non conleva a deixación de prácticas rituais que se manteñen vigorosas aínda entre os veciños de Velle; mais os autores deste estudo fan constar o desleixo relativo que as cousas eclesiásticas producen no xénero masculino e tamén, en menor medida, no feminino. Constatan no relato etnográfico que mingua o aprecio do vedraño e do herdado, opostos ao progreso material que as condicións de vida olladas e experimentadas na cidade ofrecen. Apuntan o medre colectivo destes devezos e precisan que os mesmos non se explicitan igualmente na forma coma no fondo. Novas actitudes e novas ansias deixan ver unha mudanza cultural, agochada tralas actitudes e disposicións presididas polo costume:

É indudábele, así e todo, que isa arela, agora tan universalmente sentida, de pasalo ben co menor esforzo, prendeu en bastantes cerebros i-é tamén indudábele que as crenzas relixiosas non teñen a firmeza que tiñan en tempos pasados. Non se prescinde do crego nas tres ocasións solenes de baptizo, casamento ou morte, mais outras prácticas que a eirexa dá como obrigatorias, descóidanse por unha parte do sector masculino e aínda por algunhas

mulleres. Nótase unha especie de desencanto polas cousas vellas e nótase que apunta a esperanza nun vivir mellor, que ofrezca folganzas e comodidades. Esperanza imprecisa en canto aos meios de realizala, anque dende logo fondamente sentida por un número considerable de individuos.

(p. 40)

O perfil moral das xentes de Velle fica trazado neste escenario de cambios e contradicións, e a afouteza e a resiliencia do complexo credencial herdado mostran, na interpretación dos relatores deste traballo, a súa solidez:

Mais nin iste desacougo espiritual nin o confusionismo sorprendente que reina en moitas cabezas chegaron a desvirtuar a moral e o carácter das xentes que polo contrario aparecen eiquí moito máis limpos que noutros lugares de Galicia de traza mais anrega e de fisonomía menos misturada. [...]

(p. 40)

A ética do traballo mantense asociada aos tipos humanos que nesta coxuntura de cambio florecen en Velle, mercé ao enlace que a parroquia rural veciña establece coa cidade próxima. López Cuevillas, Xaquín Lorenzo e Fernández Hermida interpretan que nas xentes de Velle subxace, adaptada ás novas condicións e ás nacentes oportunidades, a cerna do patrimonio moral herdado. Emerxe aquí, con outro relato, a teoría das sobrevivencias que preside a lectura etnográfica hexemónica entre os autores ligados a Nós e ao Seminario¹⁷:

Homes e mulleres traballan sen descanso. Os eidos da parroquia cultívanse case escrusivamente a forza de brazo, cunha intelixencia e unha intensidade admirábeles. A terra está sempre abonada, remexida, esmiuzada e da froitos en todas as estacións. É corrente o caso do obreiro que denantes de ir ou ao volver de Ourense, agarra unha eixada e bota unhas horas labrando unha leira, e son moitas as mulleres que atenden ás cousas da casa e do campo, e que son ao mesmo tempo leiteiras ou lavandeiras ou van ao romper o día vender o rianxo no mercado da cibdade.

A institución familiar, apoiada en tales hábitos de laboriosidade, conserva case intacta a súa facies antiga.

(p. 40)

Os presupostos conceptuais e os marcadores ideolóxicos dos observadores asoman decote na descrición etnográfica, porque a ideación de Galicia articulada cognitivamente na obra intelectual de Nós e explorada nos estudos de campo do SEG debíase reflectir na realidade observada e descrita. O universo rural, configurado como encadramento da sociedade campesiña, e esta como suxeito histórico representativo da identidade propia e xenuína de Galicia, tiñan unha entidade de seu que nin as mudanzas observables disolvían. A itinerancia campo-cidade e o retorno cotiá non son quen de desfacer hábitos de raigame fonda entre o campesiñado, aínda que os seus integrantes desenvolvan

14. Para a conflitividade no ámbito do agrarismo e, concretamente, dos sectores republicanos-socialistas fronte ó sindicalismo católico, que asoma nestes testemuños de *Parroquia de Velle*, ver Soutelo Vázquez, Raúl (1995): “Alguns aspectos do movemento agrarista no concello de Amoeiro. 1910-1936”, En De Juana, J. e Castro, X. (dir.): *Aspectos históricos de Ourense, VIII Xornadas de Historias de Galicia*, pp.223-236. O marco contextualizador do nacionalismo e, concretamente, das figuras máis representativas de Nós a respecto do agrarismo témolo en Soutelo, Raúl (1999): *Os intelectuais e o agrarismo. Protesta social e reformismo agrario na Galicia rural: Ourense, 1880-1936*. Vigo: Universidade de Vigo.

15. Representativa do proceso industrializador ourensano foi a Fundición Malingre, correspondendo os anos descritos en *Parroquia de Velle* ao 4º período da Fundición, según Malingre Rodríguez, Ana (2021): *La fundición Malingre: historia y aportaciones al patrimonio artístico y etnográfico ourensano*. Tese de doutoramento. Universidade de Vigo.

16. Unha visión sintética e axeitada do Ourense deste período témola en Villares, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia (particularmente as pp. 403-407). Resulta de grande interese tamén a consulta de Somoza Medina, José (2002): *Ourense: la ciudad en el tiempo y en el espacio*. León: Universidad de León; e Somoza Medina, José (2010): *Historia de Ourense: acidade das Pontes e dios camiños*. Ourense: Duen de Boux.

17. Esta teoría foi amplamente analizada por González Reboredo, X. M. (1996b): “A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández”. En: A. Fraguas e X. A. Fidalgo (coords.), *Tecnoloxía tradicional. Dimensión patrimonial: Valoración antropolóxica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 26-27.

labores urbanas. O fenómeno da pluriactividade campesiña revive na simbiose rural-orbana e prevalece –esa é a mensaxe trasladada polos autores !!– a identidade campesiña fronte a unha nacente identidade urbana operaria. Traducen estes autores, nunha imaxe gabanciosa e nunha estampa idealizada, a relación asimétrica baixo a que se produce a subordinación da comunidade rural periurbana ante as familias burguesas e pequeno-burguesas da capital ourensá. Naturalmente, a gradualidade dun proceso longo e demorado que non conclúe ata o último terzo do século XX impídelle aos autores de *Parroquia de Velle* establecer outras análises e conclusións; cómpre non esquecer ademais que a disolución plenamente perceptible da sociedade campesiña é manifestamente visible no horizonte de 1960-70 e destas mudanzas e, mesmamente con outros enfoques, deron conta J. A. Durán¹⁸ e Raúl Iturra¹⁹, dispoñendo doutra perspectiva e aplicando metodoloxías histórico-antropolóxicas renovadas. J. M. Cardesín, nunha síntese sobre o enlace entre antropoloxía e historia²⁰ lémbra-nos o traballo de Rainer Bauer²¹ sobre o Courel, que encontra que os mecanismos do matrimonio, a familia e a herdanza son sensibles ás mudanzas nas condicións materiais da existencia e tamén á incidencia das políticas do Estado. Cardesín mesmo ten achegado análises críticas decisivas para comprender os procesos de cambio no mundo rural e na sociedade campesiña²².

Na mesma obra dirixida por J. A. Durán, o antropólogo William Christian²³ analiza o comportamento relixioso dos galegos dando referencias expresivas coherentes co apuntado polos redactores de *Parroquia de Velle* corenta anos antes a respecto tanto das prácticas e rituais que se manteñen, como das crenzas que se creban ou das confianza que declinan.

A vida (material) e a Economía

O capítulo “A Vida material” non presenta apenas, coa excepción da epígrafe *A Arquitectura*, solución de continuidade coa epígrafe anterior. As epígrafes tituladas *Os Oficios* e *A Economía* enlazan moi estreitamente cos perfís descritos dos veciños de Velle en *As ideais e o carácter*.

O traballo etnográfico de Velle describe o proceso de cambios que pasenionalmente vai experimentando Galicia e os habitantes do rural no decurso do primeiro terzo do século XX. Cambios máis acelerados e precoces nas parroquias e núcleos que, como aconteceu na parroquia ourensá indicada, lindan con vilas moi dinámicas ou con cidades. Nestes supostos a mobilidade laboral de homes e mulleres vai-se convertendo en mobilidade social, proletarizándose moitas destas persoas que poñen os seus saberes e destrezas ao servizo da burguesía urbana e vilega ou que especializan o seu oficio traballando por encarga para

empresas e vivendas da cidade. O caso dos canteiros, dos carpinteiros e ebanistas é sintomático, como expresivo é o xurdimento e a gradual expansión da albanelería para dar servizo a unha construción que combina a pedra e a madeira con outros materiais de fabricación industrial.

O considerado na epígrafe *A Economía* resulta, en parte, unha síntese ou conclusión do tratado en epígrafes anteriores, nomeadamente está dedicado a *Os oficios*, onde se definen os tipos sociais representativos dos distintos traballos e dedicacións e onde se ofrece unha visión da división técnica do traballo. Sinalan os autores deste libro que en todas as parroquias rurais hai practicantes de distintos “oficios e industrias, mais sempre en número moi escaso”, cuxa distinta en Velle, e indican:

En todas as parroquias rurais de Galicia hai xentes que exercen oficios ou industrias. En calquer núcleo aldeán poden encontrarse canteiros, carpinteiros, zapateiros ou ferreiros, mais sempre nun número moi escaso. En Velle, polo contrario, os homes que a mais de atender á labranza, con maor ou menor intensidade, gañan un xornal desempeñando un oficio, forman unha lexión bastante nutrida.

O tipo mixto de obreiro e labrego, que ten no campo a súa casa e os seus eidos e que baixa



LAMINA LI. – Xentes co traxe de traballo. O vello e o neno locen camisas de tira e os outros levan o chaleco posto por riba da camiseta de punto.

cotianmente a traballar na cibdade, é algo tan corrente que apenas hai familia na que non se atope representado. E iste tipo de obreiro distínguese con enteira craridade do obreiro de traza e raigame campesiña. Cobra en primeiro lugar un xornal máis elevado, exerce o seu oficio con maior constancia e menos intermitenzas, está máis desligado da agricultura e das súas faenas e ten por cabo outra técnica e outro estilo de traballo.

(p. 141)

Os exemplos que utilizan decote para comparar o labor dun carpinteiro, dun canteiro ou dun ferreiro de aldea fronte a estes outros que xorden na contorna da cidade son ben expresivos. Nunha análise etnohistó-

rica máis afinada, poderíamos dicir que a imaxe do artesan proporcionalda pola etnografía responde, en moitos casos, a tipos máis propios da vila e da tradición artesanal descrita nos obradoiros vilegos de filiación gremial. De maneira ben expresiva din:

Un canteiro de aldea pode erquir paredes de cachote, que admirarán polo tamaño das pedras e pola excelente trabazón e equilibrio do conxunto, mais será incapaz de adornar unha ménsula, un capitel ou unha cornisa. Un carpinteiro de aldea darase xeito para construír un hórreo ou arado e fracasará en troques se intenta fabricar un zócalo ou un artesonado e un ferreiro de aldea que gobernará perfectamente unha fouce, verase en grave compromiso se é

que trata de forxar unha porta ou unha reixa decoradas.
(p. 141)

Describen a oposición entre as destrezas do obreiro e as do obreiro de traza campesiña –o “milmañas” citado por Xaquín Lorenzo no tomo II da *Historia de Galiza* de 1962– e, seguidamente, os autores de *Parroquia de Velle* falan de adaptación, de cambio e de innovación, cruzando esta certa análise co fenómeno da emigración:

O obreiro que traballa no campo e pro campo é, en certo modo, un atrasado, un home que quedou preso ás formas tradicionais a cuio ámbito de expansión alcóntrase limitada á area da cultura rexional en que se desenvolve. O obreiro que traballa na cibdade e pra a

18. Durán, José Antonio (1978): “Outro proceso de cambio por derrubamento”. En: José Antonio Durán (dir. e coord.) *Galicia. Realidade económica e conflito social*. A Coruña: Banco de Bilbao, pp. 19-72.

19. Cómpre indicar que esta obra de Iturra –(1988): *Antropología económica de la Galicia rural*. Santiago: Xunta de Galicia–, aínda que editada en data tan serodia, foi elaborada con anterioridade con materiais de campo recollidos entre 1975 e 1978.

20. Cardesín, José María (2009): “Antropología e Historia de Galicia”, *Minus*, 17, 2009), pp. 167-190.

21. Bauer, Rainer (1983): *Family and Property in a Sapanish Galician Community*. Tese de doutoramento. Universidade de Stanford (ed. microfilmada).

22. Cardesín, José María (1999): “Mercado, Estado e Aldea: a construción do casmpesiñado en Galicia”. En: *Galicia fai dous mil anos: O feito diferencial galego*. III. Antropoloxía, vol. 1. Santiago: Museo do Pobo Galego, pp. 131-153.

23. Christian, William A., jr. (1978): “A relixiosidade popular hoxe”. En: José Antonio Durán (dir. e coord.) *Galicia. Realidade económica e conflito social*. A Coruña: Banco de Bilbao, pp. 535-552.

cibdade é en cambeo progresivo, un home que camiña cos tempos, que deprende e asimila innovacións, que sigue as modas e que pode voar [...] ca compañía das súas ferramentas a países ben arredados de Galicia.

O primeiro ten, polo seu senso tradicional do oficio que desempeña, un subido valor etnográfico e o segundo entra de cheo na grisura dos artífices industrializados. E a inmensa maioría dos obreiros de Velle clasifícanse no segundo grupo, xa que soio ocasionalmente realizan obras ás que poida atribuírse algo de sabor popular.

(pp. 140-141)

Neste último parágrafo asoma a concepción asumida nos textos da revista Nós e tamén nos traballos do SEG da etnografía como disciplina: a realidade existente no mundo labrego representativa da continuidade cultural do campesiñado como suxeito histórico, así como a equivalencia entre campesiñado e cultura popular.

A distinción entre os tipos de oficios, aqueles que expresan as formas labregas e populares e aqueloutros que xermolan canda o manexo de materiais industriais e ante as demandas da burguesía vilega ten no seguinte parágrafo unha definición nidia, da que non se exclúen o saber e a creatividade a el asociada. Tamén o desempeño de labores de atención ao público nos comercios mostra unha ruptura da imaxe masculina representada en Velle polo labrego viticultor. Aquí abrolla novamente a concepción, interiorizada daquela nos miolos dos autores da monografía e dominante nos esquemas da cultura patriarcal, dos xéneros masculino e feminino:

Nótese o certo instinto que encamiñou á maior parte destes homes aos oficios de introdución recente e que ofrecen mais seguro porvir. A albañilería, sen tradición nun país tan rico en pedra como é o noso practícanla 47 individuos, que semella adeviñaron as construcións de cemento e os pisos de trabes de ferro e de pequenas boutas de ladrillo, e aínda o exercicio da dependencia mercantil, primeira porta pola que se achegan ás farturas do comercio, foi aceptada por ó mozos de educación campesiña, apesares da quietude da tenda e das faenas meio femeninas do mostrador, que parece debería repunar a quen pasou os seus primeiros anos na amplitude varonil das viñas ribeirás.

(p. 142)

A perspectiva de xénero emerge nesta obra no marco da descrición das actividades sociolaborais e contextualizada no relato do vínculo e dependencia entre campo e cidade. Este relato fai fincapé na actividade desenvolvida por homes e mulleres na parroquia, diferenciando claramente os lindes de xénero. Fica claro neste percorrido o labor das Costureiras, demandado o seu mester nas casas da cidade e combinando o traballo a domicilio co traballo de encarga que executan nas súas propias casas. Aquí as referencias aos cambios son explícitas, subordinadas aos criterios, estilos, formas e técnicas dunha burguesía urbana:

Mais fora destes homes de oficio que traballan na cibdade, quedan homes e mulleres que exercen o seu mester na parro-

quia ou perto dela e cuio labor presenta un aspecto mais interesante. Referímonos ás costureiras, aos carreiros, ás lavadeiras, aos pescantiños de río, aos cubeiros e aos pedreiros das canteiras [...] Pasan de vinte as mulleres da parroquia que se adican ó oficio de lavadeiras [...] espelida, resolta, pronta na acción e na réplica, a lavadeira é un caso de dinamicidade [...]

Costureiras hai nove en toda a fregresía [...] Gañan, cando cosen no domicilio dos clientes, cinco réas a mantidas e cando cosen de encarga nas súas casas, cobran según a importancia do labor que les foi encomendado.

Istas costureiras xa non fan camisas riscadas, nin tallan refaixo, nin saben confeccionar botóns de fio. O seu traballo anda por completo ao estilo da cibdade, e aínda goza de maior estimanza a que millor certa a axeitarse ás modas urbás.

(p. 142)

Non deixan os autores de aludir ao aprecio que as habelencias destas destrezas producen entre a comunidade de Velle e o atractivo que exercen entre os varóns da parroquia, tanto como a envexa que provocan entre as outras mulleres. Aquí o imaxinario de xénero cumpre o patrón dominante nestas comunidades e o reparto de tarefas entre xéneros e idades. Tamén destacan as gabanzas xeneralizadas á costureira como un oficio depositario de habilidades manuais, imaxinación e memoria do saber popular:



LAMINA XXXIV. — Unha adega de Quintela. Frente a ela un carro con arca, da que se sacan as uvas por meio de cubos de metal.

Mais pese a semellante vulgarización do oficio [...] non perderon en Velle o seu prestixio antigo [...] Como noutro tempo son falangeiras e divertidas gustan aos homes e espertan nas mulleres [...] envexa tan ben expresada nista cantiga que ouvimos en terras de Melide.

*“Costureira bunita
ti que fas polo vrau.
Eu sachando no millo
E ti coa agulla na man”*

(p. 142)

Outra figura, a do Carreiro, que desenvolverá en traballos moi posteriores Xaquín Lorenzo²⁴ serve para enunciar outras características e singularidades dos oficios no medio rural:

[...] Se a costureira é a xentileza e a quietude, o carreiro é polo contrario a forza e o nomadismo. En Velle adícanse a este traballo catro homes que cobran a 15 pts por día de traballo, ou que axustan, según a distancia que han percorrer, o precio dos viaxes. Pra exercer o oficio precisan un carro [...], unha xugada de bois ou de vacas e cordas de esparto ou de xuncas pra amarraren a carga que pode ser viño, pedra, uvas, centeo, esterco, leña, terra, estrume ou herba.

E non se crea que o carreiro, apesares da súa aparente sinxeleza, carece de técnica.

Compre ter arte para apor e xunguir os animaes ao carro e para chamalos e para tocá-lles oportunamente coa aguillada. Precísase saber dispor a carga de modo que non vaia traseira nin dianteira, acomodala, ás veces, ás condicións especiais do camiño e ter maña pra sostela nalgún paso dificultoso. E o carreiro debe aínda comprender e estimar a súa xugada, adeviñando as súas necesidades, outorgándolle unha pausa se vai cansa, tornándolle as moscas polo vran con ramas de xesta ou follas de Carballo e dándolle a comida nos momentos precisos.

(p. 143)

24. Referímonos ao capítulo dos Oficios do tomo II da *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo, xa citado, e ao artigo (1974): “El carretero en la Limia Baixa”, *Boletín Auriense*, IV, pp. 159-166. O carreiro terá, coa chegada do ferrocarril, unha función relevante levando ás estacións e apeadeiros miñotos os bociños de viño: Domínguez Castro, Luís (1992): *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*. Vigo: Xerais, p. 131.

Os trazos que opoñen a masculinidade e a feminidade no aspecto e no traballo reproducense nas imaxes descritivas de canda seu xénero, trasladando os descritores a mentalidade hexemónica antes sinalada. As características da actividade, os servizos que presta, a rendibilidade do traballo, a utilidade do *carrexo*, os medios que se precisan ou as características técnicas da tarefa do carreteiro, todo iso conforma o relato do oficio baixo un criterio normativo na etnografía postulada e practicada polos autores do Seminario e asumida e xeneralizada, despois da guerra, entre os etnógrafos formados naquela institución.

A observación dos aspectos sociais na vida dos veciños de Velle segue na descrición doutras actividades e oficios que asumen as mulleres desta parroquia, concretamente as lavadeiras ou lavadeiras. Estas son observadas no seu comportamento e na súa adaptación ao espazo no que lles toca vivir. Móstranse as condicións sobrevidas das que se dedican a esta actividade e as relacións de intercambio, reciprocidade e conflito que se establecen entre as clientas urbanas que demandan os servizos das traballadoras rurais que os desempeñan:

Pasan de vinte as mulleres da parroquia que se adican ao oficio de lavadeiras. [...] A roupa que lava ten que ila buscar a Ourense en ten que entregala n-Ourense [...] percorrendo [...] unha distancia [...] de dous a cinco kilómetros. Xa na casa, ten que facer a deseiba, xabonando as pezas unha por unha e fregándoa debuzada sobre un río, unha regata ou un tanque, e despois ten que por o deseibado ao crareo nun campo ou noutro sitio apropiado.

Máis tarde debe ferver o líquido da colada, que leva auga fervendo, xabón ou boralla, e botarillo por riba ao cesto que contén a roupa, e debe por cabo pasar novamente por auga limpa todas as pezas e tendelas pra que sequen. Por outra banda a lavadeira está na obriga de preocuparse das nubes e do vento máis que un meteorólogo. Unha chuvia ou unha treboada que veñan a destempo poden interromper unha seca ou crareo e derramar o traballo de moitas horas. Un golpe de vento pode espaxar un tendal, envolver a roupa no chan e duplicar en secuencia a tarefa. O oficio require polo tanto xenio e arranque para batuxar na iauga, celeridade e decisión pra tender e recoller e boas pernas e folgos para camiñar ca carga co frío, con calor ou co que veña. A retribución non é grande, 16 ou 18 réas por cesto cheo ou cantidades variábeles cando o lavado axustase por pezas. E aínda hai que andar aturar as señoras.

As señoras son as burguesas da cidade [...] celosas defensoras do axuar doméstico [...] A perda dunha servilleta ou dunha camisa pode supor pra lavadeira un desconto considerable na súa retribución [...].

En ocasións [...] a frecuencia de trato chega a enxendrar, apesares das rífas e porfías, un afecto amistoso entre a lavadeira e a señora [...] A muller do campo [...] recibirá roupiña pros nenos, [...] E contará co apoio en calquer asunto en que se vexa metida e no que precise unha recomendación [...] a señora

terá en troques facilidade para traer da aldea algo [...] que non poida obterse no mercado [...].

(p. 143-144)

Esta descrición axustada e brillante do labor das Lavadeiras, do perfil social das mulleres implicadas e da tecnoloxía obrigada para o desempeño do oficio constitúen unha mostra senlleira dos estudos antropolóxicos do SEG e o relato trazado un exemplo non superado en moitos anos de descrición etnográfica en Galicia. A muller rural da periferia urbana establece un vínculo asimétrico coas mulleres da burguesía urbana, nunha nidia relación subordinada que confire ás beneficiarias destes servizos a posibilidade de impoñer as condicións para o desempeño do demandado. Certamente a lavadeira obtén, segundo os casos e segundo o vencello establecido, algunhas compensacións por parte das señoras para as que traballa.

A explicación polo miúdo da secuencia técnica a seguir polas lavadeiras forma parte da habelencia descrita, decote manexada tanto en traballos redactados naqueles anos –en plena xuventude– como nos publicados moitos anos despois, concretamente na síntese do tomo II da HG, de 1962, por parte de Xaquín Lorenzo Fernández, xa aludido anteriormente.

Resulta significativo que a epígrafe A economía peche o capítulo “A Vida Material” e debemos igualmente salientar a inclusión deste apartado que abunda na dimensión etnolóxica ou antropolóxica desta obra, aínda que os autores non incorporan esta epígrafe coidándoa propia da etno-

Lavadeiras na poza dun regato
ARG Col.Fot. 5439



grafía, senón dunha disciplina autónoma de contidos obrigados para comprender a realidade “total” do territorio escolleito para esta monografía:

Podería ser iste capítulo un dos máis importantes do presente traballo se dispuxéramos para enxergalo do indispensable caudal de datos estadísticos. A economía galega comenza agora a ser estudada, non soio cun criterio científico e sistemático, senón con verdadeiro desexo de suprir fallas e de enmendar erros, e a visión sintética e ordeada dos recursos dunha parroquia, da intensidade e acerto con que se procuran e do desenvolvemento que alcanzan, tería niste intre o valor e a eficacia dunha aportación ben intresante. [...]

(p.160)

De seguido fan unha avaliación de conxunto sobre a “calidade de vida” en Velle, sinalando que a súa posición liminar con relación á cidade

de Ourense e as boas comunicacións entre esta e a contorna rural na que se sitúa Velle son factores que inciden favorablemente na parroquia estudada. Esta situación beneficiaba particularmente a parroquia, e o transporte do viño aproveitábase das estradas e do ferrocarril para lle dar saída ós caldos alí elaborados. A complementariedade subordinada entre a parroquia rural e a capital dá conta do que ofrece Velle a Ourense e do que Ourense posibilita nesta relación de intercambios desiguais. O consumo de produtos hortícolas polos veciños da cidade é un exemplo representativo:


Porque o que sabemos en realidade é moi pouco. Sabemos apenas que en Velle trabállase moito máis e vívese algo mellor que na maioría das aldeas galegas e non iñoramos que iste relativo benestar débese en gran parte á facilidade de comunicacións que permite transportar doadamente o viño por estrada ou por ferrocarril e a ve-

ciñanza de Ourense, que consume unha cantidade considerable de produtos de horta e que consinte a creación do tipo de obreiro-labrego que cun pé na terra e outro na estada ou taller, constitúe un elemento equilibrador de tal importancia que il soio abunda para cubrir o déficit da economía rural que noutros lugares menos afortunados tiña e ten que cubrirese co diñeiro, hoxe moi escaso, de América, ou cunha redución inhumán e depauperadora de alimentación, do vestido e das comodidades máis rudimentares.

(p. 161)

Nesta avaliación xeral destacan os fundamentos que sostiñan naqueles anos a economía local da parroquia:

Sobre distes tres alicerces principais, a cosecha do viño, os xornaes dos obreiros e o trato do rianxo, descansa a certa prosperidade que se observa na fregre-



LAMINA L. — Unha adéga de Quintela.

sía, convindo en secuencia que nos fixemos niles con toda a información compatíbele cos informes que logramos recoller.

(p. 161)

Coa cautela derivada dun cálculo cuantitativo do feito contable, os autores establecen unha avaliación posible daquilo que procuran entre os viticultores de Velle, destacando no parágrafo que segue a cata que realizan sobre a produtividade media das terras de viño e o censo de unidades familiares, atrevéndose incluso a calcular a renda total de viño da parroquia:

Descoñecemos o número exacto de hectáreas que se destiñan ó cultivo das cepas. A posesión de iste dato houbéranos levado ca sinxela apricación do produto meio por hectárea, a obter unha cifra totalizadora con-

fome en absoluto coa realidade, mais no seu defecto recurrimos a indagar a colleita normal de cada grupo familiar, inquérito ao que non poidemos dar a extensión que desexabamos, a causa do natural receio dos propietarios, que ven sempre, e non sen razón, atrás das preguntas de iste xénero o ollo calculador do fisco. De todos os xeitos, en sen que deamos ás nosas cifras un valor incontrovertible, chegamos a poder atribuir a cada familia unha colleita media de 35 moios, e como o número de familias que arroxa o derradeiro censo é de 229, resulta un total de 8.015 moios, que a un precio de 50 pesetas moio, que é o que correu nos derradeiros anos, dá unha avaliación de 400.750 pesetas.

(p. 161)

E coa mesma técnica aplicada para obter información sobre rendas e ingresos vitícolas, os investigadores logran resultados ilustrativos do que supón para os veciños de Velle achéganse á cidade para ofrecer a súa man de obra como traballadores a xornal ou como empregados asalariados nas tendas e comercios da capital. Para ilustrar este relato descritivo mostran os datos do inquérito realizado, avaliando o número de traballadores (obreiros) que se desprazan a Ourense e calculando tamén a renda total por xornais do conxunto:

Como atrás dixemos son 86 os homes de Velle que van diariamente traballar n-Ourense. Percibe algún de iles un xornal de 10 pesetas, cobran outros 9 ou 8,50 pesetas e os aprendices e os que son dependentes do comercio devengan haberes

ou xornáis máis pequenos [...] un xornal meio de 7 pesetas a cada obreiro [...] un produto de 602 pesetas, que multiplicadas á súa vez por 307 días de traballo [...] proporcionanos un total de 187.884 pesetas anuaes.
(p. 162)

Precisan os autores desta obra a significación económica da venda e distribución do rianxo (produtos de horta) na cidade. A práctica do rianxo constitúe unha estratexia de subsistencia que optimiza os recursos manexados en beneficio propio por aqueles que viven ó redor dunha vila ou dunha cidade e permanece aínda hoxe como forma de intercambio dos froitos da horta, aproveitando os días de feira celebrados hoxe en día nas distintas vilas do país. A mercantilización destes froitos intensificou a dependencia mutua entre os residentes na cidade e os veciños dos lugares e aldeas máis achegadas. Os autores da monografía avalían a importancia desta relación mercantil que amplía, nos tempos considerados, a penetración plena da economía monetaria nestes núcleos rurais:

É posíbele qe o trato do rianxo sexa aínda máis remunerador que o viño e que os traballos manuaes, mais a avaliación do seu importe non pode facerse nin de un xeito aproisimado. Trátase en efecto de cartos de sardiñas, é decir dun ingreso que se distribúe en pequenas cantidades espalladas irregularmente a través do ano, e nistas condicións nen as mesmas rianxeiras sería capaces de dar totales exactos. Da importancia de iste comercio, que ten o seu momento de maior intensidade na primaveira e no vran, pode

así e todo collerse unha idea ca mención dalgunhas cifras. No ano 1931 obtivo un soio propietario pola venta das fresas que cultiva entre as cepas das súas viñas unha cantidade que se achegaba ás 2.000 pesetas e un cosecheiro regular volve con frecuencia do mercado con cantidades que oscilan entre 35 e 15 pesetas os días que vai vender os produtos da súa horta, debéndose advertir que iste trato do rianxo, anque intensificado e certas épocas, non se interrompe nunca por compreto e que os seus ingresos subsisten a través de todos os meses do ano.

(p. 162)

A xeito de epílogo

A complementariedade resulta explícita na redacción dos autores de *Parroquia de Velle*; como resulta explícita igualmente a definición e a diferenciación da formación local RURAL de núcleos situados nas contornas urbanas. As entrevistas e sondaxes adoito realizados por estes autores entre as xentes de Velle dan conta do sinalado. Sorprende a lucidez e concisión para explicar a complementariedade campo-cidade, enlace que proporciona prosperidade á parroquia rural. Tamén introducen análises dunha enorme modernidade, salientando a bondade observada na diversificación de tarefas e o efecto beneficioso para o agro das actividades realizadas fóra da agricultura, consideradas as rendas obtidas que retornan á parroquia.

Podemos considerar que a localización da parroquia estudada na contorna da cidade de Ourense nun momento de crecemento das

ciudades en Galicia e de expansión desta pequena capital da Galicia interior obriga a un observador atento a detectar fenómenos que non se producen nas aldeas e lugares doutras parroquias rurais que non interactúan do mesmo xeito con núcleos urbanos. *Parroquia de Velle*, sen saír dos presupostos teóricos e metodolóxicos aplicados noutros casos polos etnógrafos do SEG, desenvolve un enfoque moito máis amplo e complexo, no que a precisión analítica e a heurística etnográfica achéganse notablemente ao método de campo que a antropoloxía académica coída de aplicación necesaria.

A contradición entre a idealización do campo e do labrego incontaminado polo mundo urbano e as observacións contidas en *Parroquia de Velle* enfrontan, en boa medida, as diferentes sensibilidades, presupostos teóricos e posicionamentos doctrinais que fluían no seno dos discursos galeguistas: a posición abertamente anti-modernizadora e as correntes rexeneracionistas provintes dos agrarios. A diverxencia entre lóxicas e entre posicións ideo (lóxicas) que afloran nesta monografía confirman o seu extraordinario interese como ensaio epistémico dun facer etnográfico, produto sen dúbida dos esforzos e procuras que, neste e noutros campos, levou a cabo o Seminario de Estudos Galegos.

Diciámos nos parágrafos introdutorios que esta lectura faciase sobre partes concretas deste libro, susceptible de exames, visitas e lecturas máis amplas e completas. Fican na gabeta varias destas lecturas, pendentes de vindeiras reflexións.



Ben-Cho-Shey

e a súa proposta ao Seminario de Estudos Galegos:
**«A conmemoración do Milenario
do Mosteiro de Celanova»**



María Isabel Almuiña González
Bibliotecaria da Deputación de Ourense


*N*este ano celébrase o centenario da creación dunha institución que xogou un papel crucial na promoción da cultura e da investigación en Galicia, desenvolvíndola nunha época clave da historia de Galicia. No transcurso da súa historia contou coa colaboración dun consolidado elenco de intelectuais cunha importante bagaxe cultural e que deixaron unha pegada perdurable no seu legado. O Seminario de Estudos Galegos (SEG) tivo como obxectivo principal estudar, promocionar, e defender a cultura e identidade galega este labor foi fundamental para preservar e difundir a riqueza cultural, así como para fomentar o sentido de pertenza e orgullo do que hoxe gozamos como galegos.

A historia do Seminario de Estudos Galegos está marcada por personalidades influentes e apaixonadas pola cultura galega, e un colaborador destacado e comprometido co estudo e difusión da galeguidade foi Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey) mantendo unha estreita relación co SEG ao longo da



súa carreira coa participación de xeito activo nas campañas de investigación promovidas polo SEG, coa recollida de datos de restos arqueolóxicos, etnolóxicos e artísticos que logo plasmaría nas publicacións para a sección de Arqueoloxía e Historia da Arte da man de Xesús Carro; participou baixo a dirección de López Cuevillas na catalogación dos castros e mámoas. Na Sección de Historia demostrou a súa habilidade como debuxante de labras heráldicas con Taboada Roca e Castela.

Para ser socio do Seminario, nos seus estatutos establécense dúas categorías, socios activos e socios protectores. Primeiro ser presentado por un dos socios activos do SEG e ser admitido pola Comisión Directora e posteriormente presentar un traballo orixinal e inédito sobre algún tema galego e que debería dar lectura na sesión de ingreso. Ademais do traballo de ingreso o socio debería presentar un traballo anual con carácter obrigatorio, así mesmo das comunicacións que queira facer e das colaboracións aos traba-



Impreso coa achega económica ao SEG como socio protector de Ben-Cho-Shey (1927)



Carné de socio activo do SEG co número 26, asinado polo seu presidente Salvador Cabeza de León (1932)



Separata “O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco”, Arquivos do Seminario de Estudos Gaegos V, Santiago de Compostela, 1930



Traballo de Ben-Cho-Shey publicado no que sería o primeiro fascículo da Sección de Arqueoloxía do SEG, que dirixía Xesús Carro, 1928

Ilos do Seminario que lle sexan demandadas. Para ser socio protector deben contribuír regularmente con achegas económicas para sustento do SEG.

Ben-Cho-Shey aínda que leva desde os inicios participando en actividades de investigación non se formaliza o seu ingreso no SEG ata ano 1928 como socio numerario; nese intre conta ca idade de 32 anos, recente chegado de Francia e Bélxica onde está a realizar estudos de pedagogía, pensionado polas Deputacións galegas, e ao mesmo tempo, compaxina cos estudos na Escola Superior de Maxisterio de Madrid e, Arte e Arqueoloxía da man do profesor Manuel Gómez Moreno.

Na documentación do SEG non consta a data de proposta nin a data de admisión pero si a data do ingreso que o fará de xeito formal como socio activo e protector co número 26 na sesión do 2 de outubro de 1928 en Santiago de Compostela no antigo edificio do Colexio

de San Clemente coa asistencia dos membros do SEG, e baixo a presidencia de Salvador Cabeza e do secretario R. Carballo Calero, segundo consta no “Libro de Actas de las Sesiones del Seminario de Estudios Gallegos, coa presentación do estudo sobre *“Baldaquinos gallegos del siglo XVI”* en colaboración con Xosé Filgueira Válverde e que posteriormente foi publicado baixo o título de *“O baldaquino en Galicia denantes do arte barroco”* en Arquivos do Seminario de Estudos Galegos V, Santiago de Compostela, 1930, pp.93-143. Anos máis tarde saerá a luz unha nova edición máis completa e moi coidada, con novas achegas documentais e mellores ilustracións baixo o título de *“Baldaquinos gallegos”* editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza no 1987, dentro da colección Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia del Museo de Pontevedra, aínda que Ben-Cho-Shey non puido participar na súa preparación debido a súa enfermidade, será o seu amigo e colaborador Xosé Filgueira Valverde quen saque adian-



Ilustración impresa en tela de Ventura Cores para a capa do libro “Santa Marta de Moreiras” editada por Castrelos (1969)

te a edición conservando a súa autoría compartida con Ben-Cho-Shey, dun xeito xeneroso.

Anteriormente en 1929 xa publicara xunto a Fermín Bouza Brey e M. Fontes Canal o traballo *“A eirexa de Santa Mariá de Mixós e as súas aras romanas”* obra que formará parte do primeiro fascículo da Sección de Arqueoloxía do SEG e que ademais será o traballo de ingreso de Fontes Canal.

De seguido, tamén no mesmo ano, e xa en solitario publica para a mesma Sección de Arqueoloxía e Historia da Arte os traballos sobre *“As eirexas de Cesurís e Vidueira”* e *“A eirexa de San Salvador de Sobrado de Trives”* publicados ambos en separata.

Ben-Cho-Shey nos anos posteriores levará unha gran actividade investigadora en tódalas “xeiras” de estudo das comarcas xunto con F. López Cuevillas, Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Filgueira Valverde, ademais de colaborar nas campañas de recollida de datos e na

catalogación do patrimonio artístico, incluso facendo tarefas administrativas como a captación de novos socios.

Entre 1926 e 1935 Ben-Cho-Shey exerce como mestre na parroquia ourensá de Santa Marta de Moreiras, feito que lle propicia para realizar un exhaustivo traballo etnográfico que dará como resultado a magnífica monografía sobre Santa Marta de Moreiras.

Na xunta do 10 de xaneiro de 1933 da Comisión Directora *“Lêse instancia, informada pol-o Director de Seición de Etnografía Sr. Risco, do membro Sr. Fernández Oxea, pídindo unha cantidade para ilustrar un seu estudo etnográfico encol da bisbarra de Santa Marta de Moreiras, acordándose acceder a ela.”*

Máis a obra permaneceu inédita polo elevado custo que supoñía a súa publicación, tendo en conta que excedía as 450 páxinas ilustradas con numerosas fotografías e gravados.



O mosteiro de Celanova (1918)

Será a editorial Castrelos en 1968 quen afronte a publicación sufragada por un grupo de galegos residentes na Arxentina.

A PROPOSTA DE BEN-CHO-SHEY AO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: A CONMEMORACIÓN DO MILENARIO DO MOSTEIRO DE CELANOVA”

O mosteiro de San Salvador de Celanova, foi fundado por San Rosendo, no ano 936, co cal no 1936 cumpriría o milenio da súa fundación. Dada a súa relevancia na historia monacal e tratándose dun dos principais monumentos da provincia de Ourense Ben-Cho-Shey, propón levar a cabo a conmemoración do milenario da súa fundación.

Ben-Cho-Shey co acordo dos demais socios será quen tome a iniciativa de promover a conmemoración do Milenario do Mosteiro de Celanova; este interese na celebración plásmase nun comunicado que remite ao SEG e do que dou conta a continuación:

“Xosé R. X socio activo do Seminario co carnet nº X ten a honra de someter a consideración da xunta *Diretiva a seguinte proposición:*

No próximo ano de 1936 cúmplase o milenio da edificación da capela do San Miguel de Celanova. Non é doado atopar datos somellantes na historia de calqueira pobo, e cando algún ten a sorte de contalas, coida moito de celebralas solemnemente para lle lembrar o país a antiguidade das suas institucións e a ranciedade das suas vilas.

*Ben pouco bai que Italia festexou con toda sona o segundo milenario de Virxilio, e si ben é certo que nos non temos os meios con que conta aquil estado, non-o é menos que o Seminario de Estudos Galegos está na obriga de ir preparando un***h***En remate de contas, O Seminario debe dar unba mostra do seu valor e da sua puxanza preparando unba publicación seria que mostre o mundo culto como Galicia é capaz de honrar a un dos seus fillos mais ilustres celebrando o milenario de Celanova. Tres anos quedan por diante pra traballar. Eu limítome a iniciar a idea para que si é factible o Seminario a recolla e a leve a feito millorandoa.”*



Oficio da Presidencia do SEG dando conta da lectura da proposta de Ben-Cho-Shey para a celebración do Milenario de Celanova (1933)

E así, na reunión mantida o día 10 de xaneiro de 1933 acordase o seguinte:

La Comisión Directora entre os puntos a tratar: Acordase dar comezo a organización dos traballos necesarios para conmemorar o milenario da fundación do Mosteiro de Celanova, que consistirá na pubricación de unba monografía Arqueolóxica, Histórica, Diplomática e istituzoal do mesmo máis co-a biografía de San Rosendo...”

O presidente do SEG o S. Cabeza envía un oficio a Ben-Cho-Shey datado o día 5 de marzo de 1933 no que lle traslada:

“[...]segundo proposta súa trasladada verbalmente, acordándose que o tal celebramento fique concretado a un estudo histórico, institucional e arqueolóxico do Mosteiro, engadíndolle a biografía do seu fundador. Todol-os cales traballos serán orgaizados pol-as respetivas Seicións”



Artigo mecanografiado de Ben-Cho-Shey onde mostra o seu pesar pola deixadez para levar a cabo os actos para conmemorar o Milenario de Celanova (1935)

Con todo, transcorreron dous anos sen que se tivese constancia dos avances nos preparativos do milenario, será López Cuevillas quen a través dunha tarxeta enviada ao seu amigo Ben-Cho-Shey o 25 de setembro quen inste a reactivar novamente os preparativos:

Querido Ben-Cho-Shey que bai do milenario de Celanova? Non vin cousa ningunha súa falando encol do asunto. A qué agarda? Na ilustre vila de Curros Enríquez a idea tivo boo acollemento e consenso é que se fai algunha cousa preparala ben pra que saia como Dios manda. Florentino.

Ben-Cho-Shey toma nota do encargo e publica un artigo onde reflicte a súa preocupación pola desidia de que non se fixo nada respecto diso, o artigo titúlao “O Milenario de Celanova” do que rescato un parágrafo:

Non é cousa doada, nin que ocorra tódolos días o feito de conmemorar un milenario. Somentes os pobos de vella historia poden permitirse iste luxo, e Celanova, tan celosa das suas glorias, está na



obriga de conmemorar solamente a data do seu milenio. Xa pasa de tres anos que lle brindei esta idea o Seminario de Estudos Galegos que a acollan garimosamente e ofreceume a prestar a súa axuda valiosa [...]. A idea queda lanzada, agora que a recollan os intresados e agardemos para ver si xermola.

O día 2 de novembro de 1935 celébrase en Santiago de Compostela a reunión do consello director do Seminario de Estudos Galegos, presidida polo seu presidente, Sr. Iglesias, actuando de secretario González García Paz. Á devandita reunión asistiron Otero Pedrayo, Portela Pazos, Filgueira Valverde, Xesús Carro, Cordeiro Carrete, Pedrat Casado, Iglesias Vilarelle, López Durá, Parga Pondal, Vázquez Martínez, Bouza Brey, Vidal Rey; así mesmo recibiron as adhesións de Risco, Sánchez Cantón, Castelaio, López Cuevillas e Díaz Rozas.

O Consello despois de escoitar o resumo do labor durante o curso 1934-1935 e de aprobar as contas presentadas polo secretario Cordeiro Carrete pásase a dar lectura á proposta de Ben-Cho-Shey sobre o Milenario do Mosteiro de Celanova para o ano 1936.


A este respecto acórdase que o Seminario recolla e impulse tan acertada iniciativa, para iso propónse a edición dun cartel anunciador, dunha edición do Tombo de Celanova, así como, diversas actividades

que se levarán a cabo na primavera cun ciclo de conferencias nas que participasen membros portugueses. Para organizar este evento constituirase un comité formado polo Presidente do SEG o Dr. Iglesias, Ben-Cho-Shey actuará como secretario e como vogais ao Sr. Abad de Samos D. Marcelo Macías, o alcalde de Celanova e López Cuevillas.

Nesa mesma reunión Filgueira Valverde propón “*que Castelaio faga un cartel para anunciar en Galicia*” e nunha nota manuscrita por él mesmo fai as indicacións e deseño do cartel. Ben-Cho-Shey toma nota do asunto e así llo comunica a Castelaio, pero Castelaio home inmerso en grandes tarefas, aproveita unha visita que lle fai o ilustrador de Marín, Manuel Torres para delegar o asunto do cartel, petición que el acepta de bo grado e así llo fai saber a Ben-Cho-Shey [carta 17-12-1935].

Marín 17-12-35

“Querido Ben-Cho-Shey : Castelaio púxome no camiño dos teus proieutos. Dóume unha carta que ti lle mandache co encárrago do milenario de Celanova. Iste encargo – por delegación de Castelaio – pasou agora as miñas mans. Eu estou moi atarefado; mais esforzaríame por facelo a tempo, quero decir antes do marzal. Agora ben. Eu son menos intelixente e culto que Castelaio e non sei nin adiviño as cousas que él adiviña e




Carta manuscrita do ilustrador de Marín, Manuel Torres Martínez a Ben-Cho-Shey onde lle indica que será el, quen faga o cartel anunciador do Milenario a petición de Castelaio. (17-XII-1935)

sabe. Quero decir que non me abundan os datos que lle deche a Castelaio na carta. Eu preciso mais. Porque eu empezo por non saber quén foi San Rosendo. Nin cales son os seus atributos mais carateristecos. Pero todo isto ô que paréceme secundario. O mais importante é o tamaño esauto do cartel. Etc. Todol-os datos, mira que sei con esceso.

Os meus respetos a tua dona. E unha aperta para ti de Torres”

Para dar a coñecer o acontecemento do ano o Comité constituído a tal efecto, imprime un pequeno folleto e unha folla voandeira con texto redactado polo propio Filgueira Valverde, e que foi repartido entre as principais institucións galegas e nos principais xornais de Galicia, onde todos concordan nas súas crónicas, na importancia dos festexos do milenario ,e dan así mesmo constancia da reunión mantida en Ourense no domicilio de López Cuevillas á que asis-



Notas manuscritas de Ben-cho-shey e onde tamén aparece un pequeno bosquexo manuscrito por Filgueira Valverde sobre o deseño do cartel anunciador e que lle será trasladado a Castelaio. (1935)

tiu Ben-Cho-Shey, e o alcalde de Celanova Alberto Moreiras, os cales contaban coa delegación dos demais compoñentes do Comité Sr. Iglesias, Sr. Abad de Samos e D. Marcelo Macías.

Entre os acordos subscritos destacan os de celebrar os actos durante o mes de marzo sempre que non coincidan coas eleccións, enviar as invitacións as altas dignidades da Igrexa; e igualmente estender as invitacións a diferentes membros portugueses e antes dos festexos, e de xeito preliminar, terá lugar un curso de conferencias nas que tomarán parte, preeminentes figuras da intelectualidade de Galicia, para divulgar a historia de Celanova.

Contan cun orzamento inicial de 2.000 pesetas do concello de Celanova, e a Deputación de Ourense na súa sesión do 10 de xaneiro propónse que se consigne unha cantidade para contribuír á celebración do milenario xa que concorrerán personalidades de alto



Ben-Cho-Shey redacta as actividades programadas do SEG para a celebración do Milenario e que foron enviadas ao xornal La Región e saíron publicadas o 3 de xaneiro de 1936



Filgueira é o encargado do Servicio de Prensa do SEG, polo tanto é quen redacta o texto para dar a coñecer o acontecemento do ano, é que será enviado aos xornais para darlle publicidade e ao mesmo tempo imprimirase un folleto e unha folla voandeira para repartir polas institucións galegas (1936).

relevo social e político, pero non indica a cantidade, deixando en mans da comisión de Fomento.

Coincidindo coa morte de Antón Villar Ponte, e máis coa segunda volta das eleccións Xerais da Segunda República o 1 de marzo, quedan aprazados os festexos do milenario que se ían a celebrar o 4 de marzo de 1936.

Fíxase unha nova reunión da Comisión organizadora para establecer de xeito definitivo os días da conmemoración; nun primeiro momento xorden discrepancias, uns son favorables de celebralos en maio e outros en setembro, sendo esta última a que se fixe como definitiva entre o 8 e o 12 de setembro coincidindo coa data exacta do documento referente á fundación do mosteiro de Celanova.

Acórdase, ademais a petición feita desde América polo Sr. Eiré Lamas de interesar as xentes da comarca de Chantada que se sumen aos festexos do milenario en consideración á relación histórica que ten Chantada coa figura de San Rosendo. Aparte anúnciase un concerto no que participarán a Sociedade Polifónica de Pontevedra e unha orquestra. Encárgaselle ao poe-

ta Ramón Cabanillas unha aportación teatral de “*A Virxe de Cristal*” de Curros Enríquez. E unha representación do SEG concurrirá a Mondoñedo na data na que teñan lugar os festexos.

Constitúese en Celanova a Comisión Pro-Milenario de Celanova presidida por D. Alberto Moreiras (alcalde de Celanova); Secretario D. Emilio Ferreiro Míguez (o poeta Celso Emilio Ferreiro); e os vogais: D. Salvador Rozental Lerner (médico dentista ruso-xudeu), D. José López Rodríguez, D. José Rivero, D. Remigio G. Gándara e Clodomiro Rodríguez Frenta, noticia publicada no xornal El Pueblo Gallego el 12 de marzo de 1936.

O 30 de maio reúnese no Colexio de Fonseca o Consello do SEG onde presenta a dimisión como presidente do mesmo, o Dr. Iglesias Iglesias para facerse cargo como Reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Polo tanto procédese a designación do novo presidente, o señor González García-Paz propón ao profesor D. Otero Pedrayo que é aceptada polo Pleno.

No Ideal Gallego do 5 de xullo da conta da seguinte noticia: “*O día 12 o SEG, trasládase ao Monasterio*



Os membros do SEG no Colexio Fonseca, o 30 de maio de 1936 cando O. Pedrayo foi elexido Presidente

de Samos a fin de celebrar alí unha reunión relacionada co Milenario de Celanova e estudar algúns aspectos do camiño de Santiago.” É de seguro que esta é a derradeira noticia que temos sobre a conmemoración do Milenario de Celanova, porque de todos é sabido os terribles acontecementos históricos que deron lugar ao inicio da Guerra Civil, interrompendo a iniciativa do milenario e a brillante actividade do SEG.

A decisión de abrazar a proposta do Milenario de Celanova e a planificación detallada das actividades demostraron o compromiso do SEG e de Ben-Cho-Shey coa preservación e difusión do patrimonio cultural galego.

“*Si eu tivese que poñer de relevo a característica máis sobranceira do Ben-Cho-shey que coñezo, tería que decir que é galeguidade: sinxela mente, enteiramente, asoballadamente. Todo o fixo e fai matinando en Galicia. E pola Terra loitou e loita como o amosa a sua obra de escritor e investigador, e o seu curriculum de home.*” Verbas de Xosé Fariña Jamardo dedicadas a Ben-Cho-Shey para o libro homenaxe de *Galicia no corazón*.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA / WEBGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS

- MATO, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edicións do Castro.
- SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS (1934): *Dez cursos de traballo, 1923-1934*. Santiago de Compostela: SEG
- SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS (1923-1973), cincuentenario da súa creación: 27ª exposición: Santiago de Compostela, julio de 1973. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del Consejo Superior de Investigaciones Científicas. *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos (1978)*. Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, nº5. Sada: Edicións do Castro.
- ALONSO MONTERO, Xesús (1996): *Ben-Cho-Shey, mestre, político, etnógrafo, bibliófilo, erudito, xornalista. O valedor da lingua galega*. Galegos na Historia. Vigo: Ir Indo.
- LÓPEZ-BARXAS, Francisco (2018): Ben-Cho-Shey inédito. [Ourense]: HYPERLINK "https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-search.pl?q=pb:%22%20Deputaci%C3%B3n%20Ourense%22" Deputación Ourense; [Santiago de Compostela]: Auga Editora
- BIBLIOTECA DEPUTACIÓN OURENSE. *Arquivo documental e gráfico de Ben-Cho-Shey*.
- BIBLIOTECA DEPUTACIÓN OURENSE. Hemeroteca. www.galiciana.gal
- https://es.wikipedia.org/
- https://diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com

Os irmáns Lorenzo Fernández

E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Clodio González Pérez
Académico correspondente
da Real Academia Galega




O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: UNHA INSTITUCIÓN GALE- GA E DE CULTURA

12 de outubro de 1923 un grupiño de nove mozos estudantes universitarios, fixeron unha excursión de Santiago á casa grande de Ortoño, na que Rosalía de Castro pasou a súa infancia. Non era un paseo máis, senón co obxectivo de fundar unha institución cultural, que abranguese todos os eidos do saber dende e para Galicia. Ese día naceu o Seminario de Estudos Galegos (SEG). Entre os mozos estaban Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey e Ramón Martínez López, que logo contarían co apoio de dous profesores, Armando Cotarelo e Salvador Cabeza de León.

A pesar da escaseza de medios económicos e de que acabase con el a sublevación fascista do 18 de xullo de 1936, o labor, o exemplo e o afervoramento que puxeron en todo canto fixeron os homes e as mulleres do SEG, aínda agora, un século despois do seu nacemento e case noventa da súa morte, mantéñense vivos, acesos como un facho de luz que ilumina os camiños do saber e do amor a Galicia. Malia que



non nos decatemos, se se afonda nas nosas ideas e coñecementos da historia, da etnografía, da xeografía e doutras pólas do saber relacionadas coa Terra, é moi probable que descubramos como os alicerces, os primeiros pasos, xa os deron os membros do SEG.



Non foron fundadores por non residir en Compostela, mais pertenceron a el dende o comezo algúns ourensáns ilustres, como Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, aos que logo se achegarían outros, máis novos en idade pero non con menos interese pola cultura e o progreso, como os irmáns Xaquín e Xurxo Lorenzo. Agora, que todos xa forman parte da historia, que pertencen ao mundo dos devanceiros, é cando se recoñece o seu labor altruísta, a súa bonhomía e o seu amor por Galicia, que mal poderá borrar o paso do tempo.

XAQUÍN LORENZO “XOCAS”

Antonio Fraguas contaba que o ingreso de Xaquín Lorenzo no SEG debeuse a Florentino López Cuevillas. A maqueta dun carro cos nomes das pezas que fixera na casa de Facós, en Lobeira, chamoulle a



Museo do SEG. Maquetas de construcións feitas en Ourense por Vicente Hermida

atención, polo que lle propuxo formar parte da nova institución. Por iso foi cun traballo sobre este vehículo que tanto servizo prestou aos nosos devanceiros, co que ingresou o primeiro de maio de 1926, ao que el non puido asistir, polo que o leu outro membro, Lois Tobío Fernández, como consta na acta: ... *O Sr. Tobío leeu o traballo de ingreso que presentou D. Xaquín Lorenzo, encol do “Carro Galego”...*

En 1927 empeza a colaborar na revista *Nós*, na sección “Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza” que dirixía o seu veciño Vicente Risco. Nalgún caso en colaboración co seu irmán Xurxo, como “Un casamento en Lobeira”, que, ademais, recuperan debuxos do pai falecido cinco anos antes, José Laurentino Lorenzo Álvarez -alias *Tabarra*-. 1930 é unha data moi a ter en conta na súa biografía, pois en colaboración con López Cuevillas e editado polo SEG, sae do prelo *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas*, unha publicación aínda agora exemplar.

Ata esta época Xaquín reside en Ourense ou en Lobeira. Matricúlase como alumno libre na Universidade Compostelá, pero logo non se presenta. Ata que no curso 1931-1932 os dous irmáns instálanse en Santiago como alumnos oficiais da Facultade de Filosofía e Letras. O residir aquí permítelle asistir ás xuntanzas e tomar parte no desenvolvemento do SEG. Así, por exemplo, na sesión do 15 de outubro do 1932, Xaquín foi elixido contador, membro da comisión de publicacións e director do museo. Pouco

despois, en novembro, con Filgueira Valverde, Fraguas, Vázquez Martínez e Parga Pondal, forma parte dunha comisión que se encargaría da publicación dunha serie de manuais, que, como outros proxectos, fracasou por falta de editor, de medios para custealos.

Levaba moitos anos recompilando datos no tempo que botaba na casa de Facós, e vai ser agora cando aproveite para dar a coñecer ese labor silandeiro. Na xuntanza do 18 de xaneiro de 1933 presenta unha comunicación verbo de dous temas: “Notas etnográficas de Lobeira: o liño e a lá”, e “Notas para un cuestionario de etnografía: embarcacións”, que ambas se publican en 1934, nas revistas *Arquivos* e *Nós*, respectivamente.

A estadia compostelá dos dous irmáns foi curta. No curso 1933-34 teñen que deixar a universidade, pola persecución que sufrían por parte de varios profesores, como Carmelo Viñas Mey e Santiago Montero Díaz, ambos colaboradores de *Unidad*, publicación fascista que sae en Compostela a fins de 1933. Ao deixar a universidade e trasladarse para a de Zaragoza, teñen que abandonar os cargos no SEG, onde ao pouco, residindo nesta cidade, Xurxo falece o 3 de abril de 1934 a consecuencia dunha septicemia séptica.

Xaquín remata a carreira en setembro de 1934, e malia que non resida en Compostela, participa de novo no SEG, do que é nomeado “conselleiro permanente” xa o seguinte mes de outubro, cargo que vai desempeñar ata que deixa de existir a institución en 1936. Toma parte en actos, imparte conferencias, como nas da “Semana Cultural Galega” do Porto e do “Curso de Extensión Escolar” de Pontevedra,... E logo, o medo, a

Xaquín Lorenzo



persecución e o silencio. O SEG pecha as súas portas, a biblioteca desaparece en parte, e tamén o museo do que el fora director. Agora unicamente algunhas maquetas, feitas en Ourense por Vicente Hermida, se poden admirar no Museo do Pobo Galego.

XURXO LORENZO

Naceu o 11 de febreiro de 1910, polo que era tres anos máis novo que Xaquín. Estudou o bacharelato tamén no instituto de Ourense e, ao comezo, matriculouse na Facultade de Ciencias compostelá e logo na Facultade de Filosofía e Letras da universidade de Madrid. Ata que no curso 1931-32 os dous irmáns deciden cursar Filosofía e Letras en Santiago. Como queda dito, faleceu en Zaragoza o 3 de abril de 1934.

O pasamento do irmán foi, sen dúbida, o golpe máis duro que recibe Xaquín na súa vida. Xurxo destacaba como debuxante e investigador. A pesar de falecer aos vinte e catro anos, xa contaba cunha serie de publicacións, das que a primeira foi “Un casamento en Lobeira” con seu irmán, cando tiña 18 anos. Á que seguiron, entre outras: “Blasós de Ourense. I” e “Foro de Lobeira”, 1930; “A cristianización do Castro de Monterrei”, 1931; “O xogo de S. Xulián” e “Contra la pestilencia”, 1932; “A data da consagración da eireja de Lugo”, “O Crismón na escritura da Galicia” e “Tres estazóns de arte rupestre da Serra de Leboeiro”, esta en colaboración con Luciano Fariña Couto, “Catálogo dos castros galegos: Terra de Lobeira” con F. López

Cuevillas, 1933; e “Notas de diplomática galega. O protocolo nos documentos do outo medio-evo”, 1934. Ademais deixou outros traballos moi adiantados, dos que algún se publica posteriormente, como “La casa, el trabajo y la cantiga en Pías” en colaboración con Fermín Bouza Brey (1947).

Como Xaquín, durante o tempo que bota en Santiago traballa arreo no SEG, do que foi admitido como “socio aitivo” o 19 de outubro de 1929, e ingresou o seguinte tres de maio co traballo “Blasós de Ourense. I. Estudos de armas eisistentes na catedral”, feito en colaboración con Xoán Manuel Amor. Na mesma sesión en que Xaquín foi elixido contador, a do 29 de outubro de 1932, el pasou a ser secretario de actas.


Xurxo
Lorenzo



O mudar os dous irmáns de universidade afectoulle ao SEG, que contaba con eles, non só para investigar, senón para levar a parte que non gusta moito, como é a burocrática.

O seu inesperado pasamento en Zaragoza o 3 de abril de 1934, sorprendeu a todos e máis ao grupo de intelectuais e amigos ourensáns, como Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas, entre outros, unha frustración do moito que del se agardaba de seguir o mesmo vieiro. Ao enterro no cemiterio de Ourense acudiron todos; dedicáronlle un número de *Nós*, no que Vicente Risco dixo que era un *mozo, xentil, intelixente, bon*; Bouza Brey compuxo o poema “Na morte do mozo erudito Xurxo Lourenzo”, e Otero Pedrayo incluíno no seu *Libro dos amigos*:

*No Seminario de Estudos Galegos tiña súa mesi-
ña ben perto da de D. Salvador. Cabeza de León*



O castro do “Coto da Vila”, coa igrexa de Lobeira no medio, 1933. Debuxo de Xurxo Lorenzo

*Enterro
de Xurxo
Lorenzo no
cemiterio
de Ourense.
No medio
Vicente Risco*



*era o derradeiro mestre de Sant-Yago dono da arte
de unha palabra de acentos e ecoares románticos.
Consideraba na mocidade o agromar de seguras
alboradas. Elas pousaban na fronte de Xurxo. Era
por o mestre agasallado Benxamín de aquila fa-
milia de eleitos camiñantes a frol do comprimento
de unha promesa inmorredoira.*

CODA

Falar dunha institución que naceu hai un século e que desapareceu, e de mala maneira, hai case noventa, poderalle parece a algunhas persoas que é algo pasado, xa só propio de historiadores. Mais no caso do SEG non é así. Quixérono borrar da memoria: perseguiron aos seus membros, algúns foron fusilados e outros finaron no exilio, como Castelao, pero os fascistas, os franquistas, non foron capaces de acabar coa semente, que, como a dalgunhas plantas, ten o poder da latencia, de xermolar cando as condicións ambientais son propicias para o seu desenvolvemento. E isto foi o que lle sucedeu ao SEG.

As súas raigañas estendéronse e aínda hoxe en día son moitas as institucións culturais que se nutren do que fixo o Seminario ou algúns dos seus membros. E no caso en particular de Xaquín Lorenzo, ademais das publicacións e magníficos debuxos, a súa herdanza e o seu devezo que non puido cumprir como director do museo etnográfico do SEG, materializouse moi-

to despois, o 29 de outubro de 1977, en que abre as portas o Museo do Pobo Galego. Un día grande para el que, como contaba o seu amigo Antonio Fraguas, compañeiro de labores e ilusións, viu cumprido o soño do nacemento do gran Museo antropolóxico de Galicia e que fose organizado baixo a súa presidencia.



SEG: Pormenor da biblioteca



Exterior do Museo Etnolóxico
Foto Santi M. Amil

Xaquín Lorenzo Fernández no Museo Etnolóxico, Ribadavia



César Llana
Director do Museo Etnolóxico. Ribadavia

A CREACIÓN DUN MUSEO ETNOGRÁFICO EN RIBADAVIA

Galicia non era unha excepción na pobre representación dos museos etnográficos no panorama nacional ata as décadas finais do século XX; o que, por outra parte, evidencia a débil presenza da disciplina no panorama non só museolóxico, como teñen sinalado por exemplo Romero de Tejada (1983) ou Sierra Rodríguez (2015).

De feito non vai ser ata a década dos sesenta cando afloren iniciativas para dotar a Galicia de museos etnográficos de titularidade estatal. Vai ser Manuel Chamoso Lamas responsable da entón denominada Primeira Zona do Patrimonio Artístico

Nacional, quen ante o pobre panorama da rede de museos en Galicia propuña a creación dunha serie de museos, entre eles cinco de carácter etnográfico dedicados respectivamente á vida na montaña, nas Mariñas e na costa, que se unirían ao Museo das Peregrinacións¹.

A proposta de Manuel Chamoso Lamas ten o seu encaixe no marco do Plan de Estabilización de 1959 e no Segundo Plan de Desenvolvemento, nos que se recolle a preocupación pola perda das testemuñas das culturas campesiñas [Sierra Rodríguez, 2020: 167] e nos que se manifesta a pretensión de crear ata dezoito Museos de Artes e Costumes Populares [Romero de Tejada, 1983: 459]. Se ben a concreción do proxec-

tado resultou certamente modesta, Galicia tivo a sorte de que se creasen o Museo de Artes e Costumes Populares «Casa Martín Vázquez» en Ribadavia e o Museo de Artes e Costumes Populares no Cebreiro.

No que respecta ao Museo de Artes e Costumes Populares situado en Ribadavia a súa creación² tivo lugar no ano 1969, co obxectivo de mostrar a vida e costumes da comarca do Ribeiro e, en xeral, do Val de Galicia, como os útiles empregados para o cultivo da vide e elaboración do viño, mobiliario doméstico, indumentaria, festas e xogos, crenzas e supersticións, bailes e artesanía local³. O museo estaba creado, agora toca a súa posta en marcha.

1. Creado no 1951 pero incorporado en 1968 á Dirección General de Bellas Artes, Orden del Ministerio de Educación y Ciencia de 31 de agosto de 1968, e adscrito ao corpo facultativo de Museos mediante Orden Ministerial de 2 de xullo de 1970.
2. O Museo de Artes e Costumes Populares de Ribadavia foi creado polo Decreto 2124/1969, de 16 de agosto, BOE do 19 de setembro de 1969.
3. Artigo 1, Decreto 2124/1969 de 16 de agosto polo que se crea un Museo de Artes e Costumes Populares en Ribadavia (Ourense).



Patio interior do palacete coñecido como Pazo de Baamonde onde se ubica o Museo Etnolóxico
 Foto Santi M. Amil

Nunha primeira fase⁴ o Museo abrirá intermitentemente compartindo edificio con outras institucións, nunha certa indefinición en canto a súa temática, incluso pasa por un intento de cambio de nome, ata que a principios dos anos oitenta do século pasado pasa a ser sección do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, institución que se fará cargo da súa xestión⁵ ata o ano 1993 no que recupera a súa plena personalidade. Nesta etapa, baixo a dirección de Franciso Fariña Busto, director do provincial, vaise rematar a reforma arquitectónica, defínese a temática do museo ribadaviense e, no ano 1986, normalízase a súa apertura ao público e por primeira vez vai contar cunha facultativa do Corpo de

Conservadores de Museos do Estado ao ser destinada ao mesmo María Luisa Fernández Bal recién incorporada entón ao cadro de persoal do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

DE MUSEO DE ARTES E COSTUMES POPULARES «CASA MARTÍN VÁZQUEZ» A MUSEO ETNOLÓXICO

O ano 1993 viría cargado de novas para o museo situado en Ribadavia. En efecto, nese ano deixa de ser considerado sección de etnografía do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, recuperando a plena personalidade e independencia⁶, facéndose cargo da direc-

ción do mesmo Xosé Carlos Sierra Rodríguez, do Corpo Facultativo de Conservadores de Museos do Estado, quen se tiña incorporado ao cadro de persoal do museo o ano anterior e que decide cambiar a denominación pola de Museo Etnolóxico, subliñando o interese por coñecer e difundir tódalas manifestacións culturais dende a antropoloxía e a historia.

Como consecuencia, os fondos de carácter etnográfico da colección causarán baixa no Rexistro Xeral do provincial e pasarán a formar parte da colección do de Ribadavia. Deste xeito formalízase a relación do Museo Etnolóxico con Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas».

O MUSEO ETNOLÓXICO E XAQUÍN LORENZO «XOCAS»

Non temos constancia de que Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas» teña visitado o Museo Etnolóxico. Aínda que a relación de Xaquín Lorenzo co pazo de Baamonde, sede do Museo Etnolóxico, remóntase aos finais dos anos trinta do século pasado, cando formou parte fugazmente do claustro do Colexio Akademos, dirixido por Bernardino Graña Refojos.

Polo tanto a relación desta institución co mestre da etnografía establécese a través da presenza de bens por el recollidos e depositados no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense que, unha vez recoñecido o carácter autónomo da que fora Sección de Etnografía, pasan a constituír a colección do Museo Etnolóxico.

Para concretar as pezas que proceden do traballo de recolección de Xocas dispoñemos en primeiro lugar do Libro de Rexistro da colección estable, no que aparecen, entre as procedentes do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, unha serie de rexistros coa indicación «Doado por D. Xaquín Lorenzo Fernández», outros non indican a fonte de ingreso, pero a súa procedencia da «Terra de Lobeira», como as do grupo anterior, dan pé a suxerir a moi probable orixe no mesmo doante; amais están aqueloutros para os que, pese a non constar no Rexistro outra referencia que a procedencia do Museo Arqueolóxico Provincial, nas fichas de inventario aparece a indicación «Xocas». En segundo lugar están aqueles bens que teñen ingresado por doazón de particulares, procedentes de agasallos feitos polo pro-



Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas» na terraza do «Colexio Akademos», no edificio actualmente sede do Museo Etnolóxico.

Foto Chao. Ribadavia
1939. «Xocas» participou na preparación dos alumnos do centro ribadaviense para a proba da Reválida, xunto con Luís Pérez Xesta, que fora profesor de debuxo dos irmáns Lorenzo.

elaborar o tecido no tear e, naturalmente, exemplos de produtos téxtiles como colchas, sabas, etc.

O TECIDO: UNHA LABOR ESENCIALMENTE REALIZADA POR MULLERES

O conxunto de bens integrado na colección do Museo Etnolóxico procedente da recollida no traballo de campo de Xaquín Lorenzo, testemuña

pio don Xoaquín ben á propia persoa que o doou, ben a alguén dos devanceiros do doante. Por último, o conxunto complétase cos bens que sen constar outra referencia no Libro de Rexistro máis que a súa procedencia do Arqueolóxico Provincial aparecen non obstante en fotografías feitas por Xocas e/ou publicadas nalgún dos seus traballos, polo que parece lexítimo suxerir a procedencia da colección formada polo Etnógrafo⁷.

Excluíndo os soamente recoñecidos por fotografías, o volume de bens procedentes do traballo de recolla de Xaquín Lorenzo integrados na colección do Museo Etnolóxico suman un total de 153 pezas; 152 pertencen á colección estable e unha é depósito da Xunta de Galicia.

Na súa totalidade son pezas vinculadas co ámbito do téxtil, e moi especialmente do ciclo do liño. Dende o proceso de obtención da fibra, os tipos de liño segundo a súa calidade e/ou lugar na cadea de procesado, ata a elaboración do frío, a formación dos novelos, a disposición para

7. Un exemplo de ben deste tipo é a roda para fiar seda, procedente das Terras de Monforte, publicada por Xaquín Lorenzo (1962: 636, fig 452), co número de inventario do Museo Etnolóxico CE0156.

a complexa, laboriosa e longa tarefa que permitía obter as prendas téxtiles a partir do liño, e que pertencen todas elas ao ámbito dos traballos da muller (ou debemos dicir dos non traballos?).



Modelo de roca para o liño

O interese demostrado polo Etnógrafo na completa documentación do ciclo do traballo téxtil do liño, así como a descrición de cada unha das etapas e o protagonismo, case exclusividade, da muller en todas elas, é unha mostra da clarividencia de Xaquín Lorenzo á hora de percibir e documentar esta importante achega da muller á elaboración das pezas téxtiles de todo tipo.

E isto, nun contexto no que boa parte das labores eran vistas na época como unha contribución da muller ao grupo familiar aproveitando os tempos mortos, por exemplo cando vai fiando á vez que leva a comida a quen están a traballar no campo, ou ás noites ao carón da lareira cando o resto dos habitantes da casa está descansando. Mesmo algunhas mulleres que acudían a outras casas a desenvolver determinadas labores e nas que podemos pensar nunha certa profesionalidade, como maceiras ou fiandeiras, non chegan a constituir un oficio, pois o seu traballo é a

tempo parcial e naqueles momentos que permiten a súas actividades prioritarias [Rodríguez Calviño, Sáenz-Chas Díaz, 2000: 56].

Polo tanto Xocas foi quen de percibir o valor do traballo desenvolvido polas mulleres nun dominio tan importante como o destinado a asegurar o abastecemento do vestido e as outras necesidades de bens téxtiles, nun tempo no

que era preciso dende obter a materia prima, neste caso o liño, ata elaborar a prenda de que se trate. Cadea na que a presenza dos individuos varóns é anecdótica salvo en momentos nos que se require recorrer á forza, caso do ripado, ou ben en fases nas que participan homes e mulleres, no empozado, ou nos que atopamos a mulleres, homes e nenas e nenos, como podía ser no mazado. Recaendo a responsabilidade unicamente nas mulleres no resto dos procesos, isto é na arriga, na deluva, na tasca, no espadelado, na seda, no fiado, no ensarillado, no encolado, no debandado, no urdido e no tear [Lorenzo Fernández, 1962; Rodríguez Calviño; Sáenz-Chas Díaz, 2000].

TRABALLO, FESTA, SOCIABILIDADE E IDENTIDADE

O ambiente festivo presente en moitas das fases que desembocan na elaboración de pezas téxtiles non pasaron desapercibidas por Xocas. Como tampouco deixa de anotar que cando se trata de traballos nos que se xuntan persoas de diferentes casas para traballar xa para un terceiro

ou cada unha delas para si, ábrese unha oportunidade á sociabilidade.

En efecto, os bens materiais que recolle e documenta o Etnógrafo referentes ao traballo do liño, tamén nos remiten a espazos e tempos de sociabilidade e de festa. Comportamento habitual en traballos pesados, monótonos e desenvolvidos colectivamente, como unha forma de mitigar o esforzo, pero que neste caso ten algúns trazos que, como fai Xaquín Lorenzo, convén destacar.

É o caso que en determinadas fases do proceso ao que nos estamos referindo, como por exemplo nos fiadeiros, a tarefa proporciona unha oportunidade á sociabilidade para a rapazada. Constituindo ocasións nas que mozos e mozas coinciden xuntos nun ámbito propicio á interactuar, a través de cancións, xogos e bailes; por certo que estes adoitaban celebrarse ao remate do traballo, pero tamén podían ter lugar durante o propio fiado, neste caso podía bailarse a redonda ou muiñeira dos vellos, especialmente adecuada por ser compatible co traballo que estaba a realizar a muller, que non o interrompía, á vez que permitía o lucimento dos varóns [Lorenzo Fernández, 1962: 639].

Comida e baile, con frecuencia á noite converténdose entón a reunión nun espazo onde mozos e mozas encontraban unha oportunidade de relacionarse con certo relaxamento do control dos adultos; ocasións con risco de transgresión das normas sociais imperantes e, en todo caso, ámbitos de liberdade aos que a autoridade, incitada en ocasións por celosos membros do clero, trataban de pôr coto mediante amoestacións e multas, de limitada eficacia á vista da súa reiteración.

Ás espadelas acudían as mulleres levando cadansúa espadela e espadeleiro. Pois ben, estes instrumentos están entre os contados⁸ que foron obxecto de decoración, e de feito entre os obxectos que Xocas ten recollido hai algúns espadeleiros decorados e hoxe integrados na colección do Museo Etnolóxico. Este feito revélanos, como teñen sinalado Rodríguez Calviño e Sáenz-Chas Díaz (2000: 53), que estamos ante un ben de prestixio, de distinción da muller e por conseguinte da súa casa. Útiles decorados en ocasións obsequios á moza polo namorado [Rodríguez Calviño, 1999: 173; Pérez Morán, 2022: 96]. É dicir, non se trataba unicamente dunha actividade simplemente funcional, senón que tiña unha vertente social.

Unha vertente social e tamén identitaria, pois é no traballo compartido onde se re-crea a comunidade; non necesariamente comunidade no sentido burocrático e formal, senón a constituída por un grupo que se considera unido por un sentimento compartido, e que, como dixemos, se celebra a través da culminación da tarefa compartida cunha celebración [Zibechi, 2015].

ESPAZOS PARA FIAR OUTROS FÍOS

A colección de bens mobles asociados ao traballo do liño reunida por Xaquín Lorenzo e hoxe integrada no Museo Etnolóxico permite, como vimos expoñendo, coñecer e difundir o importante papel desenvolvi-

Espadeleiro; colección Xaquín Lorenzo «Xocas».

CE0136 Museo Etnolóxico



Restrelo, procedente de Lobeira, Ourense; colección Xaquín Lorenzo «Xocas»

CE0150 Museo Etnolóxico



do polas mulleres na satisfacción das necesidades de pezas téxtiles sobre todo na demanda doméstica.

E aludimos tamén á presenza da celebración en boa parte do pro-

ceso, á contribución do traballo en común ao reforzo da identidade e a que se creen ao longo da cadea operativa espazos de sociabilidade. Precisamente sobre estes queremos chamar a atención arestora.

8. Espadeleiro, espadelas, rocas, fusos e os xugos dos bois, conforman a relación de obxectos que en ocasións presentan decoración na sociedade tradicional campesiña (Lorenzo Fernández, 1962: 630). Para a decoración de espadeleiros e espadelas pódese consultar Rodríguez Calviño e Sáenz-Chas (2005).

Sobre ditos espazos téñense recollido reiteradamente observacións significativas acerca do rol da muller. En primeiro lugar temos o feito de que era suficiente con invitar ás mozas, pois os mozos acoden voluntariamente ante a presenza delas⁹. Á súa vez, a presenza dos mozos na deluva e, por riba de todo nas espadelas ou nos fiadeiros, a razón da presenza dos mozos, que non precisan invitación para asistir, é asegurar o xogo, o canto, o baile, etc. durante e moi especialmente ao remate do labor¹⁰; abondando as referencias á interacción entre mozos e mozas nestas ocasións. Ámbitos nos que nun contexto de lecer se activan mecanismos favorecedores da relación entre mozos e mozas, sempre baixo unha certa supervisión máis ou menos tolerante e entre persoas procedentes dun entorno social e xeográfico acoutados; isto é, entre potenciais candidatos ao matrimonio. Momentos ademais nos que se mostran as parellas formadas, por exemplo compartindo asento¹¹, se exteriorizan querelas de parella [Lorenzo Fernández, 1962: 639] e nos que se acode para mostrarse, para observar, para elixir e para ser elixido.

Momentos polo tanto cun contido que vai máis alá do puramente funcional-productivo ao incorporar trazos inmateriais de fondura para o grupo social. Velaí a razón da súa permanencia pese ás censuras do clero, chegando en zonas a manter-

se incluso despois do abandono do cultivo do liño¹².

Polo dito, nos traballos vinculados ao liño a muller ten un papel esencial na obtención da peza téxtil, ao ser ela sobre quen recae case que todo o traballo. Un traballo desenvolvido en espazos que non deixan de ser tidos por domésticos, aparentemente en momentos feito nun contexto de lecer¹³ e polo menos en fases moi significativas en presenza do varón en actitude de festa.

É dicir, a muller que acode por exemplo a un fiadeiro, faino acompañada dunha muller adulta da súa casa, vai traballar polo común para a familia, a súa presenza se ben con ledicia non está totalmente exenta de ser unha obriga, mostrará/demostrará as súas habilidades e virtudes e fiará ata rematar o labor¹⁴. A muller está a realizar unha das súas «tarefas propias» e mantén unha actitude pasiva.

Os mozos acoden á xuntanza de mulleres¹⁵ en actitude festiva, para cantar, facer música, facer xogos e bailar, actividades coas que mostrar as súas destrezas/habilidades, acoden libremente e fano sen acompañantes. Os mozos están a se luciren e manteñen unha actitude activa.

Polo tanto, na nosa opinión, os espazos de sociabilidade asociados ao proceso do liño, como vimos no exem-

plo dos fiadeiros, son espazos fixados, regulados, acoutados e controlados nos que se tolera a interacción de mozas e mozos, no que se lle recoñece ao mozo a capacidade de tomar a iniciativa, mentres que da moza se espera un comportamento subalterno e de defensa das virtudes femininas. Non é polo tato, un espazo de sociabilidade entre persoas consideradas iguais, senón que é mais ben un ámbito de dominio masculino, como procede no contexto dunha sociedade patriarcal.

O SABER DAS MULLERES NO TRABALLO DO LIÑO: O TECIDO

Entre os bens da colección de Xaquín Lorenzo no Museo Etnolóxico hai un tear procedente de Lobeira. Esta máquina empregada no remate do ciclo do liño foi usada maioritariamente por mulleres. Pois ben, a obtención da tea, o produto que sexa, require o dominio dunha serie de técnicas complexas que comezan coa exacta colocación do fio de doce novelos na urdideira ata obter a «cadea» que é o fío disposto para levar ao tear¹⁶. Comeza agora a precisa disposición do fio no tear, de novo unha operación que require coñecemento e pericia. A continuación pódese empezar a elaborar a tea, dende sinxelos lenzos ata colchas e cobertores de diversas cores, con decoracións variadas.


Isto é, o tecido esixe á persoa que o elabora o dominio dun conxunto de

saberes e habilidades, ou sexa dun saber, de coñecemento. Saber que, agás excepcións¹⁷, é gardado e transmitido por mulleres.

Outro trazo a subliñar no tecido é que se trataba dunha actividade que permitía á muller obter ingresos, para ela ou para a casa, en diñeiro ou en especie. Actividade que con frecuencia abandonaban unha vez casadas¹⁸.

Estamos ante un exemplo dun ámbito acceso da muller ao coñecemento e á tecnoloxía, namentres está solteira; isto é, mentres contribúe economicamente á familia, pero que se lle pecha unha vez pasa a ser a esposa do seu marido. Na nova casa non resulta procedente, salvo necesidade, que a esposa, a muller do cabeza e xefe da familia, dispoña de ingresos.

Impedimento que encontraba a súa xustificación nunha división de roles no marco da sociedade patriarcal tradicional que colocaba á muller nunha posición subalterna ao home. Situación que en tanto que rexeitamento ao acceso da muller aos campos da tecnoloxía e o saber, mais alá do estritamente necesario para asegurar a viabilidade da familia, podemos atopar en moitas outras sociedades incluso contemporáneas¹⁹, nas que o saber como a curiosidade e a experimentación, eran/son territorios reservados ao home, en tanto que o saber mantén con frecuencia unha relación co poder e este debía permanecer na esfera do masculino.



Roda de fiar, procedente de Lobeira, Ourense; colección Xaquín Lorenzo «Xocas»

CE0157 Museo Etnolóxico

9. Valla como exemplo: «O dono do liño chama anticipadamente algunhas mozas pra que axuden; ós mozos, que tamén compren, non é preciso chamalos: iles van pola súa conta a pos delas» (Lorenzo Fernández, 1962: 625).

10. Por exemplo véxase Lorenzo Fernández (1962: 629 e 638).

11. [Levando a moza] ... un banquiño no que caiban, polo menos, dúas persoas sentadas: a moza e o seguro ou problemático galán (Lorenzo Fernández, 1962: 637).

12. Ata que a Guerra Civil obrigou a eliminar estas prácticas (Fernández Batalla, Rodríguez Fernández (2011: 19).

13. A xente fía sempre que ten vagar (Lorenzo Fernández, 1962:637)

14. A xente fía sempre que ten vagar mais é nos fiadeiros onde se fai con máis intensidade (Lorenzo Fernández, 1962:637).

15. Os mozos acoden sen necesidade de ser invitados di o Etnógrafo; é dicir, as mozas son utilizadas para asegurar a presenza masculina en determinadas tarefas.

16. Agás as tecedeiras de oficio, nin todas as mulleres con tear teñen urdideira nin saben obter as cadeas, polo que acoden a casa que a teña e sepa urdir (Lorenzo Fernández, 1962: 645).

17. Por exemplo véxase Rodríguez Calviño e Sáenz-Chas Díaz (2000: 57).

18. Como recolle na comarca da Estrada Rodríguez Calviño (1999:174, nota 5).

19. Por exemplo véxase Valcárcel (2021:198 e ss).



**Colcha; procedente de Lobeira, Ourense;
presente de Xaquín Lorenzo «Xocas» a dona
María Teresa Ferro Delgado**

DX5166 Museo Etnolóxico



**Tear de flocos, procedente de Lobeira, Ourense;
colección Xaquín Lorenzo «Xocas»**

CE0281 Museo Etnolóxico

QUEN FÍA E QUEN TECE

Convén ter en conta que as observacións etnográficas teñen sido realizadas en ocasións en territorios e/ou momentos temporais nos que a actividade téxtil non estaba a pasar polo seu mellor momento²⁰. Aínda máis, os traballos en ocasións pode que se teñan desenvolvido en contextos de reafirmación dos valores máis tradicionais, como pode ser durante a ditadura franquista e especialmente nas décadas inmediatas ao final da Guerra Civil²¹. Isto pode supoñer un certo sesgo na percepción da actividade téxtil doméstica.

Por outra parte, tendemos a englobar nun mesmo todo á muller. Nesta caso da muller campesiña que traballa na e fóra da casa e no tempo de lecer fía e mesmo tece. Obviamente non todas as mulleres estaban nas mesmas circunstancias; habería que fiar fino neste terreo.

Outrosí respecto ao tempo no que situemos a actividade téxtil. É interesante incorporar a nosa perspectiva os resultados da investigación histórica. En efecto, a nosa perspectiva enriquecese se temos en conta que xa en época Moderna atópanse mulleres de procedencia rural que realizan contratos de aprendizaxe nunha cidade para formarse como teceláns, bordadoras ou xastras e exercer como tal nas súas poboacións de orixe²²; ou o feito de que a mediados do século XVIII se teñan rexistradas 5.794 tecelás en Galicia, as máis no interior do sueste —e que vendían elas mesmas a produción no mercado-, mentres que no resto do territorio predominaban os homes²³.



**Interior
do Museo
Etnolóxico**

Foto Santi M. Amil

Sen saír da actividade téxtil en Galicia, é claro que a realidade dos traballos desenvolvidos polas mulleres (e polos homes) está a mostrarse cada vez máis rico e diverso, que a división de certas

tarefas en función do xénero deben ser analizadas en función de máis variables como son as diferentes circunstancias persoais das mulleres que nos atopemos, o contexto socioeconómico no que están

a vivir, a ideoloxía imperante nun tempo dado, en definitiva da construción que nun momento dado culturalmente se teña feito/imposto do masculino e do feminino.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

FERNÁNDEZ BATALLA, Isabel; Rodríguez Fernández, Rosa María (2011): «La cultura del lino y la lana en Les Regueres». *La Piedriquina. Anuario*, 4, marzo, pp.: 15-25

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1962): *Etnografía. Cultura Material*: in Ramón Otero Pedrayo (dir.): *Historia de Galiza*. Buenops Aires. Editorial Nós. Vol. II, segunda parte.

PÉREZ MORÁN, Elena (2022): «Instrumentos de la industria textil»; in Juaco López Álvarez (Coord.): *El Amor a lo Bello. Arte Rural en Asturias 1780-1980*. Gijón. Muséu del Puebu d'Asturies, Ayuntamiento de Xixón, pp.: 96-127

PÉRES DÍAS, Daniel (2020): «Mujer y trabajo durante el franquismo Una aproximación jurídica»; in Manuel Cabrera Espinosa; Manuel Cabrera Espinosa (Eds.): XII Congreso virtual sobre Historia de las Mujeres; pp.: 781-794

REY CASTELAO, Ofelia (2015): «El trabajo de las mujeres rurales en la España Moderna. Un balance historiográfico, 1994/2013». *Revista de historiografía (RevHisto)*, 22, pp.: 183-210

RODRIGO PAREDES FLORENTINA (2019): «El regreso a la tradición durante el primer franquismo la mujer, la «gran olvidada» de la normativa legal»; in Xavier María ramos Díez-Astrain; Itziar Reguero Sanz; Marta Requejo Fraile; Sofía Rodríguez Serrador; Lucía Salvador; Jara Cuadrado (Eds.): *Las Huellas del Franquismo: Pasado y Presente*; Lille. Universidad Católica de Lille; pp.: 885-900

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel (1999): «A actividade textil tradicional no Val do Vea (A Estrada-Pontevedra). Espadelas e espadeleiros». *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*; 2, pp.: 165-178

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel (2000): «As tecedeiras: un oficio ... unha arte»; in. Beatriz Pereira Magariños, Juan David Canela Lourido, Manuel Rodríguez Calviño, Nuria Calo Ramos (2000): *Etnografía e Tradición de Lalín*. Lalín. Seminario Estudios de Deza. Col. Deza Básicos, 2, pp.: 80-91

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel; SÁENZ-CHAS DÍAZ, Belén (2000): *O Tecido*. Santiago de Compostela. Museo do Pobo Galego. Cadernos Museodo Pobo Galego, 10.

RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel; SÁENZ-CHAS DÍAZ, Belén (2005): «A decoración nos espadeleiros e espadelas do Val de Vea (A Estrada, Pontevedra)». *ADRA. Revista dos Socios e Socias do Museo do Pobo Galego*. 0; pp.: 33-49

ROMERO DE TEJADA, Pilar (1983): «La situación de la Etnología en los museos españoles». *Boletín ANABAD*, XXXIII (3), pp.: 455-463.

SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé Carlos (2015): «Imágenes y representaciones culturales en los museos de Galicia». *Revista Andaluza de Antropología*, 9, pp.: 16-51

SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé Carlos (2020): «Museos en Galicia. Las identidades en escena». *Anales del Museo Nacional de Antropología*. XXII, pp.: 147-180.

VALCÁRCEL, Amelia (2021): *Ahora feminismo. Cuestiones Candentes y Frenes Abiertos*. Madrid. Ediciones Cátedra. Universitat de València.

ZIBECHI, Raúl (2015): «Los trabajos colectivos como bienes comunes material/simbólicos». *El Apante. Revista de Estudios Comunitarios*. 1. Común para qué?, pp.: 75-97.

20. Pola data de nacemento da disciplina e pola realidade do tempo da observación, situación esta última asumida e explicitada por Xaquín Lorenzo (1962: 622 e ss.) por exemplo.

21. Véxase por exemplo Rodrigo Paredes (2019) ou Péres Días (2020).

22. Rey Castelao (2015:190).

23. Rey Castelao (2015:203).



Para que os museos cumplan as súas funcións precisan de recursos para desenvolver as súas tarefas e dunha xestión profesional que seleccione con criterio os elementos patrimoniais



Fátima Braña Rey

Universidade de Vigo

Os museos locais da Provincia de Ourense

O obxectivo deste texto é presentar as características e necesidades dos museos locais que contan con escasos recursos na provincia de Ourense para buscar sinerxías e apoios de cara a xestionar estas coleccións, fomentando os acordos e a cooperación entre institucións e museos de Ourense.

Con esta publicación celebramos os 100 anos desde a constitución do Seminario de Estudos Galegos en 1923. Unha institución interdisciplinaria e aberta, froito da cooperación e da busca de coñecemento, dedicada á investigación e divulgación que sentou as bases do desenvolvemento da etnografía, xunto con outras disciplinas, en Galicia. Unha institución cunha traxectoria curta mais unha actividade dilatada o que fai posible tela como antecedente de moitas iniciativas do ámbito etnográfico. Este é o caso dos museos locais pois maioritariamente contan con fondos desta tipoloxía.

A Sección de Etnografía e Folclore dedicouse, entre outras cousas, á recolección de coleccións etnográficas (Braña Rey, 2008). Na memoria de 1934 relátase así o seu contido:

“O seminario ten instalado no edificio de Fonseca, a partir do 1930, as súas coleccións etnográficas. Dirixe esta instalación o señor Carro García e nela figuran coleccións de cerámica de Sargadelos, Buño e Niñodagua; encaixes de Camariñas, aderezos de Padrón e Compostela, acibeches composteláns, maquetas da casa labrega, aparellos da pesca e do tecido, mostras da arte popular relixiosa, etc. etc.” (SEG, 1934)

Efectivamente, no curso 1930-31 fómase no Seminario unha comisión encargada de organizar un museo etnográfico, aprobada na sesión do 16 novembro 1930. Formaban parte desta comisión Vicente Risco, Jesús Carro García, Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde e

Alfonso Castelao (Mato, 2001). En 1932, noméanse dous conservadores, Jesús Carro García e Xaquín Lorenzo. Dese xeito, o Seminario impulsou a configuración dun museo interdisciplinar que acolleu as coleccións que se recollían no proceso de estudo e difusión da cultura popular galega.

A pesar do seu desmantelamento a causa do alzamento militar do 1939, o ideario, a metodoloxía e os intereses do Seminario permaneceron a través das súas contribucións e de persoas que seguiron a traballar pola etnografía galega e os museos (Álvarez-Lires, 2015). Este foi o caso de Xaquín Lorenzo, etnógrafo que, co seu texto *Cultura material* (1962), sentou as bases da museoloxía etnográfica galega, e quen en 1976 ocupou a primeira presidencia do Padroado do Museo do Pobo galego, institución civil nacida da vontade cidadá (Beramendi, Ledo e Conde Lourido, 2017). Outros mem-



Xaquín Lorenzo co seu texto *Cultura Material* (1962) sentou as bases da museoloxía etnográfica galega

bro do Seminario como Filgueira Valverde, entón director do Museo de Pontevedra, e Antón Fraguas Fraguas tamén formaron parte do Padroado, sendo este último o seu primeiro director. Dezasete anos despois, o Museo do Pobo, herdeiro do Seminario (Fariña Busto, 2017; Braña Rey, 2008), converteuse na cabeceira dos museos etnográficos e antropolóxicos de Galicia a través do Decreto 111/1993.

Esta traxectoria, brevemente sinalada, entre o Seminario e o Museo do

Pobo, pode considerarse como un exemplo da importancia dos museos ao longo de todo o século XX, pois estes se consagran como unha institución cultural, de investigación e difusión. No século XXI, os museos son institucións chamadas a xogar un papel crucial. Tanto é así, que no ano 2016 créase, dentro del Comité internacional de Museos (ICOM), o Comité Permanente sobre a Definición de Museo Perspectivas e Posibilidades e, tras anos de debate apróbase en Agosto do ano 2022, na Asemblea Xeral Extraordinaria,

a definición de museo como “institución sen ánimo de lucro, permanente e ao servizo da sociedade, que investiga, colecciona, conserva, interpreta e exhibe o patrimonio material e inmaterial. Abertos ao público, accesibles e inclusivos, os museos fomentan a diversidade e a sustentabilidade. Coa participación das comunidades, os museos operan e comunican ética e profesionalmente, ofrecendo experiencias variadas para a educación, o goce, a reflexión e o intercambio de coñcementos” (ICOM, 2022).

No ano 2016 créase dentro do Comité Internacional de Museos (ICOM) o Comité Permanente sobre a Definición de Museo Perspectivas e Posibilidades que, en agosto de 2022, define museo como “institución sen ánimo de lucro, permanente e ao servizo da sociedade, que investiga, colecciona, conserva, interpreta e exhibe o patrimonio material e inmaterial.

Esta definición recolle a funcionalidade clásica dos museos -investiga, colecciona, conserva, interpreta e exhibe-, mais presenta unha apertura cara as demandas da museoloxía social que podemos situar nas propostas da nova museoloxía, a sociomuseoloxía e a museoloxía crítica e os museos inclusivos. A finais do século pasado promoveu o vínculo entre os museos e o territorio (Navajas Corral & Fernández Fernández,

2016; Castejón Ibáñez, 2022). Pola súa banda a sociomuseoloxía promove a participación activa das comunidades a través do patrimonio en base á perspectiva decolonial e desenvolvendo prácticas de inclusión, interculturalidade e solidariedade (Fernández Dos Reis Díez, 2015; De Siqueira, 2017). Tamén a museoloxía crítica é un movemento académico y práctico que promove a revisión dos discursos museais para inserir o contexto do que parten as representacións (Lorente, 2015 Reza, Canzani y Domínguez, 2020). En canto aos museos inclusivos son aqueles que inciden na atención da diversidade social e funcional na xestión, difusión e significado do patrimonio cultural (Galla, 2014; Carlucci & Seibel, 2020) no sentido de facer partícipe ao museo do seu contexto, incluír ás comunidades na creación e o intercambio de coñecemento.

Unha vez que se revisa a definición de museo e se atende ás demandas que implica, é necesario entender que para que os museos cumpran coas súas funcións precisan de recursos para desenvolver as súas tarefas e dunha xestión profesional que seleccione con criterio os elementos patrimoniais. Neste sentido, o que se espera dos museos como centros ao servizo da cidadanía, do coñecemento e da educación, debe ser recollido nas políticas públicas o que, desgraciadamente non sempre ocorre.

En Galicia contamos co Sistema galego de centros museísticos que agrupa 86 museos ou coleccións recoñecidos

polo Servizo de Museos da Xunta de Galicia, entre os que salientan, polo número de museos e coleccións adscritos a este tipoloxía, os etnográficos ou antropolóxicos fronte ao resto de categorías¹. Pero ademais destes museos recoñecidos, que cumpren cos requisitos legais e administrativos, contamos con outros centros, os outros museos, aqueles que tendo coleccións e traballando co patrimonio cultural poderían precisar de maior e máis axuda para desenvolver o seu potencial. Desde a creación do Museo do pobo, a finais do século XX, asistimos a un notable incremento de museos en Galicia que atende a unha casuística complexa².

En Galicia contamos co sistema galego de centros museísticos que agrupa 86 museos ou coleccións recoñecidos polo Servizo de Museos da Xunta de Galicia.

Ademais dos museos recoñecidos que cumpren cos requisitos legais e administrativos, contamos con outros museos que tendo coleccións e traballando co patrimonio cultural poderían precisar de maior e máis axuda para desenvolver o seu potencial.

Na actualidade, moitos destes museos ou centros teñen problemas para realizar as súas actividades por falta de orzamentos sólidos que lles permitan acceder a recursos e a cadros de persoal profesionais e estables. Non é unha novidade o cada vez máis amplo número de entidades de tipo museal non incluídas no censo oficial de museos e coleccións museográficas de Galicia, tanto é así, que hai serias dificultades “para calcular con precisión el número de entidades que se hallan al margen de la disciplina administrativa” estimándose na provincia de Ourense “20 casos seguros de instalaciones museísticas o paramuseísticas, buena parte de ellas, curiosamente, dependientes de las Administraciones locales (por lo tanto iniciativas públicas) y cuya ejecución ha contado también con recursos públicos, en varios casos de la Administración autónoma responsable de llevar el Censo citado y de supervisar, conforme a la normativa legal de aplicación, si esos centros cumplen los requisitos técnicos exigidos.” (Sierra, 2015, pág. 21-22). Tendo en conta a variedade de iniciativas “para-museais” na provincia de Ourense (Sierra, 2015), e que a proliferación de museos fóra do amparo da lei e con escaseza de recursos é un fenómeno que se estende por todo territorio galego, entendemos que é o momento de achegarnos a esta realidade. Nestas páxinas damos a coñecer un traballo que se realizou nos anos 2017 e 2018 que tiña por finalidade coñecer as diferentes iniciativas museo-

1. Datos recollidos do Servizo de Museos da Xunta de Galicia a través da súa páxina web consultada en setembro do ano 2023: <https://museos.xunta.gal/gl/xestion/servizo-de-museos>

2. Para un desenvolvemento máis detallado pode lerse os artigos de Xosé Carlos Sierra Rodríguez Los museos etno-antropolóxicos de Galicia. Panorama, casos y reflexiones en *Anales del Museo Nacional de Antropología*, II (1995), 191-216 https://www.libreria.culturaydeporte.gob.es/libro/anales-del-museo-nacional-de-anthropologia-ii-1995_4427/edicion/ebook-4208/ e Museos en Galicia. Identidades a escena en *Anales del Museo Nacional de Antropología*, XXII (2020), 147-180. https://www.libreria.culturaydeporte.gob.es/libro/anales-del-museo-nacional-de-anthropologia-xxii-2020_9993/

lógicas, privadas e públicas, que se están a levar ao cabo na provincia de Ourense, así como rexistrar as características básicas destas iniciativas, as súas actividades e tamén as carencias e necesidades para estes museos.

Coñecendo as coleccións e museos da provincia de Ourense

O Centro de Cultura popular Xaquín Lorenzo solicitou a colaboración da Área de Antropoloxía da Universidade de Vigo para realizar un proxecto que permitira realizar un diagnóstico da situación dos museos non recoñecidos na provincia de Ourense. O interese deste traballo era conseguir identificar museos e tamén aquelas outras iniciativas particulares ou públicas non recoñecidas como museos ou coleccións museográficas pero que se nutren do ideario dos museos e coleccións. Esta busca realizou-se primeiro nas redes de museos autonómica e tamén locais, pois o Centro de cultura popular Xaquín Lorenzo contaba xa con información, tamén se procurou información dos centros recoñecidos e recolléronse as novas na prensa local. En concreto, o baleirado de prensa realizouse nos xornais *La Voz de Galicia* edición Ourense e en *La Región* desde o ano 2000 ata o 2018. A primeira busca procurou ser extensiva anotar iniciativas de todo tipo en relación con coleccións e mostras particulares ou públicas en toda a provincia.

Estas fontes permitíronos localizar 68 iniciativas, localizadas en 56 concellos dos 92 cos que conta a Provincia de Ourense. O seguinte paso procurou obter información

para contactar coas iniciativas e só se puido localizar 40. Para obter datos de tantas iniciativas como fora posible confeccionouse un cuestionario online coa idea de obter datos sobre identificación, xestión, coleccións, público, actividades e necesidades das coleccións da provincia organizado en 28 preguntas.


Ante a dificultade de conseguir datos de contacto que permitiran acceder ás 40 iniciativas e museos, o cuestionario enviouse a todos os

concellos de Ourense acompañando dunha carta de presentación. Chamouse a todos os concellos e falou-se con todas as persoas encargadas do ámbito cultural, turístico ou sociocultural que tiñan ao seu cargo estas iniciativas ou as coñecían co fin de facilitar o cumprimento da enquisa pola maior parte de coleccións posibles. Consegúronse recoller datos de 24 centros (táboa 1), un 35% do total que se atopou na primeira fase localizados en 11 concellos (19,6 %).

Táboa 1. Número de iniciativas museais por concellos

CONCELLO	INICIATIVAS
ALLARIZ	DANZAS GREMAIS
	FESTA DO BOI
	XIGANTES E CABEZUDOS
	EXCAVACIONS MONTE DO SEÑORIÑO
	EXCAVACIONS CASTRO DE ARMEA
	EXCAVACIÓNS CASTELO DE MALPASOS
	MUSEO DA MODA DE ALLARIZ
	MUSEO GALEGO DO XOGUETE
	MUÑO DO BURATO
AMOIRO	MUSEO DO COIRO. “FÁBRICA DE CURTIDOS FAMILIA NOGUEIRAS”
	PAZO MUSEO DE OTRO PEDRAYO
	GRAN BIBLIOTECA DA MASONERÍA DE GALICIA
	EXPOSICIÓN 300 ANOS DE LIBREPENSAMENTO E MASONERÍA
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	INSTITUTO DE ESTUDIOS MASÓNICOS DE GALICIA
	MUSEO-TALLER OLERÍA TRADICIONAL DE NIÑODAGUIA
MANZANEDA	MONASTERIO CISTERCIENSE SANTA MARÍA DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
	MUSEO DO LIÑO E OUTROS DE SAN MIGUEL
CHANDREXA DE QUEIXA	MUSEO DO LIÑO E OUTROS DE SAN MIGUEL
ENTRIMO	CENTRO DA IDENTIDADE DE CHANDREXA DE QUEIXA
ESGOS	MUSEO PURA SANTOS
RÍOS	CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA RIBEIRA SACRA E DA VIDA MONÁSTICA DE SAN PEDRO DE ROCAS
BANDE	CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CASTAÑA
RIBADAVIA	CENTRO DE INTERPRETACIÓN AQUAE QUERQUENNAE-VÍA NOVA
OURENSE	MUSEO ETNOLÓXICO
	MUSEO DO TRAXE

Gráfico 1. Mostra de centros museolóxicos por concello



Desde estes datos xerais houbo que facer unha análise das respostas e en base a información que aportaban, así como as posibles desviacións. O resultado desta análise implicou recoller datos de 15 centros que se poden visualizar no gráfico 1: a maior parte dos concellos contan cunha soa iniciativa, coa salientable excepción de Allariz con catro (pois non se recollen os datos das tres representacións de patrimonio cultural inmaterial e as tres escavacións). O seguinte concello que presenta máis iniciativas patrimoniais é Amoeiro no que ademais do Pazo Museo Otero Pedrayo se engadiron a Biblioteca, a exposición e Instituto de Estudios Masónicos de Galicia. A efectos desta presentación optamos

por incluír só os datos do Instituto pois, segundo as respostas consignadas, entendemos que este engloba as coleccións da Biblioteca e a Exposición. Do concello Xunqueira de Espadanedo incluímos os dous centros que se anotaron na enquisa. No caso específico de Ribadavia foi contactado o Museo Etnolóxico mais non era comparable co resto de iniciativas debido as súas características distintivas, como son o seu cadro de persoal profesional e estable e a multiplicidade de actividades que realiza. Igualmente, non está incluído na mostra o Museo do Viño de Galicia, dependente do Museo Etnolóxico creado no ano 2019 e por tanto fóra do marco temporal da recollida de datos deste traballo³.

Destacar a imposibilidade de contactar con Museos recoñecidos na Rede galega como o Museo da Limia en Vilar de Santos, a Museo da Colexiata de Xunqueira de Ambía (hoxe pechado) ou o Museo galego do Entroido de Xinzo da Limia, que evidencian a necesidade de crear sinerxias que fagan posible que os museos, estean ou non dentro da rede de museos de Galicia, poidan manter as súas actividades de forma continuada.

Comezamos a exposición dos datos recollidos coa titularidade dos centros. A maior parte son públicos, pero hai presenza de organizacións privadas que posúen a propiedade legal das coleccións e o patrimonio (gráfico 2). Estas organizacións son diversas: asociacións, fundacións e Igrexa católica.

Os centros que integran a mostra, son relativamente novos pois a súa creación sitúase na última década do século XX e nas dúas primeiras do século XXI. No século XX, en 1990 créase o Museo do Liño en Manzaneda, uns anos mais tarde os museos do Parque Etnográfico do Río Arnoia mais o Museo do Xoguete, e o Centro da Identidade de Chandrexa de Queixa. O resto de museos inician a súa andaina no século XXI, entre o ano 2001 e 2017.

Gráfico 2. Titularidade das coleccións





Gráfico 3. Obxectivos das coleccións



3. DECRETO 86/2019, de 27 de xuño, polo que se crea o Museo do Viño de Galicia, dependente da Xunta de Galicia.

En base a relación continente e contido, a importancia da xestión destes dous aspectos dos museos, e da adaptación dos locais ás necesidades que se derivan da posta en marcha das funcións dos museos, preguntamos polo edificio que ocupan as coleccións e actividades para coñecer se estamos ante edificios con valor patrimonial ou de nova planta⁴. Os resultados indican que gran parte dos museos teñen como sede edificios con valor patrimonial (66,6%) e só catro desenvolven a súa actividade en edificios de nova planta (26,6%).

A información sobre os obxectivos dos distintos centros deriva dunha pregunta aberta, pois se entendeu que sería interesante coñecer como cada centro define a súa meta, a súa razón de ser. A partir das declaracións espontáneas codificouse as respostas en función do que apareceu como prioritario. Tomáronse entón como claves as fórmulas de xestión patrimonial. Así, a diversidade de respostas encadráronse nas tres accións básicas no traballo co patrimonio cultural: conservar, investigar, divulgar (Velasco, 2009); Ademais destas tres opcións, as respostas enviadas nomeaban obxectivos de carácter turístico, por exemplo “potenciar os recursos turísticos do Concello”; para este tipo de obxectivos escollemos o termo promoción, pois claramente describían iniciativas patrimoniais que nacen cunha vocación turística (Prats 2003; Santana, 2003).

As respostas acadadas nesta pregunta advírtenos da necesidade de fomentar as posibilidades educativas dos centros que xestionan patrimonio cultural, así como cen-

trar os esforzos na investigación. Ata aquí coñecemos os datos básicos dos museos locais na provincia de Ourense, e a continuación expoñanse os datos sobre os fondos que custodian.

As actividades e funcións dos museos da provincia de Ourense


Unha vez coñecidos os datos básicos da organización preséntanse os datos das coleccións que custodian cada un dos centros.

Para coñecer a temática dos fondos, fíxose unha pregunta pechada na que se podía escoller máis dunha resposta. Como se ve na táboa 2 hai unha certa mestura de temáticas na que teñen máis presenza as coleccións de etnografía e de historia.

Táboa 2. Temática dos fondos

ETNOGRAFÍA	11
HISTORIA	7
ARTE	4
ARQUEOLOXÍA	2
CIENTÍFICO-TÉCNICA	2
OUTRAS	3

Gráfico 4. Xestión das coleccións



En canto á procedencia das coleccións obtivéronse dez respostas que indican o alcance comarcal e local da maior parte dos museos, pois soamente dúas respostas sinalaron que as súas colección proceden do ámbito provincial, e un centro indicou a obtención de fondos de carácter galego.

As formas de ingreso das coleccións informan sobre a orixe dos fondos, así como da xestión de adquisicións. A pregunta realizouse de forma similar á anterior, pregunta pechada con varias posibilidades de resposta non excluíntes entre si.

Reflicítese na táboa 3 que a maior parte dos centros teñen fondos procedentes de doazóns, a seguinte forma de ingreso realízase por compra, realización das pezas ou foron ingresadas como depósitos.

Táboa 3. Tipos de ingreso de pezas

DOAZÓN	12
COMPRA	6
ELABORACIÓN PROPIA	5
DEPÓSITOS	5
RECOLECCIÓN	2
OUTRAS	3

Conservar e investigar son funcións básicas no ámbito patrimonial. Articúlanse a través dos rexistros e inventarios dos fondos, así como dos catálogos, por tanto é unha pregunta necesaria para coñecer como os museos da provincia de Ourense xestionan os seus fondos. Nesta pregunta incluíuse a posibilidade de consignar se estase a traballar co patrimonio cultural inmaterial. No gráfico 4 apréciase que o libro de rexistro é unha ferramenta utilizada só por un centro, mentres que o inventario e catálogo están máis estendidos. As outras formas de organización que se enviaron co cuestionario mencionan as publicacións e, no caso de traballar con patrimonio cultural inmaterial (PCI), sinalan a custodia de documentación audiovisual.

Só un museo conta con rexistro, oito museos con inventario e catro con catálogos. De novo, pódense ler estes datos como indicios da necesidade de colaboración entre museos e institucións públicas, para estandarizar a xestión das coleccións, un proceso que pode respectar a diversidade e casuística de cada centro, ao tempo que promove o intercambio de información, e que pode facilitar, sobre todo, unha primeira contribución para coñecer e difundir os fondos que cada centro custodia.

Organizar actividades propias ou traballar en colaboración con outros museos, con outras asociacións ou colectivos constitúe outro aspecto do traballo dos museos. Na táboa 4 apreciase que os museos de Ourense, teñen actividades propias pero non todos. Ademais semella haber dinámicas de colaboración intensa con asociacións e entidades e, en menor medida, con

outros museos e coleccións. Desde estes datos poderíase dicir que os museos contan con certa praxe de colaboración e intercambio, e que xa están a incluír o patrimonio cultural inmaterial como parte da súa actividade. Desexaríamos que estes museos puideran materializar todo o seu potencial coma centros de educación non formal e de participación cidadá, tal como sinala a definición de museo do ICOM, mais os datos que se recolleron indican que están lonxe de conseguir este obxectivo.

Táboa 4. Autoría e foco das actividades

	MUSEOS
PROPIAS	10
COLABORA CON OUTRAS ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA	9
ACOLLEN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR OUTRAS ENTIDADES	7
TRABALLAN CON PCI	5
TRABALLAN CON VOLUNTARIADO	4
COLABORAN CON OUTROS MUSEOS OU COLECCIÓNS	3

Visto que os museos da nosa mostra desenvolven actividades propias e alleas con colaboracións diversas, podemos preguntarnos se consideran que deberían ter máis actividades. Os datos recollidos indican que o 60% consideran necesario ofrecer máis actividades o cal podería constituir un bo punto de partida para establecer sinerxías e colaboracións. Preguntouse tamén se estas organizacións poderían contar cunha persoa dedicada á colaboración con outras entidades e neste caso so un terzo (5 entidades) indicou que sería posible.

En canto ao público destinatario do traballo destes museos, a enquisa proporcionaba as tres opcións que

aparecen na táboa 5: visitas individuais, escolares ou turistas. Como se pode apreciar os museos acollen de xeito unánime a turistas, case todos a escolares e tamén visitas individuais. Entendemos que todos os centros, consideran que o seu público se pode describir nesas tres categorías pois ningún deles suxeriron outras opcións nesta pregunta.

Táboa 5. Tipos de público.

	Respostas
TURISTAS	15
ESCOLARES	14
VISITAS INDIVIDUAIS	14

Non é tarefa desta primeira aproximación establecer unha descrición detallada do perfil de visitantes dos museos na provincia de Ourense, pero si ten por obxectivo facer un retrato dos centros e neste sentido importa identificar cando están dispoñibles, é dicir, anotar o seu horario de apertura. Establecéronse como respostas fixas tramos significativos de acordo ás diferentes fórmulas que se recolleron nos datos da prensa analizada, mais como xa se fixera noutras preguntas deixouse un espazo para que outras opcións foran anotadas de forma aberta. As respostas distinguen unha grande diversidade de opcións que se resumiron na táboa 6, agrupadas en base a un calendario de frecuencia semanal e outro anual. Así, 6 museos abren durante a semana, e 5 indican que abren os fins de semana e festivos Mentres, no calendario anual atopamos que os centros dividen o ano en base ás vacacións escolares. E son estes períodos, libres dos horarios académicos, os que se relacionan coa apertura dos museos: nas vacacións de a Semana santa, verán e Nadal.

4. Escolleuse a categoría de edificio como valor patrimonial nun sentido amplo para dar a coñecer se os locais que ocupan os museos, son patrimonio cultural ou ben, constitúan, a xuízo das persoas que contestan a enquisa, arquitecturas relevantes na construción do territorio ou na súa caracterización cultural.

Táboa 6. Calendario de apertura ao público

	Respostas
DÍAS DA SEMANAL	6
FINS DE SEMANA E FESTIVOS	5
CALENDARIO ANUAL	
SEMANA SANTA	7
VERÁN	6
NADAL	5
PECHADO	1
OUTRAS	9

En xeral, podemos dicir que os horarios non son fixos e os distintos centros indican que a súa apertura depende das temporadas e das actividades. Compróbase nestas respostas a precariedade dos centros en canto ao servizo ao público e queda reflectido que a súa actividade non é continuada.

Na actualidade, a presenza dos museos na redes sociais e na internet é unha parte importante da súa actividade de difusión. Neste sentido, os datos da enquisa realizada indican que a maior parte dos museos contan con páxina web e un porcentaxe alto Facebook (táboa 7). Blogs, Twitter e outras fórmulas de presenza na internet son minoritarias nas iniciativas que contestaron á enquisa.

Táboa 7. Presenza na Internet

TIPO DE SOPORTE	MUSEOS
PÁXINA WEB	11
FACEBOOK	7
BLOG	2
TWITTER	1
OUTROS	2

Ademais da información recollida na enquisa, para a redacción deste texto, realizouse unha busca de

todas as páxinas web dos centros desta mostra. En base a esta, pódese afirmar que no mes de setembro do ano 2023, os centros maiormente son accesibles a través da información dunha web na que se pode consultar horarios e forma de contacto, así como información de contidos e actividades. Esta información normalmente, salvo un par de excepcións, aparece en páxinas institucionais ben dos concellos ou de institucións como Turismo de Galicia, Turismo de Ourense ou consorcio de turismo Ribeira Sacra. Poucos teñen unha páxina web ou blog propios.

Na enquisa incluíuse un módulo final co obxecto de recoller necesidades do persoal dos centros, preguntando tamén por aquelas actividades que estarían interesados en realizar.

Táboa 8. Manifestación de interese por participar en accións formativas

	Respostas
EN PATRIMONIO CULTURAL	14
EN TIC'S	14
EN DESENVOLVEMENTO LOCAL	12
EN XESTIÓN DE VOLUNTARIADO	10

Pódese apreciar na táboa 8 que hai unha alta demanda de formación que debería ser atendida por parte das institucións que acollen estes museos, pero tamén por parte da administración autonómica e provincial. En xeral, apostando polas moitas posibilidades dos centros museísticos como lugares de encontro, comunicación, educación e comunidade, todas as autoridades da provincia que actúan no eido cultural e educativo están concernidas na procura de maior visibilidade e apoio ás súas demandas e actividades. Neste sentido cómpre dar

saída a formación tanto en patrimonio cultural, como en tecnoloxías da información e comunicación, desenvolvemento local e, en menor medida, na xestión de voluntariado.

En conxunto coa idea de atopar necesidades e tentar cubrilas desde a cooperación, preguntouse se estimaban interesante facer parte dunha rede profesional en patrimonio cultural na Provincia de Ourense. Obtivemos 13 respostas afirmativas. Por tanto, parece claro que atopamos unha demanda case unánime para construír unha rede que promova o intercambio de información, a formación e actividades nos museos da Provincia.

Para finalizar preguntouse por aquelas cuestións, recursos e accións, que se perciben como eivas, cuestións que se botan en falta ao desenvolver o traballo nestes museos e coleccións. A pregunta formulouse de forma aberta e as respostas, aínda que foron diversas, pódese dicir que reclaman basicamente axuda económica para o desenrolo de actividades, acondicionamento do local, axudas para a difusión e persoal para levar ao cabo as actividades ou para manter abertas as instalacións ao público. A continuación transcríbense algunhas desas solicitudes de mellora:

“Recursos económicos para arranxar o local e poder amosar a colección en perfecto estado.”

“Realizar accións de publicidade e de visibilidade das actividades que se realizan no centro.”

“Axudas económicas para o desenvolvemento de actividades culturais. Locais apropiados para desenvolver a súa actividade.”



“Orzamento específico, persoal propio...”

En definitiva, os datos aportados pola enquisa realizada, aínda que cativos, permiten contar cun número significativo de museos e “para-museos” que teñen características similares e necesidades semellantes. Nesta enquisa queda constatado que, para manter todos estes centros abertos, é precisa unha intervención decidida e de carácter política e pública, pois detectáronse carencias nas infraestruturas, persoal e desenvolvemento de actividades.

Recapitulando

Estas páxinas aportan información suficiente para continuar traballando por unha rede de patrimonio cultural da provincia de Ourense. Presentáronse datos de menos centros museísticos dos que se esperaba nun principio,

ao comezo da investigación, cando se conseguiron datos na prensa sobre 68 iniciativas museais na Provincia de Ourense. Por outra banda, aínda que era de interese recoller información de todos os museos locais, non se puido localizar unha persoa informadora en moitos deles como por exemplo o Museo da Limia ou o Museo galego do Entroido.

En calquera caso esta primeira aproximación é de utilidade como fonte informativa da diversidade e idiosincrasia do patrimonio cultural da provincia de Ourense, pois achega probas suficientemente relevantes para telas en conta e promover un cambio de orientación desde a pasividade e o desleixo, á acción e a coordinación, pois os resultados permítenos contar con 15 centros, que poden ser o cerne para poñer en marcha unha rede de coleccións e patrimonio na provincia de Ourense.

Non hai que esquecer a diversidade de centros tanto a nivel espacial como de titularidade e a pluralidade de especialistas con diferentes formacións e perspectivas que están xestionando o patrimonio na Provincia.

Para traballar de xeito coordinado entre as distintas administracións, institucións e museos, haberá que atender ás diferentes sensibilidades e obxectivos, así como a horarios e características moi diversas. Tanto a temática como a organización dos fondos destes centros é plural, e grazas a este traballo constatouse a importancia que se merecen as disciplinas etnográfica e histórica como áreas que deben guiar a formación no traballo patrimonial.

Apréciase tamén nas respostas que a maior parte das iniciativas non traballan soas, senón que xa teñen unha dinámica de colaboración con outras

entidades, asociacións ou museos e coleccións. Este feito é posible que favoreza a difusión dos contidos da futura rede, xunto coa constatación de que se percibe, por parte das persoas que traballan nos museos, como necesario realizar máis actividades e conseguir máis recursos para os locais, actividades e persoal. Maioritariamente os centros están dispostos a facer parte desa rede e nalgúns casos pensan que poderían dedicar tempo á formación da rede, o que semella un bo punto de partida para traballar.

É tamén prioritario encouzar as redes sociais e as TIC's como fórmula de comunicación e intercambio entre as diferentes iniciativas e profesionais. O análise nos di que a difusión e promoción son aspectos importantes nestes centros. Ademais de atende-las, sería de interese traballar en fórmulas de comunicación eficaces co obxecto de recuperar a conservación e a investigación como accións base na xestión patrimonial.

En moitas ocasións, cando se fala dunha situación que se coñece se nos interpela indicando que non se presentan datos para confirmar que iso que dicimos e sabemos por que somos profesionais dun campo determinado debe estar avalado por datos, a ser posible cuantitativos, números que avalen políticas. Non estou certa que estes números cativos sexan o suficientemente clamorosos para motivar un cambio de rumbo, para conseguir a suficiente vontade, política, de poñer en marcha un proxecto profesional, non voluntario como este informe que se presenta aquí, e comezar a dar soporte á rede de centros museolóxicos da provincia de Ourense.

Referencias bibliográficas

ÁLVAREZ-LIRES, María M. (2015). «Sarmiento visto por Filgueira (1906-1996): o antecente sarmentiano do Seminario de Estudos Galegos», *Boletín da Real Academia Galega*, 376, 219-243.

BERAMENDI, Justo G; Ledo, Agar e Conde Lourido, J. David (2017). «O Museo do Pobo Galego é do pobo non só no nome: conversa con Justo Beramendi». *Grial: revista galega de cultura*, 216, 50-59.

BRAÑA REY, Fátima (2008). *O Museo do Pobo Galego: contedor de valor*. Santiago de Compostela: Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

CARLUCCI, Laura, & SEIBEL, Claudia (2020). El discurso especializado en el museo inclusivo: lectura fácil versus audio-descripción. *MonTI. Monografías de Traducción e Interpretación*, (12), 262-294. <https://doi.org/10.6035/MonTI.2020.12.09>

CASTEJÓN IBÁÑEZ, Magdalena. (2022). «El museo como catalizador cultural: una revisión desde la museología social, la educación no formal y la comunicación». *Diferents. Revista De Museus*, 7, 52-69. <https://doi.org/10.6035/diferents.6463>

DECRETO 111/1993, de 22 de mayo, por el que se reconoce al Museo do Pobo Galego como centro sintetizador de los museos y colecciones antropológicos de Galicia. *Documento oficial de Galicia*, 102, 3543-3544.

DE SIQUEIRA, Juliana Maria (2017). «Bem viver, Ubuntu e a Sociomuseologia: contribuições para descolonizar a Educação Museal». Sede de Occidente. *Revista Pensamiento Actual*, 17 – 28.

FARIÑA BUSTO, Francisco (2017). «Encol das orixes dos museos e coleccións etnográficas de Galicia». *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 41, 6-17.

FERNÁNDEZ DOS REIS DÍEZ, Ana Mercedes (2015). «La creación de valor en el museo y la sociomuseología». *Complutum*, 26(2), 199-206.

GALLA, Amareswar (2014). «El Museo inclusivo». *Museos.es*, 9-19, 40-53.

ICOM, Consejo Internacional de Museos (2022). Asamblea general extraordinaria. Mércores, 24 de agosto de 2022, https://www.icom-ce.org/wp-content/uploads/2022/08/ES_EGA2022_MuseumDefinition_WDoc_Final-2.pdf

LORENTE, Jesús Pedro (2015). «Estrategias museográficas actuales relacionadas con la museología crítica». *Complutum*, 26(2), 111-120.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1962). «Etnografía. Cultura Material». En Otero Pedrayo (Dir.) *Historia de Galiza*. Volume II. Bos Aires: Nós.

MATO, Alfonso (2001). *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.

NAVAJAS CORRAL, Óscar & Fernández Fernández, Jesús (2016). «El profesional de la museología social. Competencias, habilidades y futuro para su implicación en el desarrollo territorial». *e"rph*, 19, 152-173.

PRATS, Llorens (1997). *Antropología y Patrimonio*. Barcelona: Ariel.

PRATS, Llorens (2003)- «Patrimonio + Turismo = ¿Desarrollo?». *Pasos: Revista de Turismo y Patrimonio Cultural*, 1- 2, 127-136.

RECA, María Marta M.; Canzanim Ana I. e Domínguez, María Cecilia Luz (2020). «Diálogos con el público: estudio etnográfico de las representaciones sociales en torno a la exhibición de restos humanos (RH)». *Antipod. Revista Antropología Arqueología*, 38 · Bogotá, 93-113 <https://doi.org/10.7440/antipoda38.2020.05>

SANTANA TALAVERA, Agustín (2003). «Patrimonios culturales y turistas: Unos leen lo que otros miran». *Pasos*, 1:1-12.

SEG (1934). *Seminario de Estudos Galegos. Dez anos de traballo 1923-1934*. Seminario de Estudos Galegos, Santiago de Compostela.

SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé Carlos (2015).« Imágenes y representaciones culturales en los museos de Galicia». *Revista Andaluza de Antropología*, 9, 16-51.

VELASCO GONZÁLEZ, María (2009). «Gestión turística del patrimonio cultural: Enfoques para un desarrollo sostenible del turismo cultural». *Cuadernos de Turismo*, 23: 237-253.

80 Aniversario do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Pablo Sánchez Ferro

Director do Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

(Homenaxe a Xesús Ferro Couselo)



*Xesús Ferro Couselo en Castromao
Foto Reza*

Neste ano 2023, cumprimos o 80 aniversario do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, unha das máis importantes institucións culturais de Galicia, e un dos máis destacados arquivos históricos provinciais do Estado, debido á gran riqueza e singularidade dos seus fondos documentais, que abranguen mil anos da nosa historia, pois o testemuño máis antigo que custodia remóntase ao ano 974, unha permuta de terras recollida nun antigo pergamino que marca o punto de partida dunha viaxe milenaria a través dun innúmero de documentos históricos que dan conta do devir da provincia de Ourense.¹

A creación deste centro non foi sinxela, polo contexto temporal no que se produciu. Un cúmulo de circunstancias adversas adiou a súa existencia. Estas liñas pretenden lembrar como foi o proceso de creación do Arquivo, no que destacaron os esforzos realizados por Xesús Ferro Couselo, a quen debemos a súa fundación.

O 12 de novembro do ano 1931 publicouse un decreto interministerial asinado polo Ministerio de Graza e Xustiza e o Ministerio de Belas Artes e Instrución

Pública destinado a garantir a conservación do tesouro documental español: «a este fin se crean en las capitales de provincia los Archivos históricos provinciales, en los que habrá de concentrarse la documentación histórica que se halla dispersa por España en multitud de archivos y dependencias de diversas entidades, en riesgo de perecer». O mandato do decreto non se cumpriu de modo inmediato en tódalas provincias españolas, existindo significativas particularidades territoriais.

Ourense tivo que agardar máis dunha década para a fundación do seu Arquivo. Os intentos iniciais, nos que importantes personalidades da intelectualidade ourensá estiveron implicados (Marcelo Macías, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco...), foron infrutuosos. Os esforzos de Juan Fernández “Xesta” como facultativo de arquivos, bibliotecas e museos encargado de impulsar o proceso de creación non tiveron a resposta institucional pertinente. A Deputación e o Concello, non proporcionaron nin o local nin os medios materiais que estaban obrigados a achegar para a dotar de infraestrutura e medios ao Arquivo de titularidade estatal. A solución non chegou ata 1943, da man de Xesús Ferro Couselo.²

1. SÁNCHEZ FERRO, P. (Coord.) (2006). *Guía do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*. Vigo: Xunta de Galicia.

2. SÁNCHEZ FERRO, P. e SANDOVAL VERA, F. (2008). *As orixes do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*. Ourense: Xunta de Galicia.



Xesús Ferro Couselo

O intelectual galeguista viviu os tempos convulsos da Guerra Civil en Madrid, onde o seu «carnet de militante galleguista (*sic.*)» habíalle servir para dispensar favores humanitarios», como salientou o seu amigo Francisco Fernández del Riego cando dedicaron a Ferro Couselo o Día das Letras Galegas no ano 1996; dáse a feliz coincidencia que este ano está dedicado ao primeiro. Deste xeito ambos intelectuais recibiron o máis importante recoñecemento póstumo da cultura galega, sendo ambos os promotores desa celebración, xunto con Gómez Román no ano 1963, como indica a Real Academia Galega:

“O Día das Letras é unha data consagrada á exaltación e promoción da nosa literatura e da nosa lingua arredor da cal se celebran no noso país, e no estranxeiro, numerosas producións e eventos culturais de homenaxe á figura escollida. O 20 de marzo de 1963, coincidindo co centenario da publicación de Cantares Gallegos, de Rosalía

*de Castro, os académicos de número Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo propuxeron a celebración do Día das Letras Galegas no seguinte escrito presentado á Academia.”*³

Pouco despois, no ano 1941, Ferro superou a oposición do Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos, o máis alto corpo de funcionarios do Estado español habilitado para a conservación e custodia do patrimonio cultural. Daquela Ferro Couselo tivo un excelente resultado, que lle deu a posibilidade de escoller un destino moito máis suculento como arquivista nun dos máis importantes arquivos españois, o Arquivo de Indias, mais –para sorpresa e ledicia de quen escollía tras el– preferiu manterse vinculado á súa terra nai, Galicia, á que dedicou todos os seus esforzos vitais para a defensa e acrecentamento da súa lingua e a súa cultura.⁴

En Ourense desempeñou un labor moi esforzado, pois, ademais de ser profesor de ensino secundario das materias de latín e filosofía, chegou a ter encomendada a dirección do Museo Arqueolóxico, da Biblioteca Pública do Estado, e do Arquivo da Delegación do Ministerio de Facenda, desde onde fundou o Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOU). Grazas a unha solución moi pragmática de Ferro Couselo, o AHPOU quedou constituído sen sede propia, na dependencia da Delegación do Ministerio de Facenda en 1943. Era unha solución aplicada na provincia de Pontevedra, e que inspirou á de Ourense.

A fase de constitución do Arquivo Histórico Provincial de Ourense foi dirixida por Ferro Couselo entre 1943 e 1968, sendo a dirección máis longa das habidas. Nesa primeira etapa da nosa historia ingresaron os fondos de maior relevo da provincia, de xeito que hoxe contamos cun dos máis destacados arquivos históricos provinciais do Estado.

Os fondos iniciais do Arquivo foron varios e de gran relevo cultural, dun valor histórico incalculable. En primeiro lugar, destacan aqueles producidos polas institucións relixiosas da provincia desde a Idade Media ata o momento da Desamortización dos bens

eclesiásticos acontecida no século XIX, debida á política do Estado Liberal, que pretendía inserir o patrimonio desas institucións relixiosas no libre mercado, co fin principal de dinamizar a libre compra-venda dos bens raíces e a explotación das terras.

Ourense ten unha particularidade respecto ás outras provincias españolas. En 1866 creouse o Arquivo Histórico Nacional en Madrid por iniciativa da Real Academia da Historia, co fin de recoller, entre outros, os documentos antigos das institucións eclesiásticas desamortizadas que permanecían nas dependencias das delegacións provinciais do Ministerio de Facenda. Eses documentos de carácter patrimonial (títulos de propiedade, contratos de arrendamento por medio do foro, libros de contas, etc.) foron inicialmente utilizados polo Estado para a venda en poxa pública dos bens raíces e inmobles daquelas institucións. Despois perderon o valor administrativo, mais deduciuse un valor histórico dada a importancia que a Igrexa tivo na configuración das sociedades medievais e do Antigo Réxime (finais do s. XV- s. XVIII); algo que foi especialmente determinante no caso de Galicia, cuxo paisaxe antrópico está intimamente condicionado pola acción dos mosteiros no medio rural e das mitras que controlaron amplos territorios desde os centros urbanos. No caso de Ourense, só unha parte dos documentos eclesiásticos pasou a Madrid. O volume máis extenso quedou na delegación de Facenda de Ourense, para integrarse como fondo fundacional do AHPOU. Aquí quedaron os documentos dos mosteiros e os conventos clave na historia da provincia (Celanova, Oseira, Santo Estevo, Santa Cristina, Montederramo...).

Os fondos documentais das institucións relixiosas foron tratados arquivisticamente por Ferro Couselo, como mostra o *Catálogo de libros da Sección de Clero* do AHPOU, que publicou o Ministerio de Cultura postumamente, en 1980, cuxo prólogo institucional indicaba que a obra era «una muestra más de la extraordinaria labor desarrollada por el que fue nuestro querido amigo y compañero don Jesús Ferro Couselo durante los años de dirección del Archivo Histórico Provincial de Ourense, por él creado en el año 1943, a base de fondos dispersos de instituciones». O catálogo é unha mostra do labor ímprobo que



fixo aquel para poñer ao servizo da investigación tan importantes fontes documentais, cuxa descrición require unha alta cualificación na lectura das letras antigas (Paleografía) e o coñecemento dos tipos documentais (Diplomática).⁵

Tamén foi parte dos fondos documentais iniciais do noso Arquivo a documentación fiscal producida a raíz do intento de simplificar as distintas rendas provinciais da Coroa de Castela e crear unha única contribución calculada sobre a riqueza a mediados do século XVIII. Esa documentación é hoxe comunmente coñecida como Catastro de Ensenada, facendo alusión ao promotor da iniciativa, Zenón de Somodevilla y Bengoechea, I Marqués de Ensenada, e Secretario de Estado de Facenda. Este foi o primeiro catastro realizado na Coroa de Castela, na que estaba incluído o Reino de Galicia. É unha das fontes documentais máis consultadas no AHPOU, pois proporciona unha “radiografía” da riqueza existente na nosa provincia naquela centuria, e permite coñecer aspectos moi variados como a poboación, as propiedades territoriais, edificios, gañados/gandería, oficios, rendas, incluídos os censos; mesmo das características xeográficas

3. Real Academia Galega (2023). “A festa da lingua galega”. Dispoñible en: <https://academia.gal/letras-galegas/historia> [Consultado: 21-11-2023].

4. FARIÑA BUSTO, F. (1996). *Ferro Couselo. Ensinante, galleguista, arqueólogo, erudito, investigador. O protector do noso patrimonio cultural*. Vigo: Ir Indo.

5. FERRO COUSELO, J. (1980). *Catálogo de libros de la Sección de Clero*. Madrid: Ministerio de Cultura.



Fachada da anterior sede do AHPOU no antigo Palacio dos Bispos e Ourense.

Foto Manuel Ángel García Yanes

cumento manuscrito custodiado no fondo da secretaría do Arquivo. Anos despois ese traballo foi a base consistente para o Catálogo que se publicou baixo a dirección de Olga Gallego en 1989, ela así o declarou: «El Catálogo es una obra colectiva basada, fundamentalmente, en el realizado por nuestro predecesor en el Archivo, D. Jesús Ferro Couselo».⁶ Hai que lembrar, tamén, as achegas a esa obra de Elvira Alonso-Cuevillas, e Elisa Fernández-Pousa Suárez, quen sería directora do centro despois daquela, entre 1989 e o 2005.⁷

Outro fondo de gran valor histórico e potencialidade informativa está constituído polos protocolos notariais centenarios da provincia. O protocolo notarial foi creado a principios do século XVI por mandato

de cada poboación, con indicación dos seus lindes e outros aspectos, como a existencia de montes comunais, cunha información que aínda hoxe permite dirimir conflitos entre municipios e particulares pola titularidade deses espazos naturais con recursos madeiros e situación, hoxe, favorables á instalación de aeroxeradores eólicos, eses muíños con aspas que colonizan as cumes de montes da nosa paisaxe.

A documentación do Catastro de Ensenada estaba igualmente no Arquivo da Delegación do Ministerio de Facenda, pasando ao Arquivo Histórico Provincial no momento da súa fundación en 1943. Ferro catalogou o Catastro de Ensenada, como consta en do-

da raíña Isabel a Católica, desde entón temos a serie histórica ata os últimos que teñen cen anos (os de 1923 ingresan neste ano 2023). O protocolo é o conxunto das escrituras outorgadas nun ano por un notario, que deben ser encadernadas para evitar o seu extravío, obrigando aos notarios a ceder a documentación a quen lles substituíse na súa notaria. Nesta documentación late a vida cotiá da provincia a través de testamentos, compravendas, dotes, inventarios *post mortem* e outros tipos documentais que atinxen a moitos aspectos das relacións humanas a través dos séculos. A recuperación dos protocolos non sempre foi sinxela. Foron numerosas as veces nas que Ferro Couselo tivo que rescatalos de cortellos e outros lugares impropios.

6. GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (1989). *El Catastro de Ensenada en la provincia de Orense*. Madrid: Ministerio de Cultura, p. 8.
7. SÁNCHEZ FERRO, P. "Obituario: Una protectora de la historia local". *La Región* [26/04/2019]. Disponible en: <https://www.laregion.es/articulo/ourense/protectora-historia-local/20190426102724868109.html> [Consultado: 21-11-2023].

Grazas a ese esforzo, hoxe contamos cun fondo notarial de inmenso potencial informativo dos distintos lugares da provincia. Entre eles hai achados que nos permiten coñecer aspectos do pasado que xa non existen, como mostra o exemplo singular do alzado da Porta da Aira que unía a cidade con Castela, e que hoxe xa non perdura con completude na súa situación orixinal; é posible ver un ínfimo rastro dela a nivel do chan ao comezo da rúa Julio Prieto Nespereira, tan só os restos ruinosos da que foi nun tempo pasado tan importante porta da cidade.⁸ A voracidade urbanística non tivo empacho ao engulila; se ben o Concello fixo unha intervención relativamente recente para conservar algúns restos que tiñan perigo de derrube pola mala situación dos inmobles colindantes.⁹

Unha documentación importantísima para coñecer a nosa historia que ingresou na etapa de formación do AHPOU é a que procede do Concello de Ourense, un dos fondos municipais máis ricos do Estado Español, pois conserva numerosos documentos medievais. Entre as series documentais producidas por esta institución que gobernaba a cidade e o territorio integrado no seu municipio están os libros de acordos. O máis antigo é de 1431 e vai ata o ano 1437. Neses libros podemos rescatar as distintas ordenanzas municipais, relativas aos distintos aspectos organizativos da vida da cidade, como as que regulamentan os enterros, o subministro da carne ou a construción, entre outros.

Noutra orde de cousas, na historia do AHPOU salienta a consecución dunha sede propia no antigo Palacio dos Bispos de Ourense, que dá á Praza Maior. Ese edificio estivo a piques de sufrir o derrube dunha parte por iniciativa dos comerciantes que tiñan tendas na zona, co fin de ampliar o espazo de tránsito. Ferro encabezou a contraposición a esa posible desfeita con éxito suficiente para manter a integridade do edificio, e dedícalo despois a Arquivo Histórico Provincial e Museo Arqueolóxico (actualmente o edificio pasará a ser sede exclusiva deste último). D. Ramón Otero Pedrayo, o Patriarca das Letras Galegas (hoxe apeado desa consideración tradicional pasando a ser "Príncipe" por mor dos novos usos lingüísticos), na súa *Guía de Ourense* dicía o seguinte:

8. Gallego Domínguez, O. (2001). *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos*. Ourense: *Boletín Avriense*, Anexo 27, 33.
9. Eguileta Franco, J. M. (2006). "Intervenciones recientes en Porta da Aira (Ourense) los controles arqueológicos de 2001 y 2004", *Porta da aira: revista de historia del arte ourensano*, 11, pp. 229-252.
10. OTERO PEDRAYO, R. (1973). *Ourense*. Vigo: Editorial Bibliófilos Gallegos, p. 83.



Olga Gallego

*«En pocos años y desde la adquisición por el Estado, se ha formado y está a punto de perfección, un complejo Museo, Archivo y Biblioteca, con salas de conferencias y conciertos de los más ricos y dignos de España en su noble dedicación. Va siendo cada vez más el hogar de la cultura ourensana. A riesgo, sin duda, de ofender su modestia, escribimos con respeto el nombre de D. Jesús Ferro Couselo, actual director y principal inspirador de la obra».*¹⁰

O ilustre director do Arquivo do Reino de Galicia, D. Antonio Gil Merino, tamén mostrou a importancia de Ferro Couselo na creación do AHPOu coas seguintes palabras no seu prólogo á *Guía do Arquivo Histórico Provincial de Orense* de 1977 realizada por Olga Gallego:

«El actual Archivo Histórico, aunque creado en virtud del Decreto de 12 de noviembre de 1931, no tuvo una real efectividad hasta septiembre de 1943, siendo su primer director Don Jesús Ferro Couselo, ilus-



e o Museo Arqueolóxico de Ourense, que se converteron en eixe transmisor e custodio da identidade do noso pobo. Ó mesmo tempo, o historiador era consciente da necesidade de organizar un bo arquivo que albergase a memoria histórica do pobo.

Ese labor calado, escuro, pesado e ingrato a facer nun arquivo realizouno Ferro cunha conciencia e coidado extremo, conseguido aunar esforzos e vontades e achegar nunha institución, que acadou perfís modélicos ata ser, na continuidade do esforzo, referencia do seu nivel para a formación dos arquivistas latino-americanos que estudaron en España nas décadas dos anos setenta e oitenta, unha parte importante das fontes para a historia de Galicia.

Se entendemos por arquivista a persoa que leva a cabo as funcións de tal, é dicir, achegar, custodiar, describir, comunicar e espallar a información contida na documentación xerada polas institucións públicas e privadas, Ferro fíxoo arreo».¹²

A sucesora de Ferro Couselo na dirección do AHPOU, a nosa cara amiga Olga Gallego Domínguez, de quen celebramos con satisfacción o centenario do seu nacemento neste ano, fixo unha enorme gabanza do labor do seu antecesor en reiteradas ocasións. Con motivo da dedicación no ano 1996 do Día das Letras Galegas a Ferro Couselo ela escribiu o seguinte:

«A personalidade polifacética de Ferro, que se verteu en múltiples actividades máis brillantes, impediron que a súa faciana de arquivista fose suficientemente estudada e apreciada.

Ferro foi, ante todo, creador e dinamizador de institucións culturais como o Arquivo Histórico



Fachada actual do Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Foto Manuel Ángel García Yanes

co, cada vez máis determinados polos usos foráneos chegados desde a Corte. A el debemos a escolma pioneira de documentos en galego antigos, no seu libro *A vida e a fala dos devanceiros*, publicada pola editorial Galaxia.

Francisco Fernández del Riego, un dos fundadores desa editorial xunto co propio Ferro, deixou testemuña da elevada estima que tiña polo seu amigo Ferro Couselo. Estima que é patente en diversos apartados do libro daquel sobre a Xeración Galaxia, por exemplo cando fala das publicacións da Fundación Penzol, da que ambos eran membros, gabando o «importante libro *A vida e a fala dos devanceiros*», o primeiro desa colección, que supuxo un fito na publicación de documentos anti-

gos en lingua galega. A súa formación como arquivista foi esencial na recuperación e visibilización de tan importantes materiais para a historia da lingua galega.¹³

Non podemos deixar, ademais, de mencionar dous aspectos que son moi salientables. A súa pertenza a distintas academias egrexias. Por unha banda como membro de número da Real Academia Galega, e por outra como membro correspondente da Academia Española da Historia. Así mesmo foi membro do Seminario de Estudos Galegos, do que este ano se celebra o centenario, outro aspecto que invita a honrar a memoria de Ferro Couselo, algo que sabemos que está a facer o Consello da Cultura Galega.

11. Gil Merino A. (1977). "Prólogo". En: Gallego Domínguez, O. *Arquivo Histórico Provincial. Guía del investigador*. Orense, 1977, pp. 8 e 9.
12. Gallego Domínguez, O. (1996). "D. Xesús Ferro Couselo arquivista". En VV. AA., *Xesús Ferro Couselo. Lembranzas, Actividades*.

13. Fernández del Riego, F. (1996). *A Xeración Galaxia*. Vigo: Galaxia, p. 115.

Aínda que sería posible achegar máis elementos para mostrar o importantísimo labor que fixo Ferro Couselo non só para crear e desenvolver o AHPOU, senón tamén por Galicia, limitámonos a lembrar que recibiu a Orden Civil de Afonso X polo mérito contraído no campo da cultura e polos servizos prestados a España.

Ourense foi agradecida con el, polos moitos esforzos que con humildade realizou a favor da conservación do noso rico patrimonio cultural e do seu coñecemento, e difusión a través non só da importante publicación do *Boletín Avriense*, no que quedaron recollidos moitos dos seus traballo realizados con documentos históricos do noso Arquivo. A maior mostra dese agradecemento foi o seu nomeamento póstumo como fillo adoptivo da cidade.

Hoxe o Arquivo Histórico Provincial de Ourense é un referente da cultura galega non só polo esforzo do seu fundador e primeiro director. Moitos esforzos colectivos confluíron para que ao longo destes 80 anos contemos cunha institución de tanto relevo. A todas as persoas que pasaron por el debemos estarlles agradecidos polo seu esforzo profesional. Actualmente o Arquivo conta cun equipo humano cun gran compromiso no desenvolvemento das súas funcións. Por outra banda, despois de moitos anos esperado unha sede maior e moderna, para dar cabida ao crecemento exponencial de documentos das administracións públicas, por fin contamos co edificio do antigo convento e cuartel de San Francisco, un edificio emblemático da cidade, que hoxe conforma un nodo cultural de primeira orde coa Biblioteca Pública do Estado Nós.

Coincide que este ano 2023 é o centenario da declaración do claustro de San Francisco como monumento histórico-artístico. Este espazo arquitectónico é unha xoia do gótico ourensá (con elementos románicos) que proporciona un valor cultural enorme á sede do Arquivo Histórico Provincial.¹⁴ Con motivo desta efeméride Correos emitiu un selo conmemorativo; se ben a imaxe que consta nel é da fachada rea-

lizada no século XX polos militares, coincidindo coa fase de cuartel do edificio que antes foi convento ata a exclaustración realizada pola desamortización eclesiástica liberal.¹⁵ A pesar de que o selo vai ser un modesto embaixador do rico patrimonio cultural ourensá, máis lóxico fora que constase a imaxe do fermoso claustro, como xa se fixo nunha estampíña de 1970.¹⁶

Queremos aproveitar estas liñas para agradecer publicamente á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a súa sensibilidade e apoio na celebración dos 80 anos do AHPOU, xunto co centenario de Olga Gallego Domínguez, insigne arquivista ourensá que continuou no AHPOU co labor comezado por Ferro Couselo na consolidación dunha institución referente en Galicia e no Estado.¹⁷

Igualmente, agradecemos a Xulio Fernández Senra a súa xenerosa invitación a participar neste número conmemorativo de *Raigame*, revista cunha traxectoria consolidada e admirable na difusión da nosa cultura, que el dirixe con dedicación e acerto, dando acollida a todas as sensibilidades que coinciden na defensa das nosas raíces e da nosa identidade como pobo.



Bibliografía

EGUILLETA FRANCO, J. M. (2006). “Intervenciones recientes en Porta da Aira (Ourense) los controles arqueológicos de 2001 y 2004”, *Porta da aira: revista de historia del arte orensano*, 11, pp. 229-252.

FARIÑA BUSTO, F. (1996). *Ferro Couselo. Ensinante, galleguista, arqueólogo, erudito, investigador. O protector do noso patrimonio cultural*. Vigo: Ir Indo.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1996). *A Xeración Galaxia*. Vigo: Galaxia, p. 115.

FERRO COUSELO, J. (1980). *Catálogo de libros de la Sección de Clero*. Madrid: Ministerio de Cultura.

FRAGA SAMPEDRO, M^º D., *San Francisco de Ourense. Análisis Histórico-Artístico de la iglesia y convento*. Ourense: *Boletín Avriense*, 2002.

GIL MERINO A. (1977). “Prolgo”, en Gallego Domínguez, O. *Archivo Histórico Provincial. Guía del investigador*. Orense, 1977, pp. 8 e 9.

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (2001). *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos*. Ourense: *Boletín Avriense*, Anexo 27, 33.

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (1989). *El Catastro de Ensenada en la provincia de Orense*. Madrid: Ministerio de Cultura, p. 8.

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (1996). “D. Xesús Ferro Couselo arquivista”, en VV. AA., *Xesús Ferro Couselo. Lembranzas, Actividades. Inquedanzas*. Ourense: *Boletín Avriense*, p. 139 e 140.

OTERO PEDRAYO, R. (1973). *Orense*. Vigo: Editorial Bibliófilos Gallegos, p. 83.

RODRÍGUEZ PENA, X. (2009). “O claustro de San Francisco”. En: Vispo Rodríguez R., A. L. (Coord.). *Galicia en anaquiños de papel*. Universidade de Vigo, pp. 108-109.

Real Academia Galega (2023). “A festa da lingua galega”. Disponível en: <https://academia.gal/letras-galegas/historia> [Consultado: 21-11-2023].

RODRÍGUEZ PENA, X. (2009). “O claustro de San Francisco”. En: Vispo Rodríguez R., A. L. (Coord.). *Galicia en anaquiños de papel*. Universidade de Vigo, pp. 108-109.

SÁNCHEZ FERRO, P. “Obituario: Una protectora de la historia local”. *La Región* [26/04/2019]. Disponível en: <https://www.laregion.es/articulo/ourense/protectora-historia-local/20190426102724868109.html> [Consultado: 21-11-2023].

SÁNCHEZ FERRO, P. (2008). *Olga Gallego Domínguez. O tecido da historia*. Vigo: Fundación Otero Pedrayo, 2008.

SÁNCHEZ FERRO, P. e SANDOVAL VEEA, F. (2008). *As orixes do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*. Ourense: Xunta de Galicia.

SÁNCHEZ FERRO, P. (Coord.) (2006). *Guía do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*. Vigo: Xunta de Galicia.

14. Fraga Sampedro, M^º D., *San Francisco de Ourense. Análisis Histórico-Artístico de la iglesia y convento*. Ourense: *Boletín Avriense*, 2002.

15. A imaxe do selo conmemorativo emitido neste ano 2023 coa fachada militar do edificio é da autoría de Francisco Sandoval Vereá, técnico de arquivos do AHPOU.

16. Rodríguez Pena, X. (2009). “O claustro de San Francisco”. En: Vispo Rodríguez R., A. L. (Coord.). *Galicia en anaquiños de papel*. Universidade de Vigo, pp. 108-109.

17. Sánchez Ferro, P. (2008). *Olga Gallego Domínguez. O tecido da historia*. Vigo: Fundación Otero Pedrayo.



A fachada da igrexa de San Francisco antes do seu desmonte e traslado

Patrimonio Histórico e Cultural ou desfeita

Cousas e casos
do Patrimonio
ourensán

F. Fariña Busto
Arqueólogo
Patrón do Museo do Pobo Galego

Cada pouco aparecen nos medios de comunicación noticias a propósito do mal estado de bens culturais, sobre todo, monumentos que teñen algún recoñecemento e mesmo protección oficial recoñecida como bens de interese cultural (BIC, a máxima categoría da protección), ou bens catalogados ou inventariados (categorías con menor protección, pero que tamén aparecen definidos no marco legal). Así, un ano tras outro, e na meirande parte dos casos son case sempre os mesmos, aínda que tamén se aprecia que en cada ocasión aparecen novas incorporacións, e mesmo nalgún caso, case como excepción, sae algún ben da lista.

Non pretendemos ser exhaustivos e, a título de exemplo, pódense ver relacións como as que neste ano figuraron non hai moito nos xornais, e que se repiten anos sucesivos¹. E chama tamén a atención a desidia, por non dicir algo máis forte, e a falla de actuación das autoridades de tutela, fundamentalmente os organismos de Administración que teñen o encargo de vixiar, protexer e intervir,

se é o caso, para evitar esas desfeitas patrimoniais, xa que a meirande parte dos bens son os mesmos, cada vez en peor estado de conservación, pero son escasos os procedementos xudiciais incoados en defensa do patrimonio construído. Paralelamente, os mesmos medios de comunicación difunden amplamente os atractivos que teñen os bens patrimoniais, a importancia dos monumentos, tanto polo que teñen de riqueza como de atractivo comercial ou turístico, en aberto contraste co abandono que presentan.

Xa que logo, atopámonos nunha aberta contradición entre o que se publica como atractivo para ser coñecido, e a desatención con elementos máis ou menos significativos dos bens dos que se fai propaganda e o seu estado de abandono, como sucedeu hai anos na campaña de promoción da cidade de Ourense en “Fitur”, centrada na promoción dun monumento singular como o Claustro de San Francisco, precisamente nun momento en que as obras de remodelación do conxunto o mantiñan sen acceso².

1. *La Opinión* (A Coruña), 21/07/2015. Cándida Andaluz: “Que monumentos ourensanos están en la lista roja” *La Voz de Galicia*, 6/01/2016. *Faro de Vigo*, 10/08/2021. Lista Roja. Hispania Nostra, <https://hispanianostra.org/> data 2/11/2021. *El Español*, 2 abril 2023. Javier Fraiz: “Una decena de monumentos víctimas del abandono. Varios BIC o patrimonio catalogado, pero su protección no garantiza su conservación” en *Faro de Vigo* 17/7/2023, título, o último, ben expresivo dunha realidade incontestable.

Cumple indicar que a Lista vermella do patrimonio é una iniciativa da asociación de defensa do patrimonio “Hispania Nostra”, que conta cun comité de expertos e especialistas en patrimonio cultural, que definen os criterios de inclusión dos bens na mencionada lista, baseándose na importancia histórica e arquitectónica do ben considerado, do seu estado de conservación e dos riscos que o afectan.

2. Promocións de Ourense en Fitur 2003/2004 e campaña publicitaria con grandes carteis e inserción de publicidade en medios de comunicación coa mesma imaxe.



Obras de traslado da Igrexa de San Francisco



A fachada no emprazamento actual, sen torre

Ás veces a loita prodúcese entre departamentos da propia Administración. Un par de exemplos. Un, o departamento de Patrimonio Natural da Xunta vén advertindo desde 2015 da necesidade de avaliar globalmente o impacto dos embarcadoiros da Ribeira Sacra, pero ao tempo Turismo de Galicia quere impulsar esa actividade económica³, sen reparar nos efectos destrutivos que o turismo incontrolado ten cando as posibilidades de mantemento tropezan co excesivo uso, tema que vén sendo obxecto de debate dende hai moitos anos entre os expertos, e en tempos recentes se cuestionan incluso as políticas de promoción turística. Outro podémolo encontrar nas actuacións en torno a San Pedro de Rocas, con ampla repercusión nos medios de comunicación⁴.

Na lexislación vixente hai una figura, a do expolio, introducida no art. 4 da Lei 16/185, do Patrimonio Histórico Español, que podería ser susceptible de uti-

lizala para interesar as actuacións convenientes para a tutela do patrimonio, xa que nela se di : “a los efectos de la presente ley se entiende por *expoliación toda acción u omisión que ponga en peligro de pérdida o destrucción de todos o alguno de los valores de los bienes que integran el Patrimonio Histórico Español, o perturbe el cumplimiento de su función social*”. Sen embargo, nun primeiro momento parecía dictada para atender ás actuacións irregulares sobre bens arqueolóxicos e intervencións de particulares sobre este (casos sobre uso de detectores de metais, ou o máis recente sobre pezas dun museo particular en Tarragona), ou sobre o comercio ilícito dos bens así conseguidos e moi pouco ou nunca contra a desatención do patrimonio das entidades públicas, agás casos bastante excepcionais. A bibliografía sobre o tema abunda nos exemplos concretos de actuacións vinculadas a bens arqueolóxicos, e en menor número sobre outros tipos de bens que compre entender incluídos



A cuberta da nave da igrexa como cuartel



A nave da igrexa logo do derribo das paredes que a tapiaban



Vistas dos seus paramentos



no mesmo concepto de patrimonio e as súas características⁵. Certo é que o debate internacional sobre o comercio de bens históricos abriu a porta a seguir insistindo nesta faciana concreta, pero deixou aberta a fiestra a outras consideracións, nas que algunhas sentencias, como a do Tribunal Constitucional 17/1991,

de 31 de xaneiro⁶, inciden directamente. A reforma do Código Penal, en 2015, abriu tamén novas perspectivas e debates que orixinaron unha ampla bibliografía⁷. A aplicación de esta valoración ao proceso de deterioro que sofre o exemplo que a continuación analizamos será decisión da cidadanía.

5. O debate que abriu a Lei do Patrimonio Histórico Español de 1985, ao incluír o expolio, tivo claramente ese sesgo, e así o acreditan as publicacións, cfr. Coma exemplo A. Roma Valdés: “La protección del patrimonio arqueológico”, en *Estudios del Ministerio Fiscal*, 1988, 22 e ss., ao que seguiron toda una serie de Seminarios, organizados polas diversas comunidades autonómicas. E esta faciana do expolio segue a ter un meirande protagonismo nas novas sobre expolios do patrimonio e tamén nos estudos. Cítemos como representativos os de J. M. García Calderón: “La Protección Penal del Patrimonio Arqueológico”, en *Patrimonio Cultural y Derecho*, núm. 7, 2003. Antonio Vercher Noguera: “El expolio del patrimonio histórico: la descontextualización penal del entorno arqueológico”, en *Diario La Ley* nº9151. Editorial Wolters Kluwer, consultado en internet. Javier Rufino Rus: “Respuesta penal a los delitos sobre Patrimonio Histórico. Novedades tras la reforma en materialde expolio arqueológico”, no curso Delitos contra el patrimonio Histórico Español. Especial referencia al patrimonio arqueológico. Madrid. CEJ (Centro de Estudios Jurídicos 29-30 junio 2017. A. Yañez Vega: “Actividades ilícitas contra el Patrimonio Arqueológico: sistemas punitivos penal y administrativo”, en *Cuadernos de Prehistoria y Arqueología de la Universidad de Granada*, Volumen 25 (2015), pág. 15. J. M. García Calderon: La defensa penal del Patrimonio arqueológico. Madrid, Dykinson, 2016. A. Núñez Sanchez: “La nueva regulación penal del delito de expolio de yacimientos arqueológicos”, en *Expolio de bienes culturales, Instrumentos legales frente al mismo*, Tirant lo Blanch, 2018.

6. Nesa sentenza o Tribunal afirmou que a acepción constitucional do concepto expoliación non debe limitarse ao estrito significado gramatical do término, como acontece en liñas xerais cos conceptos indeterminados, que superan a súa acepción literal para acadar o sentido que a experiencia dilatada no tempo lles vai atribuíndo. O contrario podería supor que a competencia do estado ficaría limitada ás funcións de vixilancia, protección e represión dos ataques físicos que danen o patrimonio ou priven ilegalmente do mesmo. Xa que logo, segundo o Tribunal Constitucional a defensa contra o expolio debe incluír un conxunto de medidas que ademais de referirse ao seu deterioro abranguen tamén á privación arbitraria ou irracional do que constitúe o propio fin do ben patrimonial, en tanto que ten valores de interese xeral, que tamén deben ser conservados.

7. O debate pode seguirse dende as primeiras contribucións como as de Concepción Barrero Rodríguez: *La ordenación jurídica del Patrimonio Histórico Español*. Madrid: Civitas. 1990. Mª Rosario Alonso Ibáñez: *El Patrimonio Histórico. Destino público y valor cultural*. Madrid: Civitas. 1992. J. M. Alegre: *Evolución y régimen jurídico del Patrimonio Histórico*, vol. I y II. Madrid. M. Cultura, 1994. C. Salinero Alonso: *La Protección del Patrimonio Histórico en el Código Penal de 1995*. Cedecs Editorial, 1997, até o momento actual. O debate centrado no ámbito arqueolóxico como xa indicamos

3. Praza.gal. 15 agosto 2023: Demasiados embarcadoiros turísticos na Ribeira Sacra. <https://praza.gal/politica/demasiados-embarcadoiros-turisticos-na-ribeira-sacra-o-estado-interven-o-sector-para-garantir-o-respecto-ao-medio-ambiente>.
4. Curiosamente cúmprese neste ano o centenario da súa declaración como Monumento, ao igual que acontece co Claustro de San Francisco, e sen dúbida asistiremos a celebracións en aberta contradición coas valoracións críticas que cabe facer. O debate suscitado en torno a este conxunto non discute tanto sobre o monumento en si (que debería ser considerado) como no seu entorno e o seu aproveitamento turístico masivo.



ARRIBA E Á DEREITA: *O lucillo do séc. XVI no momento da súa redescuberta*

ABAIXO Á ESQUERDA: *Os paramentos na actualidade*



E precisamente, agora vou a chamar a atención sobre un exemplo próximo e totalmente esquecido, falo do solar da primitiva igrexa de San Francisco de Ourense, que presenta un estado de abandono só comparable, dentro da propia cidade ao do edificio da antiga cárcere do partido e logo provincial da rúa do Progreso⁸.

As vicisitudes da historia do antigo Convento e Igrexa de San Francisco de Ourense teñen sido abordadas con anterioridade, polo que non me vou estender no asunto⁹. O certo é que, como consecuencia dun acordo entre o entón Ramo de Guerra (o que sería hoxe Ministerio de Defensa), a diocese ourensá e a Comunidade Franciscana local, na década dos 20 do

na nota anterior foi o máis intenso relacionado co expolio. Pero houbo traballos de carácter máis xeral, como a do propio Antonio Roma Valdés: *La aplicación de los delitos sobre el patrimonio cultural. Estudios de Derecho Penal y Criminología*. Granada. Ed. Comares, 2008. A reforma que acompañou á Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo (LA LEY 4993/2015), pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal (LA LEY 3996/1995) (BOE de 31 de marzo de 2015) deu pé a un novo feixe de contribucións e estudos que inclúen dende o propio concepto do termo ata as facianas máis diversas da regulación, podendo destacar, entre outras, as contribucións de diversos autores de VV.AA. (Dir QUINTERIO OLIVARES), *Comentario a la Reforma Penal de 2015*. 2015, particularmente a de P. De la Cuesta Aguado «La Reforma de los Delitos Contra el Patrimonio Histórico. El delito de Expolio». Carmen Terreros Anfreu: El expolio del patrimonio cultural: problemas de contextualización jurídica. Legislación/eEstudios e-rph nº 145, junio 2014,64-97. Pilar Otero González: “Protección penal de los daños al patrimonio histórico, tras la reforma del Código Penal operada por la Ley 1/2015”, en *Bienes Culturales y Derecho*, 2015. C. Guisasola Lerma: “Delitos contra Bienes Culturales: Una Aproximación al Concepto de Expolio en Derecho Penal”, en *Revista General de Derecho Penal*, n.º 27, 2017, pág. 16. Ou os máis recentes de Fernando García Rubio: *El Patrimonio cultural. Situaciones locales y protección universal. Un estudio jurídico sobre el patrimonio cultural local*. Atelier. 2023. E de Luis Pérez-Prat Durbán/Zara Ruiz Romero: *El expolio de bienes culturales*. Huelva. Universidad de Huelva. 2023.

8. Sobre o edificio do cárcere, pode verse como nova máis recente (aínda que o asunto vén de máis de vinte anos atrás): https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/2023/08/13/vieja-carcel-langui-dece-ciudades-rehabilitaron/0003_202308O13C1991.htm

9. D. Calonge: *Los tres conventos de San Francisco de Orense*. Orense. Hodire, 1949. Sobre as vicisitudes históricas trala Desamortización: F. Fariña Busto: “A Desamortización de San Francisco de Ourense” en *BAvr*. XXIV, 1994,209-226; IDEM “Notas documentales encol do Convento de San Francisco de Ourense”, en *BAvr* XXVI, 1996, 145-154; F. Fariña e Mª Dolores Fraga Sampedro: “O Convento de San Francisco de Ourense”. *Guías do Patrimonio Cultural*. Ourense, Grupo Marcelo Macías, 2000; Mª Dolores Fraga Sampedro: *San Francisco de Ourense. Análisis histórico-artístico de la Iglesia y Convento*. Ourense Anexos do *BAvr*. 28. 2002.



Detalles do lucillo

século vinte, adoptouse a solución de adquirir o seu solar polo citado Ramo de Guerra, e proceder ao traslado dos elementos máis significativos da Igrexa a un novo emprazamento, situado nas beiras do Xardín ou Parque de San Lázaro, que recibía o seu nome da primitiva capela alí existente (posteriormente traslada a Peliquín), e a carón da que se levantaba un modesto edificio que servía á comunidade franciscana local, e no que o bispado considerou oportuno contar cun templo ao servizo dun área urbana en crecemento poboacional naqueles anos vinte, que unha vez parcialmente reconstruído foi declarado MHA nos anos 50, pero sen protexer a súa visión completa e ficando encaixado entre edificios de nova construción, que nos anos sucesivos colmatou o

entorno, facendo perder a súa singularidade sen protexer o entorno do edificio, de maneira que hoxe só resulta posible a contemplación do seu interior e unha ollada furtiva da súa cabeceira.

E certamente se trasladaron alí ás ábsidas e cruceiro da igrexa, a súa portada e a torre campanario que a flanqueaba, aínda que esta non chegou a ser reinstalada na nova ubicación (ironicamente en datas recentes substituída por un edificio moderno, e factor de non poucos líos administrativos e xudiciais que aínda perduran). No seu emprazamento primitivo ficaron os muros laterais da nave, con todos os elementos funerarios existentes, e as fiestras góticas da nave que sinalaban claramente a realidade dun traslado parcial.

As obras de remodelación do conxunto conventual, para ubicar nel os servizos do Arquivo Histórico Provincial, permitiron en 2004, coa eliminación dos muros construídos diante dos paramentos medievais dos laterais da igrexa, a reaparición das referidas paredes e elementos patrimoniais incorporados nela, fundamente arcosolios funerarios e a porta de comunicación entre o templo e a Capela da Venerable Orde Terceira franciscana, constituíndo un elemento de nova atracción sobre o lugar. As intervencións realizadas sobre o edificio foron múltiples¹⁰

Pasados os primeiros momentos de atención periódica, o tema ficou no abandono progresivo, sen que ningunha das varias propostas tramitadas conseguiran converterse en realidade e incorporar ese espazo nos servizos culturais, inclusive algunha con gran bombo e mesmo cun prometido apoio económico da Xunta de Galicia (que nunca chegou nin se fixo ningún proxecto concreto), para rematar na habilitación dun acceso independente ao Claustro gótico para facilitar o seu acceso a visitantes e turistas e desvinculado do resto do espazo que ocupa o Arquivo Histórico Provincial.

Evidentemente, o atractivo inicial non estaba falto de interese. Nos lucillos non existían só restos dos mesmos, senón tamén relevos de máis ou menos interese, relevos e figuras góticas e, sobre todo unha rica decoración pictórica nun deles, de data renacentista. As reportaxes publicadas nos xornais daquelas datas, sexa *La Región*, *La Voz de Galicia* ou *Faro de Vigo* (ed. Ourense) explicitábano con fotografías, e a riqueza cromática chamaba a atención pola moi boa conservación daqueles restos con catro séculos de antigüidade. Pero foron caendo no esquecemento, e tan só unha mínima protección dunhas redes, das que aínda fican hoxe en día restos (que afean aínda máis o conxunto), foron o elemento protector, en aberto contraste con outras actuacións. Procedeuse á limpeza e retirada dos entullos provocados pola eliminación das paredes construídas na etapa de uso como cuartel, hoxe substituídos polo mato e vexetación que invade o espazo e solar da igrexa e que demostra o desinterese dos donos do ben, pero pouco máis. Publicáronse diversos estudos que nos achegaron novas información sobre todos os elementos descubertos¹¹, detallando os diversos elementos descubertos, que tamén aparecen citados noutros artigos máis relacionados coa rehabilitación¹². Descríbense con meirande detalle, e coa incorporación dun importante aparato documental, nun traballo recente de Pilar Pérez Formoso e Prudencio Leza Tello, que nos permiten xa unha medida valoración da súa importancia, posto que na documentación que aportan se atribúe a obra de cantería a Jacomé de Moure, o pai do escultor Francisco de Moure e recoñecido mestre de obras do século XVI ourensán, e as pinturas a Fernán Pérez Feijoo¹³.

Descríbenas así:

En esta misma pared del evangelio de la nave principal de la iglesia, aproximadamente hacia el medio, se hallan los restos muy deteriorados de

10. Varios estudos sobre o conxunto publicáronse no BAvr. XLIV, 2014: L. Orero Grandal: “Control arqueolóxico na Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco de Ourense”, Ibidem, 7-20; Celso Rodríguez Cao: “Sondeos arqueolóxicos en el antiguo solar del templo de San Francisco (Ourense)”, Ibidem, 21-48. J. A. Cano Pan, R. Dorribo Cao, O. Ramos Mosquera e Victoria Folguesta Fariña: “El Convento de San Francisco: Consideraciones sobre las obras de emergencia”, Ibidem, 49-98; Eduardo Breogan Nieto Muñiz: “Informe valorativo de la fase de sondeos y ampliación. Rehabilitación y construcción del Archivo Histórico Provincial en el antiguo Convento de San Francisco de Ourense”, Ibidem, 99-140.

11. Evidentemente a descrición máis detallada figura no artigo citado na nota anterior de Celso Rodríguez Cao: “Sondeos arqueolóxicos en el antiguo solar...”

12. Xosé Manuel Casabella López, José Luis Martínez Raído: *Convento de San Francisco. Acondicionamiento y acceso al claustro gótico del antiguo convento de San Francisco de Ourense*. A Coruña: Os autores, 2012.

13. Pilar Pérez Fromoso e Prudencio Leza Tello: “Apuntes para la historia del convento y comunidad de San Francisco de Ourense”, I e II, en *Rudesindus* nº 13, 2020, 283-318, e *Rudesindus* nº 14, 2021, 225-328.



O estado do recinto ao día

la capilla de san Blas. Como podemos observar su estado de conservación es bastante lamentable al igual que el de los otros arcos medievales que le siguen, pero mantiene parte de su decoración original con restos de policromía.

E sobre a obra a realizar aparece descrita deste modo:

Fue fundada por el canónigo Alonso Gómez de Sampedro y Aguiar †1567 para honrar la memoria de sus padres y abuelos que se encontraban enterrados en un nicho o arco medieval que existía previamente en este lugar, Alonso Gómez de Sampedro falleció el día 24 de marzo del año 1567

y como dejó dispuesto fue enterrado junto a sus padres en la iglesia del convento de san Francisco. El 31 de enero del año siguiente su heredero Gil Sobreira y cumpliendo con su voluntad se concierta con el cantero Jácome de Moure para que construya la capilla en el lugar indicado, “dixeron que por quanto el dicho canonygo Alonso Gomez por su testamento con que murio mando que de sus byenes se biziese una capilla en el monesterio de San Françisco desta çiudad, abocacion de San Blas, y el dicho Gil Sobrera como tal su cumplidor y cumpliendo su bohuntad estaba conçertado con el dicho Jacome de Moure cantero para que biziese la dicha capilla”.

As obras prolongáronse durante algúns anos máis e o 20 de maio de 1575 vemos a Gil Sobreira concertarse co pintor Marcos de Torres, veciño de Villafranca, para que pinte e doure a súa capela:

“quel dicho Marcos de Torres pintor, aya de pintar y pinte al dicho Gil Sobreira, pintar y dorar la dicha su capilla del Sr. S. Blas toda la obra de canteria e remates della que esta hecha e mandado hazer el dicho Gil Sobreira y el tablamiento de medio, todo ello bien obrado e dorado e asentado en la manera e con las condiciones siguientes = Primeramente el remate de arriba donde byene el crucifixo e las molduras que byenen por derredor todos dorados y el crucifixo encarnado y el paño y la cruz dorados y el manto de Nra. Sra. de azul con sus filetes dorados y la saya de abaxo de roxo con sus filetes de oro y el rostro y manos encarnados y el S. Juan de colorado y el rostro e manos y pies encarnados y el campo detras con su cielo y lexos a manera de Jerusalem y mas abaxo los campos de azul con unos romaniillos de oro sobre el azul perfilados y escorecidos y los escudos como fueren las armas de los remates que respanden sobre el friso dorados e en los baxos dellos de azul e los fuegos de arriba de oro retocados de carmin, las molduras del friso todas doradas e sobre el oro a de pintar a pinzel y en ciertas partes unos colgantes a manera de frutos, los rostros de los serafines encarnados e las alas doradas e despues retocadas a manera de plumas e los cavellos tambien dorados y el campo de azul al olio y luego abaxo dorado bien e S. Pedro e S. Pablo encarnados los rostros e las ropas de colores con sus filetes de oro e todo alderredor de colorado al olio con unas flores de oro, el çocalo de abaxo que byene alderredor de la capilla dorado y el campo de azul e los altos de negro para bazer deferencia de una obra a la otra e por baxo del arco de la capilla la obra dorada e las molduras alderredor doradas y el campo de azul e los altos de arriba de negro e los dos traspilares detras de las columnas, la obra del medio e molduras dorados y los altos alderredor de negro para

bazer deferencia, los campos de azul e los capiteles de las columnas dorados e despues retocados donde fuere menester, los canales de de las columnas de azul al olio y los altos dorados y los baxos de azul e pedestales la obra dorada y el campo de azul que baya todo conforme alderredor de toda la capilla una guarnizion al fresco con sus frutajos conforme paresciere mejor al ofiçial, yten la madera del tablero a de bazer el dicho Gil Sobreira a su costa y el dicho pintor le a de pintar de pinzel al olio con dos ymages a los lados del Sr. S. Blas, la una a de ser la ymagen del Sr. S. Pedro y la otra la ymagen de Sr. Sta. Catalina al pinzel al olio todo lo qual a de bazer e obrar byen fecho e todo obrado e asentado a vista de ofiçiales que vean la berdad de la dicha obra”.

Pola obra Marcos de Torres cobraría a cantidade de 110 ducados e comprometíase a tela acabada para o mes de novembro dese ano, deixando por fiador a Pedro Rodríguez de la Morera. A pesar desta interesantísima descrición, o pintor finou pouco tempo despois sen rematar o traballo, que acometeu finalmente outro pintor, Fernán Pérez Feijoo, quen a 1 de febreiro do ano 1580 dou carta de pago por ter recibido os 110 ducados que se lle debían polo seu traballo.

Todos os elementos descritos sofren unha perda constante da súa policromía, que afecta non só a este elemento singular dos descubertos, senón tamén á totalidade das pinturas e revocos existentes sobre os paramentos conservados, dos que fai mención Rodríguez Cao:

“La iglesia muestra, al mismo tiempo, diferentes etapas también en sus revocos, ya sean totalmente lisos o representen algún tipo de escena. Entre todos se pueden apreciar hasta tres momentos que irían desde un primer revoco de las paredes y arcosolios, un segundo en donde se aprecian motivos pictóricos, ya sean geométricos o de representación de alguna escena religiosa, al último que sería un revoco más grueso con decoración rebundida que hace referencia a las cuatro “estaciones”¹⁴.

Todo isto foi desaparecendo pouco a pouco, non sendo posible ver xa parte das inscricións que se conservaban, e fican poucos restos das pinturas que cubría gran parte das paredes.

Finalmente insistir que ese deterioro constante podería ser detido cunha acción activa dos organismos oficiais (a iniciativa propia ou en aplicación da normativa vixente) e, mesmo garantir a súa conservación integrada con outros bens do mesmo tipo, en liña con algunhas das propostas realizadas dende hai tempo, como orientalo a definir un espazo útil para a Sección de Belas Artes do Museo Provincial, incorporando ademais bens dalgunhas fundacións de arte existente e dos que os fondos se conservan lonxe da proxección que merecían ter. En calquera caso cumprir deter o deterioro dos elementos que integran un ben patrimonial tan interesante que mereceu parcialmente a declaración de Monumento (BIC) hai cen anos.

As autoridades, os titulares dominais (ou propietarios), e os cidadáns parecemos mirar para outro lado. Cumpriría dicir que non todos, pero si unha importante maioría, e o resultado está á vista de todos, a vergoña da desfeita.



14. Celso Rodríguez Cao: “sondeos arqueológicos...”, cit. 33



L i t e r a t u r a

POESÍA POPULAR GALEGA

Delfín Caseiro
Catedrático de Lingua Galega
Presidente do Padroado do Museo da Limia

Nos tempos da Ilustración, á luz da razón, fins didácticos ou lexicográficos guían as primeiras compilacións de literatura popular galega. O sabio beneditino frei Martín Sarmiento interese polas manifestacións populares, rexeitadas pola sociedade “ilustrada”. A copla popular é considerada como paradigma do idioma, instrumento divertido e práctico para o seu coñecemento e aprendizaxe. O seu *Coloquio de Perico e Marica* ou *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, que reúne 1200 pezas, é unha das primeiras colectáneas galegas. Sarmiento proporciona valiosa información sobre as formas, o estilo e o proceso de creación e difusión das cantigas populares galegas do século XVIII. O padre Sobreira, discípulo de Sarmiento, será o máis importante compilador de cantigas durante este período. Son moitos os testemuños que se fan eco da popularidade que atinxen estas manifestacións na sociedade agraria da época.

Os poetas cultos da primeira metade do XIX -Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón- comezan a valorizar e aproveitar a literatura popular, que se consolida no Rexurdimento literario. O movemento román-

tico virá potenciar o gusto por este tipo de creación, cualificada como poesía “natural”, musical, expresiva, próxima e viva. Desperta o interese do mundo culto da época polas manifestacións floclóricas. Rosalía de Castro escribe *Cantares gallegos* (1863) impregnada por esta atmosfera de descuberta e exaltación do popular. A xenial poeta de Padrón exprésase nestes termos no prólogo ao seu libro: “Grande atrevemento é, sin duda, pra un probe inxenio como o que me cadrou en sorte, dar á luz un libro cuíñas páxinas debían estar cheias de sol, de armonía e daquela naturalidade que, unida a unha fonda ternura, a un arrullo incesante de palabriñas mimosas e sentidas, forman a maior beleza dos nosos cantos populares. (...) n’habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada solo por aqueles cantares...”¹. O compromiso rosaliano co pobo iletrado reforza poderosamente o recoñecemento da tradición literaria oral.

Poesía popular e culta interpenétranse desde moito tempo atrás, desde as orixes, nos extraordinarios cancioneros trobadorescos. O escritor romántico portugués Almeida Garret, o primeiro que na penín-

1. CASTRO, Rosalía de: *Obra galega completa*. Akal: Madrid, 1977, pp. 7-8



sula ten consciencia da importancia histórico-literaria do romance tradicional, considera que as fontes xenuínas son os textos literarios medievais e a literatura popular. Manuel Murguía será un dos seus máis entusiastas valedores, nomeadamente nas páxinas de *La Ilustración Gallega y Asturiana*. O primeiro semanario que contribúe á difusión da literatura popular vai ser o ourensán *El Heraldo Gallego*, dirixido por Valentín Lamas Carvajal.

A partir de aquí, o cancionero popular galego vai ser obxecto de múltiples recollas e suscitará o interese dos estudosos aquén e alén das nosas fronteiras (Milà y Fontanals, Antonio Machado Álvarez, Teófilo Braga, Leite de Vasconcelos, ...).

O gramático de Ourense Juan Antonio Saco y Arce acomete o estudo máis sistemático e a recolleita máis representativa da literatura popular galega do século XIX (máis de 1300 pezas de diversa índole), baixo este completo título: *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. A obra foi publicada parcialmente no *Boletín de la Comisión de*



Monumentos de Orense mais non tivo unha edición completa até o ano 1987, preparada polo catedrático de Latín Juan Luis Saco Cid. O *Cancionero popular gallego* (1885-86) de José Pérez Ballesteros, que tivo enorme repercusión no interior e no exterior, agrupa 2600 cantigas en tres volumes e supón o froito máis notorio da sociedade coruñesa El Flok-lore Gallego, fundada e presidida por dona Emilia Pardo Bazán. No prólogo, que leva como título “Sobre a poesía popular da Galliza”, o insigne etnólogo e folclorista Teófilo Braga, entusiasta e infatigábel pioneiro da recolla e estudo da lírica popular portuguesa na que salienta alto valor estético, subliña: “... a Galliza é a provincia mais duramente submetida á unidade política e mais sacrificada polo centralismo administrativo; ela resiste pela sua tradição lyrica...”² Inclúe tamén un suxectivo apéndice –“Analogía entre algunas cántigas gallegas y otras coplas andaluzas, castellanas y catalanas”- do que é autor Antonio Machado Álvarez, pai dos poetas Antonio e Manuel.

O labor de compilación e estudo da literatura de tradición oral acrecéntase ao longo do século XX coa publicación de numerosos traballos divulgativos e moitos

2. BRAGA, Teófilo: “Sobre a poesía popular da Galliza”, en Pérez Ballesteros, José: *Cancionero popular gallego*. Madrid: Akal, 1979, p. IX

Cancioneiros populares, resultado fructífero de rigorosas investigacións realizadas por Cotarelo Valledor, Ramón Cabanillas, Filgueira Valverde, Bouza Brey, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Antón Fraguas, Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite, Fernández Oxea, etc.

A primeira colectánea que consigna tamén a notación musical é o *Cancioneiro musical de Galicia*, de Casto Sampedro y Folgar, en edición preparada por Filgueira Valverde no ano 1942.

Entre os anos 1984 e 1995, sae á luz un dos cancioneros máis completos da tradición musical galega, o *Cancioneiro popular galego*, monumental obra dos investigadores Dorothé Schubarth e Antón Santamarina que reúne uns 4400 textos de cantigas e 900 melodías, recollidos directamente de informantes do territorio galego e de concellos lindantes con Galicia, organizada en sete volumes.

No 1992, Domingo Blanco edita en dous tomos *A Poesía Popular de Galicia (1745-1885)*, unha compilación da poesía popular galega dos séculos XVIII e XIX precedida dun amplo e documentado estudo.

Xosé Luís Rivas Cruz –“Mini”- e Baldomero Iglesias Dobarrio –“Mero”- publican no 1998 *Cantos, Coplas e Romances de Cego*, textos e melodías de 81 cantares de cego da provincia de Lugo, con dous discos que recollen gravacións orixinais de 54 das composicións. No 2002, os estudosos Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez sacan á luz o *Romanceiro en lingua galega*, que reúne e analiza todas as versións coñecidas dos romances tradicionais galegos.

Por proximidade xeográfica e emotiva, hai que facer mención do *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (1973), do ilustre etnólogo Xaquín Lorenzo Fernández –“Xocas”-. A obra contén 2586 pezas, acompañadas de abundantes notas explicativas, variantes e correspondencias nas literaturas populares castelá e portuguesa.

3. FERNÁNDEZ SENRA, Mariló e Xulio (Dir.): *Cancioneiro popular da provincia de Ourense* (vol. I). Ourense: Deputación Provincial, 1997, p. 11



No ano 1981, a Escola Provincial de Danzas- Agrupación Castro Floxo iniciaba o seu labor compilador de danzas e cantares populares, que vén simultaneando desde entón con brillantes execucións en escenarios e prazas de medio mundo. Xeneroso contributo á perpetuación da cultura popular que nos define e identifica. Nas súas propias palabras: “labor calado e escuro, feito de forma sinxela, sen pretenciosidade, virtuosismo ou ampulosidade...”³ Mais, con rigor e autenticidade, ao entenderen os

investigadores que o folclore é a máis xenuína manifestación da realidade sociolingüística e cultural. Con efecto, o folclore, e máis especificamente a danza, a música e os cantares populares, proporciona elementos de xuízo moi fidedignos e valiosos para profundar no coñecemento das particularidades dun pobo.

O respecto ás peculiaridades linguísticas vivas implica o rexistro de variantes dialectais, deturpacións, castelanismos, alternancias de código –en ocasións, con manifesta intención satírica ou ridiculizadora-, etc As composicións en castelán –algunhas galeguizadas parcial ou totalmente- foron traídas por docentes, arrieiros, emigrantes, seitureiros, mozos que voltaban do servizo militar, popularizáronse en festas, feiras e ruadas e chegaron a ser sentidas como parte do propio patrimonio. A vida da tradición oral galega sufriu unha deturpación considerábel nos últimos cincuenta anos.

Excepcional mostra da ancestral asociación das tres artes: música, poesía e danza. Son abundantes as composicións en que se alude a esta simbiose. Así o expresa a estudosa portuguesa Zaluar Nunes: “Cantigas, conforme a própria palavra indica, sao composicoes destinadas a ser cantadas. E nao só cantadas: frequentemente apresentam carácter coreográfico. Poesia, música e dança populares associam-se e valorizam-se nessa ligação.”⁴

Creacións e recreacións anónimas cedidas xenerosamente ao patrimonio cultural común, os cantares son

testemuños dun tempo e modo de vida pretéritos, cando os camiños son ríos de xente que levan ledicia a campos e aldeas en que a precariedade se adoza co mel da expectativa feita realidade no paseo ou na foliada. E todo isto, entre esguíños-aturuxos –un “u” prolongado indefinidamente, en interpretación de Saco y Arce- que esgazan o silencio de fragas e prazas, e dilatados alalás que non acaban nunca, definidos por Pérez Ballesteros como “pneuma tradicional galego”; Leite de Vasconcelos considera que estas fórmulas son creacións fónicas para satisfaceren o ritmo por esixencias do canto.

*A foliada vai boa,
ela non vai de perder-e,
quen non ten amores nela
deseará de os ter-e.*

Tempos de maior espontaneidade, tolerancia, desorde e certa despreocupación polas formas. Fermoso tratado da vida campesiña, que estimula a resistencia contra as feroces agresións da globalización e uniformización culturais. O intérprete de cantigas apréndelas de ouvido; por iso as transforma segundo a capacidade da súa memoria, o seu gusto estético ou o seu talento creativo. A existencia de versións ou variantes dunha mesma peza –letra ou melodía- é inherente a calquera manifestación da cultura popular de tradición oral, que se contextualiza e actualiza constantemente. Os cantares combinan perpetuación e invención, cárganse de vitalidade e funcionalidade, nun anovamento permanente da tradición.

Cantiga identifícase con copla por ser esta estrofa a forma dominante no cancioneiro popular oral. O excelso poeta Ramón Cabanillas dedícalle fermosas palabras de gabanza: “Na copla, gala do xardín encantado da lírica gallega, unxida de gracia latina e profundamente céltiga, recende toda a pristina e deleitosa fragancia das rosas ventureiras frolecidas nos relanzos das carballeiras sagras,...”⁵ Para o creador cambia-



dés, a copla é “recendo místico da Galicia, arcaiz que garda nosos degarros, relembrs e querencias”. É a estrutura métrica que mellor se acomoda ao canto e favorece a improvisación. Fórmula emblemática do idioma, a copla conservounos as verbas máis belidas e os xiros máis expresivos: ditos de profundo lirismo; sátiras mordaces e ferintes; fórmulas irónicas cargadas de tranca. As coplas que nacen da saudade son equilibrada combinación de delicadeza e melancolía.

Os cantares son levados de aquí para alá por persoas que andan a gañar a vida en tempos míseros. O fistor ou rapsoda, herdeiro do vello xogral, é agardado con expectación nos encontros. A miúdo un cego, ameno transmisor de coplas e romances que interpreta en feiras, romarías e celebracións sociais, acompañándose con violín ou zanfona, para matar a fame vella. As esmolos e a venda de coplas fornecen o sustento. Acompañado dun rapaz ou familiar –“moinante”-, que leva a “maltraña” (cartaz ilustrador da historia) e que se encarga da administración.

Os temas dominantes son o amor, a devoción relixiosa e o humor (sátira); a vida do pobo –vida de traballos, na familia e na veciñanza-, en equilibrada harmonía coa fermosa natureza. O lirismo popular fala coa linguaxe dos sentimentos: ledicia, tristura, amor, ilusión, saudade, paixón, xenreira, ... Sentimento e imaxinación son os trazos fundamentais do ser popular. Vivencias e lembranzas. Vivir é lembrar. Maneiras de ser, de vivir, de soñar, condicionadas polo tempo e o contexto. Facemos nosas as palabras de Zaluar Nunes, quen o expresa de maneira precisa e maxistral: “As composicións do noso cancioneiro popular sao entretecidas de veemência sentimental, de delicadezas amorosas a contrastar con atitudes de sensualidade, de expansoes eufóricas ou, mais frecuentemente, de dolorida melancolia, de manifestações em que domina a graça simples a par de chistes grosseiros, de fantasia e sonhos mesclando-se a cada passo com argutas observações da realidade.”⁶

A poesía amorosa ten unha presenza predominante e incontestábel nas producións da tradición oral popular. Algunhas composicións revelan profundo coñecemento dos estados anímicos.

As cantigas amorosas –“viva quen anda en amores / viva quen en amores anda”- convidan ledas ao canto e ao baile, e proban o dominio de recursos repetitivos como a anáfora ou o paralelismo. Testemuñan, así mesmo, a habilidade dos poetas anónimos para a creación de suxestivas metáforas e a reprodución de situacións cargadas de encanto. A emoción que produce a plenitude da felicidade non é fácil de atinxir, mais ás veces maniféstase:

*Teño unha casinha branca
ma mariña, entre os lameiros;
teño paz e teño amor,
estou vivindo no ceo.*

Nelas toman asento o galanteo e o eloxio, as confidencias e os encontros na fonte ou no muíño. Lugares onde manda o corazón.

Análise psicolóxica e acertada observación das mudanzas provocadas polo sentimento amoroso, que percorre os espazos da paixón, da dúbida, da felicidade, da melancolía, da ternura, do desprezo, do desacougo. Hai coplas que perpetúan símbolos e asociacións ancestrais, presentes na literatura universal desde a infancia do mundo.

Hai unha cantiga que é un prodixio de acumulación de recursos estilísticos (anáfora, concatenación, metáfora: asociación entre a dureza da pedra e a dureza do corazón) e que fala da sona que os canteiros –oficio ambulante- tiñan de “romper” corazóns:

*Namorada veño, nai,
namorada dunha pedra,
namorada dun canteiro,
do canteiro que anda nela.*

A observación da natureza, sempre fermosa e omnipresente –“¡Carballeira de Meimosa,/ que carbалlos tan floridos”- é motivo habitual dos dous primeiros versos de cantigas dicotómicas, que funcionan como

unha especie de símil dos outros dous, en que se fai explícito o sentimento.

Outras veces, os elementos da natureza, depositarios do encanto e a melancolía que tinxen a lembranza do paraíso perdido da infancia, son discretos confidentes do desamor, da saudade, da coita amorosa; ou son receptores das queixas da namorada por teren eles propiciado o amor e, consecuentemente, o sufrimento:

*Arrimeime a un pino verde
por ver se me consolaba;
o pino, como era verde,
ao verme chorar, choraba.*

O intercambio de prendas de amor –flores, fita, anel- reforza o sentimento; o mesmo que inspira delicados cantares en que a amada é “rosa”, “caravel”, “estrela”, “luceiro”, “sol”, “ceo”, “lúa”, “ben”, con forte magnetismo dos ollos, dos beizos e dos cabelos.

Creacións finísimas, tributo ao idealismo, e creacións eróticas, que nacen da ousadía do amor ardente, coa complicidade das tebras, e desbordan sensualidade, aínda que o fagan en sentido figurado:

*Esta noite e máis a outra
e máis a outra pasada,
abalei unha pereira
que nunca foi abalada.*

Fecundo exercicio de seducción e inspiración, asentado en símiles e metáforas ben contextualizadas. A separación dos namorados antes de romper o día –salvagarda da honra da amada-, asunto das preciosas albas trobadorescas, alaga de emoción a atmosfera.

Rosalía recolleu en *Cantares gallegos* unha versión dialogada en que o amante quere rebelarse contra a imposición social:

*“-Cantan os galos pra o día;
érguete, meu ben, e vaite.
-¿Como me bei de ir, queridinha,
como me bei de ir e deixarte?”*

4. ZALUAR NUNES, Maria Arminda: *O cancioneiro popular em Portugal*, Instituto da Cultura Portuguesa, 1978, p. 19
5. CABANILLAS, Ramón: *Cancioneiro popular galego*. Vigo: Galaxia, 1976, p. 9
6. ZALUAR NUNES, M. A.: *op.cit.*, pp. 95-96

7. CASTRO, Rosalía de: *op. cit.*, p. 24

Mais, mágoa irresistíbel é a da saudade pola separación prolongada dos que aman, con lugar para pertinentes hipérboles –“Bágoas que os meus ollos choran / lavan un cesto de roupa.”- que nos fai rememorar as coitadas amigas dos cancioneiros medievais.

A vehemencia do sentimento amoroso correspondido reside na mesma morada que a traizón, o esquecemento, os ciúmes e enfados que provocan desafoxos, reproches, imprecacións, sarcasmos e insultos, non exentos de hábiles xogos verbais (antíteses, contrastes). Entramos, así, nos dominios da sátira ou do humor: “corvos che piquen os ollos” ; “meu amante traídor”; “Pasouche o sol pola porta,/ axudáste, meniña;”; “Cando quixen, non quixeches, / agora queres, non quero.”

O casamento é obxectivo prioritario para a mocidade namorada; mais a dura realidade logo mata a ilusión e da boca da muller nacen agora queixas, desilusións, resignación. Cantares case relixiosos son os que expresan a ternura e gratitude á nai desaparecida, conselleira solícita que fala coa voz da experiencia e do desengano.

O cancionero popular retrata fielmente a realidade cotiá, cos seus traballos, hábitos, costumes; hai lugar destacado para o pan -referente de bondade e honestidade- e o viño-expresión da alegría de vivir-. O traballo é fonte de orgullo e satisfacción; o labor outorga honra, iguala homes e mulleres en tarefas compartidas. As cantigas explicitan o amor á terra, salientan a dignidade da actividade campesiña e manteñen viva a memoria de oficios tradicionais (costureiras, xastres, carpinteiros, tecedeiras, cesteiros, ...).

A relixiosidade popular maniféstase na devoción fervorosa e moi familiar á Virxe –dos Remedios, dos Milagres, ...-, a Xesús e a santos avogosos –Santo Antonio, San Xoán, San Bieito, Santa Mariña...- aos que se acode en demanda de axuda para resolver situacións comprometidas.



A filosofía da vida dá leccións en forma de consellos proveitosos para as xeracións novas, que non tardarán en percibir que a perda dun ben provoca profunda amargura que fai esbagoar. A fugacidade da existencia reflíctese en sentidos lamentos ou reflexivas consideracións:

*Estrelañas do luceiro
e máis as da claridá,
vaise o día, vaise a noite,
vaise a nosa mocedá.*

A sátira-humor ten tamén presenza moi relevante na sociedade campesiña. A miúdo procura o riso e o divertimento, antídoto contra a dureza da existencia; e pode ser mordaz, directa, irónica, encuberta, pícara; coitelo verbal, fórmula liberadora da presión anímica. O humorismo faise refuxio para os que padecen; a ironía tórnase, ás veces, dolorosa.

Hai severas composicións contra a hipocrisía e a fachaenda, contra a inxustiza social. Ataques á avareza, á preguiza, á falta de honestidade, á traizón, ao adulterio, ... As posibilidades expresivas que ofrece o xogo polisémico son ben aproveitadas polo creador anónimo.

Choven chufas para os amores serodios, así como para os casamentos desiguais ou a destempo. A sogra –nai afectiva desde a perspectiva dos fillos- é a persoa da familia a recibir máis ironías, provenientes da antipatía derivada dun conflito de intereses.

Os cregos, como xa acontecía nas cantigas de escarnio e maldicer do medievo, son vítimas do escarnio popular -atrevidos cantares difunden as súas andanzas- por non resistiren as tentacións da carne e non seren, así, modelos de conduta tal como postulan nas súas prédicas. Os efectos do consumo excesivo de viño son recollidos en peculiares cantigas, cheas de graza.

A sátira pode ser agresiva ao xerar cantares soeces e licenciosos. A insensibilidade humana chega a burlarse dos defectos físicos ou psíquicos; dela nacen ta-

mén os alcumes, tan populares no ámbito campesiño. Con todo, o decoro verbal impón restricións que non impiden a picardía.

A rivalidade entre sexos maniféstase nas chufas mutuas, esencia dos divertidos desafíos ou regueifas, os cortexos de carácter amoroso e os parrafeos de brincadeira verbal.

As críticas que son inxustas provocan indignación; moitos cantares censuran con dureza a maledicencia, a murmuración que lixa a honra. A sátira popular é, xeralmente, unha crítica de carácter realista e humorístico, máis ou menos aceda.

A realidade sociolingüística ten no cancionero popular un espello iluminado.

Resultan moi clarexadoras as palabras do estudoso Domingo Blanco: “Porque non debemos esquecer que as cantigas populares non poden ser valoradas illadamente senón en series, en conxuntos intencionais, tal como foron formuladas, feito que case nunca se reflicte cando se trasladan á escritura das coleccións.”⁸ A funcionalidade constitúe o verdadeiro motivo que rexe o proceso creativo das composicións.

A fórmula expresiva dominante é a cantiga de desafío ou cantar de pandeiro, por executarse co acompañamento deste instrumento de percusión. Verdadeiras contendas verbais entre mozas e mozos; sarcásticas ou irónicas, sempre incisivas, exercicios de rivalidade amorosa, brincadeira e sensualidade, son creacións nas que brilla a improvisación. Algunhas, con sabias asociacións, como a que se establece entre a lama que se pisa e a muller sumisa(casada): “Hei de ser a túa lama / cando a iauga corra arriba”. Obxecto de forte escarnio son os fachendosos, os presumidos.

Ás veces, soan voces grosas, procaces, mais non son frecuentes: “Cara de cagallón seco”; “Vaille dar as queixas / á cona que te pariu”; “abanícallo o cu ao teu pai”(dirixíndose á sobriña do cura). O máis normal é xogar coa carga polisémica ou plurisignificación e co



simbolismo de certos termos, co fin de burlar a censura eclesiástica ou respectar o decoro social. En ocasións, recórrase á relación de homonimia entre vocábulos. Tamén ás figuras retóricas, como a hipérbole (“As tellas do teu tellado / botan auga sen chover”).


Variacións do desafío son o parrafeo festivo e o cortexo amoroso, en que segue habendo lugar para a ironía ou a denuncia da murmuración.

Algúns desafíos inclúen profundas reflexións, pensamentos filosóficos ou enigmas da vida e do amor, con dura carga acusatoria por veces. Non pode faltar a crítica contra a inxustiza social, reflectida na diferenza de clases ou na explotación dos campesiños. Versos feitos de saber convidan á alegría, ao gozo de vivir, e máis tendo en conta a fugacidade da existencia.

Formalmente, o procedemento máis recorrente é a repetición de versos –pervivencia dos recursos formais do paralelismo e leixaprén das cantigas medievais-, que facilita memorización e improvisación, e intensifica as ideas transmitidas.

Abundan as cantigas dialogadas e outras con refrán; este é, en moitos casos, un repetitivo “ai la la...” (alalá), con variantes como “ai le le re le ...”, que Pérez Ballesteros definiu como pneuma tradicional galego e Ramón Cabanillas, como unha pregaria melancó-

8. BLANCO, Domingo: *A Poesía Popular en Galicia (1745-1885)*. Vigo: Xerais, 1992, p. 90



para termar do violino, xa fora para se sentir mellor e centrarse máis.”¹⁰

Manuel Murguía sostíña que non existían verdadeiros romances. Teófilo Braga expresábase en termos ben contrarios: “A Galliza en toda a súa poesía tradicional é a que presenta os typos mais archaicos; vimo-lo no lyrismo e o mesmo caracter aparece agora no Romanceiro.”¹¹ Entre 1863 e 1864, o doutor J. López de la Vega foi o responsábel da

edición dos primeiros romances galegos.

No 1873, o folclorista Adolfo Coelho publica xa na revista *Romania* dous romances galegos. O lingüísta Saco y Arce apunta a posibilidade de que existisen romances históricos galegos, que se terían perdido por non seren rexistrados na escrita, e declara: “Las poesías de índole narrativa no son el género a que muestran más aficción los campesinos gallegos. Hemos logrado, con todo, reunir un número relativamente considerable de romances, suficiente a evidenciar que están lejos de ser planta exótica en nuestro suelo.”¹² Pérez Ballesteros inclúe algúns romances no seu *Cancionero popular gallego* (1885-86). O *Cancioneiro* de Casto Sampedro contén tamén bastantes romances. Hervella Courel tiña reunidos no 1909 moitos romances da provincia de Ourense para unha publicación que aínda está inédita. A primeira publicación global de romances galegos foi o *Romanceiro popular galego de tradizón oral*, feita en Portugal no 1959 por Lois Carré Alvarellos.

O romance soe definirse como un poema épico-lírico breve que se canta ao son dun instrumento en danzas, traballos comunais ou no tempo de lecer. Caracterízase pola súa función narrativa; conta unha historia emocionante ou divertida que sorprende e distrae a audiencia.

lica ao sol que morre, en contraposición á alborada, himno ledo ao sol que nace. As estrofas máis comúns son as coplas ou cuartetos, con versos octosilábicos(o isosilabismo non foi nunca unha preocupación nas creación poéticas populares). Hai tamén exemplos de muiñeira (versos endecasílabos de gaita galega)-composición sentida como “aire antigo”, pola que sentía grande estima o ilustre etnólogo Teófilo Braga: “O typo de lyrismo peninsular conserva-se ainda na Galliza, como o canto mais querido do povo designado pelo nome de *Muiñeira*.”⁹ O mesmo termo designa o noso baile máis popular, que imita o movemento circular do muíño.

Entre as cantigas laborais, destacan as referidas á seitura, unha das tarefas agrícolas máis duras e fatigosas, realizada na terra ou en Castela. Outras reférense á arada, á muiñada, á actividade de costureiras e xastres, ao labor dos carreteiros, ... con referencias explícitas ou simbólicas ao encontro sexual.

A respecto dos romances populares, os músicos Mini e Mero fan acertada descrición dunha estampa familiar para os nosos devanceiros: “Interpretados por unha persoa -muller ou home, cego ou non-, que cantaba con marcado acento gutural ou nasal e que, normalmente, acadaba un perfil postural característico no que a cabeza deitaba para un lado, xa fora

Os romances difúndense, a miúdo, en versións fragmentarias -condensación e brevidade-, procedemento estético que propicia o misterio, o idealismo. Cada recitador retoca e reelabora o romance que canta, o que explica o elevado número de versións que existen dunha mesma composición.

Pola temática, os romances tradicionais son históricos, lendarios, relixiosos, burlescos, ... Os máis numerosos son os novelescos, que relatan historias de amor e morte, de amor e desamor, dos roles do home e da muller na estrutura social, etc. Con frecuencia, teñen unha marcada dimensión simbólica.

Os estudosos X. R. Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez indican a respecto da lingua empregada nos poemas: “O romanceiro en Galicia, tal como chegou aos nosos días, exprésase maioritariamente nunha lingua de base castelá, fortemente influída polo galego. Aínda así, hai un considerable número de romances nos que a base lingüística é o galego, tamén notablemente influído polo castelán.”¹³ Saco Y Arce xa sinalara que moitos romances da súa compilación estaban escritos en castelán, proba de que se difundiran nesta lingua. Algúns romances son viva expresión do “castrapo”.

Os romances tradicionais coñecen grande difusión ao longo do século XIX aínda que moitos son do XVIII. A eles viñéronse sumar algúns poemas novos, do tipo dos romances de cego, creacións do XX, que manteñen a función narrativa, mais que presentan unha estrutura irregular.



Nos romances e cantares arromanzados, ao plano narrativo inmediato superponse outro metafórico ou simbólico. Marabillas verbais que nacen nun espazo imaxinado fóra do tempo, envolto nunha atmosfera de maxia.

A nosa poesía popular, tradicional, de creación anónima e de transmisión oral, conforma valiosísimo patrimonio cultural que ten de ser preservado e vitalizado por cada nova xeración que chega.

Referencias bibliográficas

- BLANCO, Domingo (1992): *A Poesía Popular en Galicia (1745-1885)*, Vigo, Xerais, p.50.
- BRAGA, Teófilo (1979): “Sobre a poesía popular de Galliza”, en José Perez Ballesteros, *Cancionero popular gallego*, Madrid, Akal, p.9.
- CABANILLAS, Ramón (1976): *Cancioneiro popular galego*, Madrid, Akal, p. 9.
- Castro, Rosalía de (1977): *Obra galega completa*, Madrid, Akal, pp. 7-8.
- FERNÁNDEZ SENRA, Mariló e Xulio (1997): *Cancioneiro popular da provincia de Ourense*, Ourense, Deputación Provincial, p. 11.
- MARIÑO FERRO, X. R. e L. BERNÁRDEZ, C. (2002): *Romanceiro en lingua galega*, Vigo, Xerais, p. 20.
- MINI E MERO (1998): *Cantos, Coplas e Romances de Cego*, Lugo, Ophiusa, p. 12.
- SACO Y ARCE, Juan Antonio (1987): *Literatura popular de Galicia*, Ourense, Deputación Provincial, p. 45.
- ZALUAR NUNES, María Arminda (1987): *O cancionaeiro popular em Portugal*, Lisboa, Instituto da Cultura Portuguesa, p. 19.

13. MARIÑO FERRO, X.R. e L. BERNÁRDEZ, C., *Romanceiro en lingua galega*. Xerais: Vigo, p. 20

9. BRAGA, Teófilo: “Sobre a poesía popular da Galliza”, en *Cancionero popular gallego*, de José Pérez Ballesteros. Akal: Madrid, 1979, tm. I, pp. XIII-XIV

10. MINI e MERO, *Cantos, Coplas e Romances de Cego*. Ophiusa: Lugo, p. 12

11. BRAGA, Teófilo, *op. cit.*, p. XLII


12. SACO Y ARCE, Juan Antonio, *Literatura popular de Galicia*. Deputación provincial: Ourense, p. 45



Un selo é o comprobante do pago previo dos envíos efectuados polo correo en forma de etiqueta, xeralmente engomada. Fisicamente é un anaco de papel con bordes perforados ou sen perforar dentro do que poden aparecer como motivo monumentos, arte, natureza, folclore, persoeiros relevantes, costumes, conmemoracións, ...

Polo tanto, o patrimonio dun país, rexión ou provincia determinada pode quedar plasmado nos selos e viaxar polo mundo enteiro ao lombo das cartas sendo excelentes embaixadores da realidade do momento e do lugar.

Desde que vira a luz o primeiro selo de España en 1850 (10 anos despois de que se emitise o primeiro do mundo en Inglaterra) o abano de temas reflectido neles é moi amplo e variado e deu pé a que se iniciase un tipo de coleccionismo denominado filatelia.




M^a Elisa Abad Suárez “Marila”
Sociedade Filatélica,
N. e V. Miño de Ourense.

*Na honra de Don Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas”,
filatelista e defensor do patrimonio da nosa terra.*

O selo emitido o 1 de abril de 2019, dentro da serie 12 meses, 12 selos, reúne detalles relevantes da provincia: a Catedral de San Martiño, As Burgas, o Mosteiro de Oseira, Os Canóns do Sil e do Miño, os carballos, o viño, a alquitara, o polbo e as castañas dentro das siglas OU.

E como moi ben aparece no selo emitido o 21 de abril de 2015, premiado no concurso “Debuxa un selo para Ourense”, “Ourense un mundo por descubrir”, os selos son e serán os encargados de ir desvelando algunhas das marabilas da provincia.



Recóllense no escrito “**Unha escolma de selos postais**” emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) que teñen relación coa provincia de Ourense, agrupados en temáticas e, dentro delas, por orde de emisión.

1. PERSOEIROS

DON XAQUÍN LORENZO ERNÁNDEZ “XOCAS”

O ilustre ourensán D. Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, intelectual distinguido, eminente etnógrafo, arqueólogo,

go, profesor, historiador, debuxante, fotógrafo e filatelista. Importante defensor do noso patrimonio, dedicou toda a súa vida ao estudo da terra galega e ao longo dela emprendeu distintas proxectos nos que participou de xeito activo e desinteresado. No seu afán de difundir a cultura foi socio fundador da Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño de Ourense, ocupando o cargo de primeiro secretario. Por este motivo a Miño homenaxeou a D. Xaquín dedicándolle o seu primeiro Selo Personalizado(*) que foi emitido o 23 de xuño de 2007, día no que se cumpría o Centenario do seu nacemento.



O 15 de maio de 2019, de novo aparece nun selo xa que nese ano conmemorábanse os 30 anos do seu pasamento, os 15 anos desde que a Real Academia Galega lle dedicara o Día das Letras Galegas, e 55 anos desde que con outros ilustres filatelistas fundasen a Sociedade Filatélica Miño.



EDUARDO BLANCO AMOR

Escritor e periodista nacido en Ourense o 14 de setembro de 1897, falece en Vigo o 1 de decembro de 1979. A súa obra máis representativa, “A Esmorga”, foi publicada o ano 1959. O selo presentouse o 13 de novembro de 2019, ano no que se conmemoraba o 50 aniversario da súa publicación e o 30 cabodano do seu pasamento.



CELSE EMILIO FERREIRO

Celso Emilio Ferreiro Míguez (Celanova, 1912 - Vigo, 1979), escritor en castelán e en galego. En 2012 conmemorouse o centenario do seu nacemento e os 50 anos da publicación da súa obra máis representativa “Longa Noite de Pedra”. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas de 1989 e o selo presentouse o 17 de maio de 2012 en Vilanova dos Infantes (Celanova).



BEN-CHO-SHEY

José Ramón Fernández Ojea, alcumado Ben-Cho-Shey (Ourense, 1896 -Madrid,1988), foi mestre, inspector de Educación, escritor e galeguista; membro correspondente de diversas Sociedades e Academias (entre elas a de Historia) é membro de honra da AELG desde 1981; recibiu o Premio José Cornide do Centro Galego de Bos Aires (1960), homenaxe no Ateneo de Ourense (1977) ou a Medalla Castelao (1986), entre outros. Entre os seus traballos destacar o estudo “Santa Marta de Moreiras” e a recompilación do “barallete” xerga empregada polos afixadores. O selo presentouse o 8/11/2014.



CARLOS CASARES

Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941- Vigo, 2002). Escritor, editor, eixo da cultura galega. Presidente da “Real Academia Galega”, do “Consello da Cultura Galega”, do Pen Clube de



Galicia e director da editorial Galaxia. Homenaxeado nas Letras Galegas 2017, a Miño presentou o selo conmemorativo o día 16 de maio, véspera do gran día, no Liceo de Ourense onde a Sala de Tertulias leva o seu nome.

JOSE PAZ RODRÍGUEZ

José Paz (Ourense, 1948-2021) foi o pedagogo que conseguiu reunir a maior biblioteca que existe en España sobre o escritor Rabindranath Tagore, gran coñecedor da vida intelectual e cultural da India do século XX. O selo emítese o 23 de abril de 2022 para conmemorar un ano do seu pasamento coincidindo coa presentación da Asociación Paz-Tagore.



FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

(Córdoba- Vilamartín de Valdeorras, 27/8/1903, California, 14/5/1987). Avogado de formación, foi poeta, articulista, tradutor, editor literario e ponte entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior. Extraordinario activista cultural, promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953) e a revista Vieiros. Publicou Galicia Infinda, Bebedeira, Cantarenas, O soño do guieiro. Foi Membro de Mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses e membro correspondente da Real Academia Galega que acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2023. O selo emitiuse o 16 de maio de 2022.



2. PATRIMONIO ARTÍSTICO

2.1. ARQUITECTURA CIVIL

FORTIFICACIÓNS

CASTELO DE MONTERREI

En canto a fortificacións, o primeiro que aparece dedicado a unha construción civil nun selo é o que se ilustra co Castelo de Monterrei.



Este monumental conxunto fortificado, en que se asentaron as linaxes dos Ulloa, os Zúñiga, os Viedma, os Fonseca, os Acevedo e os Duques de Alba, foi enclave estratéxico desde a Idade Media na fronteira con Portugal. A “Acrópole” máis grande de Galicia está formada por tres recintos amurallados sobre unha alongada lomba, nas proximidades de Verín (Ourense); está incluído na Serie Castelos de España que comezou o 13 de agosto de 1966 . O selo de Monterrei emitiuse o 24 de xuño de 1970; cun valor facial de 1,20 ptas. impreso en calcografía con cor azul escura e violeta ten un dentado de 12 ¾ ; a tirada foi de 5.000.000 de exemplares que foron distribuídos en pregos de 25 selos cada un.

PORTA NOVA DE RIBADAVIA

O 28 de novembro de 1997 a **Porta Nova de Ribadavia** aparece nun selo que está incluído na Ruta Sefarad. É unha das que aínda se conservan do Castelo dos Sarmiento. En calcografía, cun dentado 13 ¾ x 14 saíu cun valor facial de 21 ptas. en cor castaño e castaño escuro. A tirada foi de 2.000.000 de exemplares distribuídos en pregos de 16 selos (catro series en tira horizontal ou vertical).



TORRE DE VILANOVA DOS INFANTES

O castelo de Vilanova dos Infantes data do século XII; consérvase a Torre da Homenaxe de planta case cadrada 9,95 m x 9,30 m, con muros de 1,80 m, moi bo aparello e cunha sinxela pedra de armas dos Zúñiga. Está asentada nunha rocha na parte alta do pobo. O selo foi emitido o 17 de maio de 2011.



TORRE DE SANDIÁS

O selo da Torre de Sandiás foi presentado na Casa do Concello da localidade o 21 de xullo de 2011. Data da primeira metade do século XII; é o resto dun castelo construído sobre un antigo castro. Conserva en bo estado os muros norte e leste e só parcialmente a súa cara sur.



CASTELO DE MILMANDA

O Alcázar de Milmanda é unha fortificación, situada a escasos 10 quilómetros de Celanova. Construído sobre unha antiga cidadela romana, foi moi importante no século X onde pasou a depender do Mosteiro de Celanova e en 1268, Fernando II de León acuñou aquí unha moeda. Apareceu nun selo o 10 de decembro de 2018.



PONTES

A PONTE VELLA

Da inicial Ponte Vella sobre o río Miño levantado en época romana só se conservan algúns sillares nas bases. O seu actual perfil gótico procede do s. XIII. Ten na actualidade 7 arcos (sábese que tivo até 11). Declarado Monumento histórico-artístico no ano 1961, xunto coa próxima Capela dos Remedios, a súa importancia é tal que aparece representado no escudo da cidade. Mide 370 metros de longo, con arco central de 43 metros de ancho por 38 de alto sobre o nivel medio das augas. O selo foi presentado o 9 de novembro de 2011.



O VIADUCTO

En 1958 finalizou o proxecto que permitía cruzar o río para que con iso o tren puidese seguir o seu paso ao sueste de Galicia. O deseño é de José Luís Tovar Bisbal, sendo a primeira construción española que utilizou formigón armado. Lonxitude total 415 metros. Altura dos arcos, 46 metros. Foi presentado o 10 de novembro de 2012



A PONTE NOVA

A Ponte Nova aparece en dúas ocasións como motivo dun selo postal. A primeira foi o 10/11/2015. A construción da Ponte Nova ou Ponte de Ferro,



situado 450 metros augas arriba da Ponte Romana, foi aprobada pola real orde de 22 de febreiro de 1.909, adxudicadas o 14 de maio de 1910 á empresa Construcións Hidráulicas e Cívicas. J. Eugenio Rivera e Compañía, de Bilbao, por 1.157.000 pesetas, sendo colocada a primeira pedra dentro dos festexos do Corpus deste ano, o sábado 28 de maio de 1910. Foi inaugurado o 20 de xuño de 1918 beneficiando a comunicación entre ambas marxes do río Miño, e coa estación de ferrocarril. Débese ao traballo do enxeñeiro Martín Díaz da Banda. Está formado por seis arcos de sillería aplanillada e un tramo metálico na parte central. O central de 25 metros de luz, e o seis restantes, tres a cada lado, teñen 12 metros de luz. Con motivo do centenario da súa inauguración, Correos emite un selo o 7 de maio de 2018; o motivo recolle unha bela ilustración do mesmo, na que utiliza un xogo de cores que fai referencia a ese século de historia que leva vixiando ao río Miño e a vida da cidade.



A PONTE DE VELLE

A Ponte de Velle sobre o río Miño construíuse a finais do século XX co fin de axudar á boa circulación entre as dúas beiras e comunicar as estradas de Monforte de Lemos e Santiago. O 7 de xuño de 1966, na Xunta Xeral de Accionistas de FENOSA, o seu presidente, don Pedro Barrié da Maza, Conde de Fenosa, anunciaba a posta en marcha o día 1 dese mes da Central do encoro de Velle. Presentouse o selo o 9/11/2016.



A PONTE NOVÍSIMA

O 11 de novembro de 2017, emítese o selo dedicado á Ponte Novísima. Proxectado polo enxeñeiro José Antonio Puyal Lezcano a comezos dos anos 60 como parte da estrada de Madrid, converteuse nunha das principais infraestruturas viarias da época. Finalizada en 1966, non será até 1971 que comeza a cumprir a súa función, cando queda conectado á rede de estradas. Lonxitude total de obra, 240 metros, organízase entre un van central. Integralmente construído en formigón, a ponte elévase 20 m. sobre o nivel normal do río Miño.



OUTRAS EDIFICACIÓNS

HÓRREO MIXTO

O hórreo é un elemento patrimonial en perigo de extinción, símbolo de identidade da terra galega. Na imaxe aparece un hórreo mixto (construído con pedra e madeira), tipoloxía representativa da provincia de Ourense, situado en Bacurín (Bóveda) no Concello de Amoeiro. Foi presentado o selo o 26 de febreiro de 2009.



A ESTACIÓN OURENSE-EMPALME

O 10 de decembro de 2012, coincidindo coa primeira viaxe oficial do AVE da liña Ourense – A Coruña, presentábase un selo dedicado á Estación de Ferrocarril Ourense – Empalme. Inaugurada o 23 de setembro de 1952. O edificio para viaxeiros está composto por un pavillón central flanqueado por dous anexos laterais de dous pisos. A parte central incorpora unha ampla cristaleira. En xeral, o conxunto mostra unhas liñas sobrias e funcionais.



O PAZO DE OCA VALLADARES - LICEO DE OURENSE

O 10 de novembro de 2013, parte da fachada da sede do Liceo de Ourense, o Pazo de Oca Valladares, aparece nun selo. Palacete renacentista urbano cos escudos: sobre o balcón é un escudo cuartelado coas armas dos Deza (tres lisas), Enríquez (castelo e leóns), Oca (árbore cun can pasante) e Sarmiento (13 roeles). Nun plano lixeiramente inferior, ao carón o escudo dos Deza e á dereita, outro cuartelado coas armas dos Sarmiento, Enríquez, Zúñiga e Mendoza. E á altura do balcón, ao carón o escudo partido coas armas dos Oca e quizais dos Rivera e ao outro tamén partido e terciado en pau coa cruz flordelisada con cinco veneras dos Ribadeneira, os escaques dos Ulloa e a aguia espraída dos Aguiar. O día do Patrón da cidade, o 11 de novembro de 2020, a Sociedade Filatélica Miño quixo render homenaxe ao



Liceo de Ourense ao celebrar-se o seu 170 aniversario. Puxo en circulación un selo no que se reproduce a Fonte de mármore de Carrara, obra do escultor Piñeiro situada no centro do Patio de Columnas.



MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA

O 17 de maio de 2014 aparecía nun selo postal o Museo Etnolóxico de Ribadavia que está ubicado nunha antiga casa-Pazo do Marqués de Bahamonde, pertencente á nobreza recente de orixe burguesa que nace no XIX. A orixe deste pazo podería remontarse ao s. XVI aínda que sufriu diferentes modificacións ao longo da súa existencia.



CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCCEL

O Centro Cultural Deputación Ourense atópase nun nobre edificio construído a finais do século XIX, deseñado polo arquitecto Serra y Pujol, e que foi recuperado pola institución provincial, en colaboración coa Xunta de Galicia para dedicalo integralmente a actividades culturais e artísticas. Con preto de 4.000 metros cadrados de superficie, o que no seu día fora un almacén téxtil- propiedade da familia Simeón García- e vivendas, é hoxe un moderno centro con salas de exposicións, salón de conferencias, aulas para formación, un museo de trens en miniatura, etc. que leva o nome do historiador ourensán Marcos Valcárcel dende o ano 2012. Dous anos máis tarde, un selo co edificio presentouse o 18 de setembro.



PRAZA DO FERRO

O 21 de abril de 2015 presentábase o selo co debuxo gañador na categoría de ESO do concurso “Debuxa un selo para Ourense” realizado por Aitana Ramos González do CPR Cardenal Cisneros. Reproduce unha zona do centro histórico: a Praza do Ferro. Ao fondo a Catedral de San



Martiño e no primeiro plano a fonte datada no século XVIII, representa a sereas na súa base, logo cariátides, Eros e coroándoa dúas aguías.

2.2. ARQUITECTURA RELIXIOSA

IGREXA CATEDRAL DE SAN MARTIÑO

O 11/11/2011 apareceu por primeira vez no deseño dun selo a Santa Igrexa Catedral-Basílica de San Martiño; data da segunda metade do século XII e primeira do XIII; o seu altar maior foi consagrado en 1188, declarada Monumento Nacional no Decreto de 3 de xuño de 1931 e ten honras de Basílica desde 1887.

Porta Norte da Basílica-Catedral de San Martiño de Ourense. Ten seis columnas, tres a cada lado. Fustes son cilíndricos, fóra dos dous situados á dereita, que os ten estriados diagonalmente e nas súas anchas estrías debeu haber figuras esculpidas, que a acción do tempo fixo desaparecer, notándose aínda restos. Dúas destas columnas, unha a cada lado, teñen encostadas grandes estatuas de carácter románico puro. Catro arcos semicirculares concéntricos e abucinaados levántanse sobre as jambas e columnas. Emítese o selo o 10 de novembro con motivo da súa restauración en 2017.



CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE OURENSE

Claustro de San Francisco,

do s. XIV, gótico e declarado Monumento Nacional en 1923, forma parte do edificio que foi convento de San Francisco e, desde 1843 ata 1984, cuartel de infantaría, etapa na que o edificio sufriu diversas reformas. O selo pertence a Serie Turística: Paisaxes e Monumentos que comezou o ano 1964. Foi emitido o 23 de xullo do ano 1970 dentro do VII Grupo. O seu valor facial é de 2 ptas. en calcografía con cor azul escura e lousa; o dentado 12 ¾ cunha tirada de 10.000.000 de unidades.

O 8 de xuño de 2014 ponse en circulación un novo selo no que aparecen en primeiro plano as arcadas que delimitan o xardín rectangular, case cadrado, que con-



ta con sesenta e tres arcos apuntados. O edificio foi construído na primeira metade do s. XIV nun estilo gótico de forte tradición románica, sendo declarado Monumento Nacional en 1926.

En 2023, coincidindo co centenario da Declaración de Ben de Interese Cultural, Correos dedícalle un selo que ten por motivo unha fotografía da fachada. A súa posta en circulación tivo lugar o 28 de marzo. O singular edificio do Convento de San Francisco pasou a denominarse Cuartel de San Francisco en 1843 e na actualidade é a sede do Arquivo Histórico Provincial de Ourense inaugurado o 8 de setembro de 2022.



TEMPLO DA VERACRUZ

Construído na súa totalidade con materiais da comarca, en especial granito e lousa, o Templo da Veracruz representa a obra máis grandiosa e identificadora da vila. O proxecto foi encargado no ano 1942 ao arquitecto Antonio Palacios. O 26 de xuño de 1943 colócase a primeira pedra e abriuse oficialmente ao culto o 17 de setembro de 1952, festividade de San Cibrán, patrón da vila. O selo saíu á luz o 15 de marzo de 2013.



IGREXAS OURENSÁS con advocación a SAN MARTIÑO

A Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño de Ourense organiza tódolos anos unha exposición dende 1983. O ano 1996, tómase a decisión de dedicala a unha parroquia da provincia que teña como patrón a San Martiño. Dende esa data, un día de novembro, unha Estafeta temporal de Correos e Telégrafos instalada no Liceo Ourense, é a encargada de colocar o cuño alusivo a San Martiño.

En 2007 Correos saca un novo produto: o selo personalizado. Por iso dende ese ano comezan a aparecer en selos e recupéranse todas as que anteriormente foran homenaxeadas nas exposicións. Detállanse pola orde de emisión.

O 9 de novembro de 2007 sae á luz un selo personalizado dedicado a **Igrexa de San Martiño de Loiro** datada no século XII. É o exemplo máis antigo das construcións relixiosas do Concello de Barbadás. Caracterízase a súa fachada principal con portada con arquivoltas. Sobre ela, cornisa perlada adornada con figuras humanas, mitolóxicas,...



A Igrexa de **San Martiño de Vilarrubín** no Concello de A Peroxa aparece nun selo o 1 de abril de 2008. O motivo é a fachada de estilo barroco rural construída en 1768. Dedicáraselle a Exposición San Martiño 2006.



O 10 de novembro de 2005 dedícase á Igrexa de **San Martiño de Lamas en San Cristovo de Cea** que foi rematada no ano 1720, custe sufragado polo Mosteiro de Oseira. O seu primeiro cura Ecónomo foi Frei Andrés Rguez. Godoy, do Mosteiro de Acibeiro. O 2 de xuño de 2008 púxose en circulación o selo coa súa fachada.



A Igrexa de **San Martiño de Nogueira de Betán** (Baños de Molgas - Ourense) de estilo arquitectónico románico de transición ou protogótico (s. XII ao s. XIII). Destaca o relevo pétreo encima da porta principal. O 10 de novembro de 2008 emítese un selo na súa honra.



San Martiño de Cornoces é un excelente exemplar do estilo visigótico-mozárabe do século IX encravada no Concello de Amoeiro. Podería ter a súa orixe no Mosteiro de Palatiolo. De época prerrománica só se conserva a nave. O selo emitiuse o 12 de novembro de 2009.



O 10 de novembro de 2004 á Igrexa escollida foi a de **San Martiño de Pazó (Allariz)**; con isto rendíase unha homenaxe a D. Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" no ano no que se lle dedicou o "Día das Letras Galegas"; fixera un estudo sobre



esta construción con Anxo del Castillo. Monumento histórico-artístico desde 1931. O selo presentouse o 12 de novembro de 2009.

No 2001 a figura de madeira de San Martiño bispo, situada no retablo maior da **Igrexa de San Martiño de A Mezquita**, é a elixida para o cuño; é obra do escultor José A. Ferreiro Suárez. A igrexa foi aberta ó culto no ano 1712 segundo consta nos documentos parroquiais, e sempre estivo unida ó Pazo de Láncara. O selo coa fachada da igrexa barroca construída entre o s. XVII e XVIII poríase en circulación o 6 de abril de 2010.



O 7 de novembro de 1996 a exposición estaba dedicado á Igrexa de **San Martiño de Valongo** (Ourense). Trátase dun edificio tipicamente barroco, no que a imaxe do santo titular encóntrase situada nunha hornacina inscrita nun frontón partido sobre a porta principal. O edificio reconstruíuse a mediados do século XVIII grazas ao donativo de Frei Diego Martín de Vergara, agustino natural desta terra e que alcanzou a dignidade de arcebispo en América. O selo emitiuse o 7 de abril de 2010.



O 7 de novembro de 1997, a Igrexa de **San Martiño de Zaparán (Cortegada)** era a homenaxeado na exposición. Construción barroca de mediados do século XVIII sobre un templo anterior. Na fachada podemos ver a imaxe de San Martiño sobre a portada principal. O selo viu a luz o 7 de abril de 2010.



O 7 de novembro de 2003, seguindo a tradición, celebrouse a exposición dedicada á **Igrexa de Vilariño de Conxo**, construída en 1558 de estilo manierista propio do período post-tridentino completada con trazas do primeiro barroco rural. O 21 de xullo de 2010 podía verse a súa fachada nun selo postal.



A Igrexa de **San Martiño de A Gudiña** foi construída entre os séculos XVII e XVIII. Dous escudos señoriais flanquean a imaxe da Virxe da Piedade que preside a súa singular fachada en frontón lembrándonos a importancia que como punto de entrada en Galicia tivo a localidade desde hai séculos. O selo emitiuse o 21 de xullo de 2012.



O 7 de novembro de 1998, a imaxe de **San Martiño de Porqueira** cancela as cartas. Ten restos románicos pero é de estilo barroco. A fachada presenta unha hornacina pétreo con San Martiño bispo, e está rematada por unha torre de dous corpos e terminada en cúpula semiesférica. No interior destaca un retablo del s. XVIII dentro dun elegante estilo rococó. O 22/7/2010 púxose en circulación o selo.



O 8 de novembro de 2010 aparecía nun selo a igrexa de **San Martiño de Sabadelle** de estilo románico de finais do S. XII a principios do S. XIII; foi reformada no S. XVII ao engadirle a sancristía e no S. XVIII unha capela encostada con campanario.



O 8 de novembro del 2002 dedícase á **Igrexa de San Martiño de Nogueira de Ramuín**, mostra da arquitectura popular no Concello de Luintra. De orixe románica, comezou a construírse na segunda metade do século XII e foi restaurada nos séculos XVI e XX. Do seu inicio conserva as portadas e os canecillos. O 9 de novembro de 2010 presentábase un selo na súa honra.



A Igrexa de **San Martiño do Lago**, situada na súa orixe en O Pozo de O Lago no Concello de Maside, con estilo románico, foi desprazada de lugar e reedificada modernista e consagrada o 6 de xuño de 1852, con estilo ecléctico-historicista, refor-



mada en 1879 polo arquitecto D. Daniel G. Vaamonde e en 1905 por D. Daniel Vázquez Gulías. O 7 de novembro de 2011 aparecía como motivo dun selo.

San Martiño de Abavides, do concello de Trasmiras e arceprestazgo da Limia. Románico de transición s. XIII. Con elementos da románica capela de San Payo, se mal edificou en 1688 a actual igrexa, sendo reedificada con trazas barrocas en 1727. O retablo de 1778 foi realizado por Gregorio Álvarez Araujo de Leirado e policromado polo ourensán Carlos Rodríguez. O selo presentouse o 9 de novembro de 2012.



O 9/11/2013 a Igrexa parroquial de **San Martiño de Alongos** no Concello de Toen, reconstruída no ano 1600, era motivo dun selo. Na fachada principal presenta unha porta con dovelas formando un arco de medio punto e ao final do hastial un alargado tragaluz abucinado e con arco de medio punto e rematada por cornisamento no que se asenta unha espadana sinxela de dous ocos para senllas campás e rematada en piñón, coroado cunha cruz na cima e uns copulines nos seus vértices da base.



Situada no concello do Pereiro de Aguiar, a Igrexa de **San Martiño de Moreiras**, pertence ao arceprestazgo Ou- Leste. Parroquia actualmente anexa a Santa Marta de Moreiras, anteriormente foi parroquia principal. A capela de camiño foise transformando en igrexa barroca manierista rural a comezos do s. XVII. O selo foi presentado o 8 de novembro de 2014.



San Martiño de Presqueriras, parroquia situada no Concello de Baños de Molgas (Ourense) ve a luz nun selo o 8/11/2017. A fábrica da igrexa, denota poucas características, que se saian arquitectonicamente das que lle son propias de todas as igrexas rurais desde o sécu-



lo XVIII. Ten unha nave principal rectangular, orixinaria do seu desprazamento eclesial, na súa fachada principal vai a porta adintelada e un óculo sobre ela. Durante as obras de restructuración, descubriuse debaixo da mesa do altar, unha ara romana.

San Martiño de Arauxo é un templo parroquial construído en 1781 no lugar de Requeixo, Araúxo no Concello ourensán de Lobios. A fachada poténciase con porta adintelada, ornamentada con molduras apoiadas nos ángulos e hornacina avieirada no frontispicio, sobre ménsula galonada. Remata con espadana de dous corpos e frontón. O selo presentouse o 9/11/2018.



A igrexa de **San Martiño de Cabaleiros**, en Grou, é de arquitectura sinxela; o acceso realízase mediante un arco de medio punto de grandes dovelas. A espadana adquire monumentalidad, con corpo de dobres arcos, decoración avolutada nos extremos e escaleiras de acceso ao campanario. O interior non reviste especial interese, destacando as figuras de San Martiño, San Pedro e San Pablo, O Salvador e a Virxe Milagrosa. O selo presentouse o 9 de novembro de 2019.



San Martiño de Sacardebois é unha parroquia do Concello ourensán de Parada do Sil. O selo presentouse o 9 de novembro de 2020 e contou cunha estafeta temporal e cuño conmemorativo, ademais de sobre e cartón.



O día 9 de novembro de 2021, a Sociedade Filatélica Miño réndelle homenaxe á igrexa de **San Martiño de Sagra** no Concello do Carballiño. Contou cunha estafeta temporal e cuño conmemorativo o, ademais de sobre e cartón.



A igrexa de **San Martiño de Cameixa** é uns templos románicos do concello de Boborás cuxa orixe se remonta aos séculos XII-XIII. Esta pequena igrexa sufriu varias remodelacións como indican un par de inscricións nas súas pedras. Na portada principal, sobre o tímpano, hai unha inscrición que nos leva ao barroco, ao século XVIII, concretamente ao ano 1773. Case un século despois, no 1868, refórmase até de novo até darlle o aspecto actual. Nesta última débéselle recuperar a espadana barroca, os pináculos e o frontón da fachada. O selo viu a luz o 8 de novembro de 2022.



3. PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

TRAXE REXIONAL FEMININO

A serie de traxes rexionais (cun total de 52 selos repartidos en cinco grupos) comezou a aparecer no ano 1967. O **traxe rexional feminino de Ourense** emitíuse o 4 de novembro de 1969, dentro do Grupo III, cun valor facial de 6 ptas.; impreso en oco gravado cun dentado de $12 \frac{3}{4} \times 12 \frac{1}{2}$ tivo unha tira de 5.500.000 exemplares distribuídos en pregos de 50 selos. Na ilustración aparece o traxe popular cos seus elementos tradicionais: falda, saia, mantelo, dengue, cos,...



AFIADOR

O afiador é a figura errante partía de Nogueira de Ramuín percorrendo o mundo para gañar á vida coa súa arte. A roda ou tarazana, principal aparello de traballo, aparece nun selo o 17 de maio de 2014 como símbolo da "A Casa das Rodas" que alberga máis de 200 rodas de afiar e ferramentas relacionadas con este oficio, símbolo de Ourense. É a obra de vida do escultor ourensán Florencio de Arboiro. E o 27/5/2016, a XXVIII EXFIGALICIA, tivo a roda de afiar ou tarazana como símbolo de Ourense, chamada "Terra



da Chispa" por ser patria de afiadores. O motivo do selo unha roda de afiar da colección de Florencio de Arboiro sobre o mapa da provincia.



4. PATRIMONIO NATURAL

RIBEIRA SACRA

A **Ribeira Sacra** é unha zona compartida polas provincias de Lugo e Ourense; Debe a súa denominación ás innumerables igrexas, mosteiros e ermidas construídas alí. Unha imaxe do río Sil atravesando ás montañas foi a elixida para ilustrar o selo e o cuño no que se pode ler Ribeira Sacra - Canón do Sil. Foi emitido o 8 de marzo de 2002, cun valor facial de 0,75 euros, formato vertical de 28,8 x 40,9 mm., dentado $13 \frac{3}{4}$, impreso en oco gravado sobre papel estucado, engomado, fosforescente cunha tirada de 1.200.000 exemplares distribuídos en pregos de 50 selos.



O TOXO

Arbusto pertencente á familia das leguminosas, copiosamente ramificado, que pode chegar a alcanzar até 2 m de altura. Non ten follas; o que aparece son acículas espiñentas chamadas filodios. As flores son amarelas, en forma de bolboreta e denomínanse en galego "chorima" ou "alecrín"; anuncia a primavera en Galicia cubrindo a súa paisaxe.



A CAMELIA

A camelia, a flor de Galicia, a raíña de Oriente que chegou a Occidente. A Camelia habita nos xardíns galegos enchéndoo de vida, luz e cor. Foi bautizada



por Camilo José Cela como “flor insignia” de Galicia. A Camelia de cor rosa significa na linguaxe das flores, “Grandeza de Alma” polo que se presentou o 30 de xaneiro de 2009; conmemórase nesa xornada o Día da Paz en honra a Gandhi, cuxo sobrenome, “Mahatma”, quere dicir “Alma Grande”.

RIBEIRO

Un selo dedicado á **Denominación de orixe Ribeiro** foi emitido o 1 de setembro de 2004 anque a súa presentación na nosa terra tivo lugar o día 3 do mesmo mes no Hotel Mosteiro de San Clodio de Leiro, foi impreso en papel estucado, engomado fosforescente polo procedemento de oco gravado, cun dentado 13 ¾, formato vertical de 28,8 x 40,9 mm.; cunha tirada de 1.000.000 de selos distribuídos en pregos de 50; o seu valor postal é de 0,27 euros; pertence a unha serie dedicada ós viños con denominacións de orixe.



5. CONMEMORACIÓNS

XLVI FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO

Os viños do Ribeiro contan cunha fama e tradición milenarias, e constitúen unha parte fundamental da historia e cultura da comarca natural do mesmo nome. Tres copas con viño tinto, branco (en primeiro plano), e o laborioso tostado con lenda alusiva á “XLVI Feira do Viño do Ribeiro”, celebrada en Ribadavia (Ourense), compoñen a imaxe. O selo foi solicitado o 14 de xuño de 2009, aprobado pola FNMT-RCM o día 15 do mesmo mes e presentado na Igrexa da Magdalena da Capital do Ribeiro o 3 de xullo.



ENTROIDO DE VERÍN

O 15 de febreiro de 2010 saía á luz o selo dedicado ao Entroido de Verín, declarado Festa de Interese Turístico Nacional. O protagonista indiscutible é o Cigarrón que leva unha máscara,



motivo principal do selo; consta dunha carauta de madeira pintada de modo que resalten as cellas, rosadas meixelas, amplo bigote e cínico sorriso mostrando dentadura e barba falsa. A pantalla adórnase con motivos vexetais ou animais; neste caso, un lince ibérico.

45 ANOS DA SOCIEDADE FILATÉLICA, N. E V. MIÑO

Logotipo da Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfilica Miño de Ourense fundada en 1964. Co selo, que se presentou na 1ª Asemblea á que a sociedade chegou cos 45 cumpridos, o 7 de marzo de 2010, conmemórase o seu aniversario.



ROMARÍA RAIGAME 2013 – HOMENAXE AO CIRCO

O 17/5/2013 dedicábase un selo ao **Circo Feijoo**. Secundino Feijoo naceu en Vilanova dous Infantes (Ourense) en 1864, chegou a forxar un dos circos máis importantes de España século XX. En 1890 instala unha carpa co nome “Circo Feijoo” con máis de 40 artistas e con músicos. En 1897 naceu o seu fillo Manuel Feijoo e con Arturo Castela casaron con dúas fillas do propietario do Circo Americano que pasará a ser o Circo Price.



O mesmo día saía nun selo o **Circo dos Muchachos** que naceu en Ourense en 1964 da man do sacerdote Jesús César Silva Méndez, coñecido como Padre Silva; con sede en Benposta, a escola de circo foi referente a nivel mundial para a formación de artistas. A “troupe” é e será o seu símbolo de identidade.



50 ANOS DA SOCIEDADE FILATÉLICA, N. E V. MIÑO

Logo conmemorativo dos 50 anos da Sociedade Miño creada en 1964 co desexo de fomentar o coleccionismo e difundir o patrimonio cultu-



ral de Ourense e que foise forxando e consolidando e que en 2014 converteuse nun referente cultural da súa cidade. Presentouse o 12 de setembro de 2014 no Centro Cultural MarcosValcárcel.

FESTA DO “PULPO” DE O CARBALLIÑO

Festa gastronómica iniciada en 1962, declarada de Interese Turístico Nacional en 2012, que ten lugar no Parque Municipal do Carballiño o 2º domingo de agosto; danse cita gran cantidade de pulpeiras e pulpeiros, que coas súas espectaculares potas de cobre deixan sentir o agradable aroma que desprende a cocción deste manxar que posteriormente será aderezado con aceite de oliva, sal e pemento. Numerosas actividades desenvólvense nos días previos organizados polo Concello. O selo foi presentado o 8 de agosto de 2014.



RAIGAME 2016. 100 ANOS DA GALEGUIZACIÓN DE VILANOVA DOS INFANTES

Coincidindo coa celebración dos 100 anos da galeguización do nome da localidade celanovense, presentouse o selo o día 17 de maio de 2016 na Romaría RAIGAME. Nel reflíctense os símbolos do lugar: a Torre, a Virxe do Cristal e os Danzantes de Vilanova.



RAIGAME 2018. FOTOGRAFÍA

O 5/5/2018 tiña lugar a Romaría RAIGAME, unha feira/festa etnográfica que se celebra o 17 de maio de cada ano en Vilanova dous Infantes-Celanova (Ourense) que pon en valor os oficios e costumes tradicionais de Galicia. En 2018 dedicada á fotografía. No selo cámara fotográfica da colección de foto Villar de Ourense.



RAIGAME 2019. AS FEIRAS

As antigas feiras e mercados da provincia de Ourense centran a temática da décimo oitava edición da romaría etnográfica Raigame que, como cada 17 de maio, desenvólvese no burgo medieval de Vilanova dous Infantes (Celanova). O 17 de maio de 2019 presentábase o selo dedicado ás feiras.



CENTENARIO DE LA CORAL DE RUADA

A Coral de Ruada empezou a xestarse en 1918 pero foi o 24 de xuño de 1919 cando debutou no Teatro Apolo de Ourense. En 2019 a Coral cumpre o seu primeiro centenario. 100 anos cantando e narrando a historia de Ourense a través das raíces musicais galegas. Por iso, a cidade que a viu nacer dedicoulle unha praza como homenaxe aos seus cen anos de esforzo e traballo levando Ourense en forma de música por todos os recunchos do mundo. O selo emitiuse o 28 de xuño de 2019.



RAIGAME 2022. OS MÉDICOS RURAIS

O 17 de maio de 2022 celebrábase en Vilanova dous Infantes-Celanova (Ourense) a Romaría Etnográfica RAIGAME. Esta edición céntrase na figura do Médico Rural, personaxe imprescindible dentro da sociedade galega, nun tempo en que o sistema sanitario das aldeas era máis que deficiente. Así, representado na súa figura, a Organización quere estender esta homenaxe ao colectivo sanitario que durante estes dous anos de pandemia estivo (como fixo sempre) traballando por coidar da saúde de todos. O motivo do selo é o cartel ilustrado con imaxes de médicos ao que se lle engade o logo do Museo do Médico Rural de Maceda.



GLOSARIO DE TERMOS FILATÉLICOS

CALCOGRAFÍA: (“Taille douce”, “Intaglio” o grava-do) Un dos sistemas de impresión de selos, habitual ata hai pouco. Para este sistema de impresión o orixinal é unha prancha de aceiro ou cobre gravada en oco. Por medios galvánicos obtense dela unha prancha de cobre-níquel, tamén en oco, que servirá para imprimir directamente o papel. Entíntase toda a superficie da prancha e logo con rodillos limpadores ca friccionan, conséguese deixar tinta unicamente nas liñas en oco. O papel lixeiramente humedecido colócase sobre a prancha presionándoo fortemente contra ela, ata que a tinta depositada nos ocos se adhire ó papel quedando a impresión en relevo. Da unha excelente calidade de impresión, presentando certo relevo por tomar o papel, selo, maior groso de tinta, xa que a recibe das tallas e non da superficie.

DENTADO: O dentado dun selo indícase filatelicamente por unha cifra que corresponde ó número de perforacións que hai en dous centímetros. Unha soa cifra indica que o dentado é igual en todos os seus lados; cando se indican dúas cifras, a primeira refírese ó dentado horizontal e a segunda ó vertical.

FOSFORESCENCIA: Propiedade de emitir luz dalgúns materiais, como o fósforo, que poden ser utilizados na fabricación do papel para selos.

OCGRABADO: Procedemento utilizado na impresión de selos polo sistema de pranchas metálicas gravadas en oco.

OFFSET: Sistema de impresión no que a prancha que contén o deseño, prancha impresora, non ten relevo. E está baseada no principio de repulsión dos produtos graxos (tinta) e a auga. Un rodillo humedecido en auga molla a prancha nas partes sen debuxo, previamente graneada, o entintado fano outros rodillos con tinta graxa, sobre o debuxo unicamente, dado que o resto da prancha está protexida pola película de auga retida nos grans.

PAPEL ESTUCADO: O papel estucado é un papel base, recuberto con capas de estuco por unha o polas dúas caras, obténdose unha microporosidad na súa superficie.

PREGO: Conxunto de selos dunha emisión que se imprimen dunha soa vez.

RODILLO: Cuño cilíndrico mecánico, empregado para inutiliza-lo franqueo da correspondencia

SELO PERSONALIZADO: Este tipo de emisión filatélica é regulada pola resolución conxunta dos Ministerios de Fomento e de Economía e Facenda con data do 20 de decembro de 2006, publicada no BOE nº 312 do 30 de decembro de 2006. Os selos, segundo a resolución 23025 do 20 de decembro de 2006, preséntanse en pregos de 25 unidades, cun tamaño de 297 x 210 mm (UNE A4E), cun tamaño individual de 40,9 x 28,8 mm vertical ou horizontal e teñen un dentado(3) de 13 3/4. Como elementos identificativos inclúen ademais do valor “A” as palabras “España” e “Correos” que ocupan a cuarta parte (10 x 28,8 mm), quedando o resto do espacio libre para incorpora-la imaxe personalizada elixida.

O procedemento de impresión empregado é offset a cuatricomía con cornamusa fosforescente, que non se aprecia a simple vista, localizada na parte superior.

O valor de franqueo do selo, coma o de tódolos selos personalizados ata agora, equivale á tarifa de carta ou tarxeta postal nacional normalizada de ata 20 gramos expresado coa letra “A”(0,30 euros para o ano 2007, 0,31 para o ano 2008), aínda que o peticionario ten que pagar un prezo moi superior que inclúe os gastos de produción, impresión e manipulación e mailos de envío a domicilio que son aboados no momento da solicitude. Tódolos modelos de selos personalizados manterán indefinidamente o seu valor a efectos de franqueo, agás que se dicte disposición na que se indique o contrario.

No proceso de produción intervéñ a “F.N.M.T. - Real Casa de la Moneda” que imprime os pregos sobre os que logo se estamparán as diversas imaxes. Estes selos auto-adhesivos manteñen a calidade común a tódolos producidos pola F.N.M.T. cumprindo con tódolos requisitos e garantías de seguridade propios dos efectos de franqueo.


TIRADA: Número total de selos que compoñen unha emisión.

VALOR FACIAL: É o valor de venda do selo. Normalmente correspóndese co de algunha tarifa postal vixente no país de orixe.

VARIEDADE: Modalidade dun selo no proceso de fabricación por defectos de impresión.

Bibliografía:
Catálogo Unificado de Sellos de España y dependencias Postales, Edifil, S.A.
Catálogo especializado de España y Dependencias, Edifil, S.A.
PALACIOS SEIJAS, Alejandro. *Catálogo de Matasellos especiales y primer día y rodillos de Galicia (1952-2001)*.





Vilanova Dos Infantes

BREVE HISTORIA
DUN POBO SINGULAR
QUE EXPLICA O PORQUÉ
DUNHA ROMARÍA SINGULAR:

A Romaría Etnográfica Raigame

Antonio Piñeiro
Técnico de Cultura do Concello de Celanova

Non fai falla máis ca achegarse a Vilanova dos Infantes por calquera vía para, sen entrar aínda na aldea, decatarse da súa configuración como núcleo de poboación senlleiro ó contemplar un grupo de edificacións amoreadas arredor dun punto central que emerxe sobre tódalas construcións, como é a torre da homenaxe da antiga fortaleza medieval.

Isto débese a unha longa historia que se perde no tempo e que conecta coa cultura castrexa, pois é moi posible que denantes da evolución medieval ocupase ese espazo un asentamento semellante a Castromao, e mesmo que polas súas inmediacións cruzase algunha vía de enlace na romanización, cousa que evidencia a existencia dunha ara votiva dedicada ós deuses Gumelaecos na súa praza maior, así como a Ponte Freixo, a moi pouca distancia.

1. UN POUCO DE HISTORIA

Como se desprende do dito, Vilanova dos Infantes é unha poboación de clara orixe medieval en cuxas inmediacións tiveron casal os pais de Rosendo Guterres (San Rosendo) (Gutier Menéndez e Ilduara Eiriz) a finais do século IX e principios do X e onde Ilduara e a súa filla Adosinda fundaron un mosteiro feminino que lles serviu de retiro cando a primeira enviuvou.

Cara ó ano 1160, aproveitando o promontorio rochoso que preside o outeiro e a súa situación estratéxica para o control defensivo dos ataques de Afonso Henriques, debeu ser cando o rei Fernando II de León mandou levantar alí a torre-fortaleza.

No ano 1217, xunto con Sande, Milmanda e outras fortalezas da comarca formou parte da dote que o fillo de Fernando II (o rei Alfonso IX) lles deixou ás «infantas» Sancha e Dulce (de onde é posible que proceda o apelativo orixinal «das infantes»). Durante varios séculos non se documenta alí, sen embargo, ningunha actividade urbana allea ó castelo, ata que en 1443 un tal Alvaro Gonçalves declara nun documento notarial ser «escudeiro vesinno et morador eno castro de Vilanoba das Ynfantes».

A separación desta fortaleza do couto de Milmanda debeu supoñer un elemento dinamizador de forma que en 1474 xa se rexistra unha rúa e a muralla con dúas portas: A da Barreira e a de Baixo.

Previamente, en 1407, fora recibida en herdanza por Xoán Rodríguez de Biedma e entre 1467 e 1469, coma tantas fortalezas de Galicia, sucumbiu á revolta Irmandiña, sendo mandada levantar de novo por orde do abade de Celanova, que obrigou a cada casa a pagar cento vinte maravedís como imposto de «mamposta» para sufragar a súa reconstrución.



Mapa dos estados do Conde de Monterrei por José Ramón y Fernández

Do matrimonio de Rodríguez de Biedma coa muller do primeiro Conde de Monterrei naceu unha única filla, Francisca, que casou con Diego Azevedo y Fonseca –co que tivo un fillo chamado Alonso–, e morto Diego Azevedo nunha batalla, casou co Conde de Lemos, Fernando Castro y Andrade, co que tivo unha filla chamada Teresa, que herdaria un amplo «mayorazgo» no que estaba incluído Vilanova dos Infantes.

Con estes antecedentes históricos, no ano 1777 o escribán Pedro González de Ulloa realizou unha catalogación dos lugares que pertenceron á Casa de Monterrei na que se fai unha referencia explícita a Vilanova dos Infantes que pola súa curiosidade ben paga a pena reproducir:

«Esta bella porción de los estados de mi señor está a ellos unida por un Real privilegio y donación hecha a don Juan Rodríguez de Biedma, dado en Medina del Campo a 22 de abril, era de 1407 (...) Ocupa un terreno de temple bellissimo y sano para todos los tiempos, tiene ricas aguas, coge de todos


frutos, aunque el vino es de inferior calidad, por lo cual se bebe sin tasa.»

E máis adiante continúa:

«Es población de cien vecinos, poco más o menos, los más muy pobres por baraganes. Es de todo más surtida que la villa de Celanova, que está a mediodía de esta. Aquí pone S. E. corregidor. Nombra también S. E. dos escribanos de número y alguacil mayor. Tiene su cárcel y prisiones. Casa de Audiencia es la posada que alquila el corregidor para su habitación, pues aunque hay un castillo bien conservado, está inhabitable. Celébrase aquí una feria muy surtida de todo, a los doce de cada mes.»

Concluído o Antigo Réxime, o núcleo configurado ó longo do tempo pasou a ser capitalidade dun termo municipal ó que foron adscritas as freguesías de Castromao, Espiñoso, A Gandarela, Freixo, Penelas e Viveiro e que asentou a súa Casa do Concello na torre da homenaxe.

Acta da sesión plenaria do concello do 16 de Xullo de 1916 na que se comeza a usar o topónimo Vilanova



Esta condición de municipio propio mantívoo durante máis dun século, dándolle tempo a mudar o nome oficial en 1916 (ata ese momento «Villanueva de los Infantes»), polo de «Vilanova», converténdose no primeiro municipio de Galicia en galeguizar oficialmente o seu topónimo co fin de singularizarse respecto dos municipios chamados tamén Villanueva de los Infantes, en Valladolid e Ciudad Real.

Xa no ano 1927, froito do paulatino despoboamento provocado pola sangría da emigración e da mingua correspondente dos recursos económicos municipais que dificultaban o sostén da institución municipal, por acordo mutuo de ámbalas dúas corporacións, o municipio de Vilanova pasou a formar parte, coas súas parroquias dependentes, do Concello de Celanova.

2. PATRIMONIO ARTÍSTICO E MONUMENTAL

A torre

Protexida por Decreto do 22 de abril de 1949, xunto cun frontón da antiga muralla sobre a que a ocupación civil foi construído casas, constitúe o único resto construtivo da antiga fortaleza.

De planta case cadrada (9,95 X 9,30 metros), 1,80 metros de groso nas paredes e unha altura aproximada de 19 metros, está coroada polos canzorros saíntes que sostían as almenas baixo os cales destaca o escudo da familia dos Zúñiga.



Instalación dunha placa conmemorativa de tal feito na Praza Maior da vila

Ademais da torre, consérvase algún tramo da muralla pola parte baixa do emprazamento do castelo na actual rúa do Recreo, que é ben visible dende a rúa da Ronda e que pecharía e protexería o enclave medieval.



A torre de Vilanova en 1922. Joaquín Pintos



A imaxe da Virxe do Cristal nas mans de D. Adolfo Enríquez

Antigo mosteiro e igrexa de Santa María de Vilanova

O segundo edificio por orde de importancia histórica e arquitectónica co que contaba Vilanova (se é que aínda se conservase) sería o antigo mosteiro fundado pola nai de San Rosendo, Santa Ilduara, e pola irmá daquel e filla desta, Adosinda, entre os anos 930 e 940.

O conxunto estaría situado na aldea actual de Santa María e segundo recolle Gómez Moreno a raíz das descrições feitas por López Ferreiro, «*Santa María de Vilanova era unha igrexa de nave única cunhas dimensións de 15 a 16 metros de longo por 4 de ancho*» e un asentamento de sillería moi semellante a San Miguel de Celanova.

Entre os elementos que se conservan da época, así como da igrexa románica, merece mención especial un cristo románico (ou Santa Cruz) que permanece hoxe na igrexa parroquial e que pasa por ser unha das pezas artísticas de maior calidade do patrimonio relixioso galego.

Igrexa Parroquial

Atópase situada fóra do conxunto urbano, circundada polo cemiterio do burgo. Dedicada a San Salvador, foi levantada en 1615 contando coa intercesión de Bartolomé de León, representante do Conde de Monterrei en Vilanova.

Consta de cabeceira maior cuadrangular, tellado a catro augas e cuberta de madeira, ademais da sancristía a carón pola cara sur. Polo norte conta cunha capela funeraria dedicada ás familias León e Araújo e onde están soterrados os familiares do representante do Conde.

No interior preside a igrexa o gran retablo do presbiterio, coa figura do Salvador cos brazos abertos representando a Cristo no momento da Transfiguración.

A virxe do Cristal

Entre os moitos momentos que a historia de Vilanova viviu ó longo do tempo, destaca aquel do mes de xullo de 1630 que marcaría un antes e un despois no conxunto das tradicións populares da vila e que sería relatado en detalle polo crego Juan de Villafañe no ano 1796 e no que dá conta da aparición dunha pequena peza de vidro nas inmediacións de onde se atopa actualmente o santuario, cunha imaxe da virxe policromada no seu interior e que foi tomada daquela coma un acto sobrenatural que aínda carece de explicación científica hoxe en día.

O suceso traspasou as fronteiras locais e chegou incluso á Casa Real, cuxo rei Felipe IV reclamou a peza



Fachada da igrexa de Vilanova

para poder contemplala e amosarlle “ós físicos” co fin de que lle puideran ofrecer algunha explicación sobre o segredos utilizados para a súa elaboración.

Ó non atoparlle razón, o párroco de Vilanova promoveu a súa exposición ó culto así como a instauración dunha festa para celebrar a súa aparición e os zapateiros de Vilanova, que xa tiñan significativa presenza na vila, adoptárona como padroa e dende aqueles anos conservan a tradición de acompañala cunha danza branca na procesión que se celebra cada 15 de setembro.

Santuario da Virxe do Cristal

Como consecuencia da aparición do excepcional cristaliño coa inexplicable imaxe interior da virxe, o bispo de Ourense decretou o levantamento dun santuario no que poder honrala á altura do milagre acontecido. O edificio levantado é unha notable construción relixiosa do século XVIII, que veu a substituír e engrandecer a unha pequena ermida construída inicialmente.



A adega do san Vivián

San Vivián

Outro dos singulares referentes de Vilanova constitúe unha cova situada no fondo do Arrabaldo e escavada a pico e pala nunha zona sabregosa, xusto por baixo da muralla do castelo, que conta cunha nave central duns doce metros de lonxitude e uns tres de ancho, con cinco pequenas naves laterais a cada lado e unha situada no fondo do burato, ademais dun respiradeiro a modo de cruceiro rematado cunha obra de sillería de boa calidade que semella unha garita de vixilancia pero sen porta de comunicación exterior.

3. PATRIMONIO HUMANO

Demostrado que dende a época castrexa ata os nosos días a historia foi legando arredor do outeiro de Vilanova un patrimonio construído insólito no conxunto do mapa de Galicia para unha poboación de tan reducidas dimensións, ese valor vese sensible-



*Zapateiros de Vilanova
(Manolo Cantero, Tejas Cantero e Dardo). Ca. 1960*



Exposición sobre os zapateiros no S. Vivión

mente incrementado gracias ó patrimonio humano -tanto individual como colectivo- que tamén atesou-rou a vila ó longo do tempo.

O oficio dos zapateiros

Mentres a inmensa maioría das aldeas rurais galegas ti-veron na explotación da agricultura e da gandería, o seu xeito de supervivencia, no caso de Vilanova dos Infantes unha gran parte dos seus habitantes dedicáronse a tra-ballos de carácter artesanal, practicando a agricultura e a gandería só dun xeito circunstancial ou temporal para cando a actividade artesanal se vía freada no seu ci-clo anual. Entre estes traballos destacou sobre maneira o oficio dos zapateiros, cuxa presenza en Vilanova re-móntase a onde se perden os tempos, tal como demos-tran os documentos que se describen de seguido.

O primeiro deles, de 1470, rexistra a venda por par-te da veciña de Vilanova Sancha Pérez ó Mosteiro de

Celanova, das casas que posúe en Vilanova, unha das cales linda por unha das súas medianeiras con «Juan Mingués, çapateyro».

O segundo é de 1474 e relata como «Juan Migees, çapateyro morador en Segin cabo de Vilanova das Infantas», véndelle unha propiedade ó Mosteiro de Celanova, indicando que é unha casa que «esta ena rua que deçende da porta da Barreyra da dita vila de junto do muro da dita vila et sal et vay topar aa outra porta de baixo da dita vila».

Os zapateiros no Catastro do Marqués de la Ensenada:

En tempos de Fernando VI e co fin de paliar a grave si-tuación económica que atravesaba o país, un dos seus ministros, o Marques de la Ensenada, promoveu a rea-lización dunha gran enquisa ó longo de máis de 13.000 localidades co fin de conseguir un coñecemento das terras e casas que posuían, das rendas que obtíñan e oficios que profesaban, alén do gando e incluso dos préstamos contraídos, as persoas que as habitaban.

Vilanova dos Infantes foi unha das xurisdicións es-collidas e o resultado extraído fala dunha localidade duns 159 veciños onde se dá unha significativa pre-sencia de zapateiros.

Ó ser moi numerosa a poboación dedicada a un mes-mo oficio nunha comunidade tan pequena, moitos tenderon á súa especialización ou incluso á diversi-ficación da súa actividade, pero aínda así, entre 1925 e 1965, o profesor Fidalgo Santamarina contabilizou 152 zapateiros.

Coa chegada da mecanización ó proceso produtivo do calzado entre os anos 40 e 50 do pasado século, xunto coa aparición de novos materiais sintéticos substitutivos do coiro, chegou tamén a vulcanización que lle puxo fin ó complexo proceso do cosido e que loxicamente empezou a abaratar sensiblemente o cal-zado, polo que a actividade artesanal deixou de ser competitiva e os zapateiros procuraron futuro nou-tros horizontes provocándose unha segunda emigra-ción, fundamentalmente cara Venezuela e outra máis próxima cara unha cidade de Vigo que espertaba á industrialización con factorías como a Citroën ou o grupo de industrias Alvarez.

A banda de música

Outra das actividades que centraban a actividade cotiá dos veciños de Vilanova era a música, de aí que haxa que remontarse ó ano 1860 para atopar ó rexistro do nacemento dun colectivo musical for-mado naquel momento por unha trintena de com-poñentes, que daría orixe á actual banda de música de Vilanova.

Esta agrupación musical ten alicerce, como non po-día ser doutro xeito, no entorno social dos propios zapateiros que aproveitaban as horas de ocio e mes-mo incluso os momentos de traballo para formarse na música e para explorar novos territorios a través das festas e romarías, nas que logo acabarían vendendo en feiras e mercados os seus zapatos.

O circo

Outra das actividades colectivas polas que Vilanova resulta ser unha aldea singular radica en que dúas das figuras máis destacadas e máis innovadoras da historia do circo en España, teñan tido berce nes-ta vila.

Eles foron o fundador e promotor do afamado Circo Feijóo, Secundino Feijóo, e o coñecido «Padre Silva» (Jesús Silva), sobriño-neto do anterior e fundador, así mesmo, do proxecto educativo «Benposta» e, como consecuencia, do circo «Ciudad de los Muchachos» que acabou levando a maxia do circo e o nome de Ourense e de Galicia polos cinco continentes. E se dende o punto de vista colectivo, esta pequena mos-tra non fai máis ca incrementar a singularidade social do núcleo, dende o punto de vista individual tamén reforza tal singularidade ó rexistrar persoeiros que coma Secundino Feijóo ou Jesús Silva destacaron, non só no ámbito empresarial, senón tamén no litera-rio, no relixioso e no político.

Domingo Rodríguez de Araujo

Alén das familias ligadas en parentesco ou por servi-zo ós condes de Monterrei, é de destacar a figura de Domingo Rodríguez de Araujo, un fidalgo do sécu-lo XVII que acudiu á chamada da febre do ouro no Marañón, tal como describe con singular redacción X. Ferro Couselo:



A banda de Vilanova no Cristal. Ca. 1960



*O circo Feijoo nunba toma do fotógrafo Ksado.
Imaxe do primeiro cuarto do s. XX*

«por la sacra auri fames no menos que por el afán de aventuras, emprendió el duro camino de las Indicas y residente desde hace muchos años en la imperial villa de Potosí, estando gravemente enfer-mo, otorga testamento” no que “manda ser ente-rrado en el convento de Santo Domingo de Potosía hasta que sus huesos pudiesen ser llevados al con-vento que con la advocación del Rosario se había de fundar en Orense».

Consecuencia desta decisión foi a construción da igrexa e convento de Santo Domingo, situada na ac-tual rúa do mesmo nome, na cidade de Ourense.

Luís Soto Fernández

Outro vilanovés que merece formar parte da orla de vilanoveses ilustres é Luís Soto Fernández, un mestre e activista político na época da República e posterior-mente na Guerra Civil e na posguerra, que exerceu



Casa da familia de José Gómez, na Praza Víctor Ferro

de secretario de Castelao na súa viaxe por Estados Unidos e que acabou sendo un dos fundadores do Padroado da Cultura Galega en México, así como promotor da revista Vieiros, fundador da UPG, etc.

Os irmáns Ferro

Víctor Ferro Míguez é lembrado hoxe en Vilanova porque a súa praza maior leva o nome deste comerciante que nos inicios do pasado século emprendeu un negocio téxtil en Barcelona que lle serviu para posicionarse moi ben economicamente na capital catalá e para acabar creando un clan comercial na compañía dos seus irmáns, con negocios de tecidos en Ourense e en Vigo. Almacéns Ferro, Las TresBBB, Almacéns Vda. de Camilo Ferro, eran algúns deles. Das súas boas relacións políticas, sociais e empresariais en Vigo saíron moitos contratos de veciños de Vilanova nas novas factorías olívicas.

José Gómez (Peopó)

Tamén é destacable a personalidade deste médico vilanovés, non só pola súa actividade profesional, cultural e política, senón tamén por ser o sucesor dunha saga familiar de médicos que coidaron da saúde dos vilanoveses durante décadas e gracias a quen Vilanova conta hoxe coa exposición dos zapateiros na cova de San Vivián, debido á cesión que lle fixo

a súa filla María Victoria Gómez Tutor ó Concello de Celanova para proceder á súa restauración e á instalación da devandita exposición permanente.

Adolfo Enríquez Méndez

Aínda que non naceu en Vilanova dos Infantes, foi unha figura clave no desenvolvemento social e cultural da aldea ó longo dos últimos 60 anos. Párroco desta freguesía e reitor do santuario da Virxe do Cristal, a súa vida calada e dedicada á atención social e relixiosa da comunidade, viuse fendida de súpeto o 10 de marzo de 2015, cando uns desalmados entraron de noite na casa parroquial e, sen saberse aínda ben a causa concreta, acabaron mallando nel ata deixalo por morto, roubándolle así a vida e facendo desaparecer, segundo tódolos indicios actuais, a venerada imaxe da Virxe do Cristal que con tanto tino e esmero el custodiaba.

Xosé Luís Méndez Ferrín

Considerado hoxe o patriarca das letras galegas, aínda que non naceu en Vilanova, a súa vida e unha boa parte da súa traxectoria literaria está ligada a Vilanova dos Infantes e tanto a súa historia como a vida cotiá dos seus habitantes ten sido motivo de inspiración en moitas das súas creacións literarias. Poeta, narrador e ensaísta, a súa obra ten destacado pola capacidade de creación dun universo literario propio no

que a fantasía se mestura coa realidade, ó xeito de Cunqueiro, Torrente Ballester ou Ánxel Fole, sendo encadrado, polo tanto, no chamado realismo máxico galego.

Doutor en filoloxía é académico de número da Real Academia Galega dende 2000, foi presidente desa institución no trienio que media entre 2010 e 2013.

Militante da esquerda independentista galega, columnista no Faro de Vigo e outros xornais e director da revista de pensamento crítico «A trabe de ouro», ten destacado como defensor e divulgador da osmose social e cultural existente historicamente entre Galicia e Portugal e entre as literaturas dun e doutro lado da fronteira. De feito, unha das obras de meirande repercusión mediática é «Arraianos», unha colección de relatos curtos nos que o máxico e enigmático mundo da raia está presente de forma permanente.

4.- INICIATIVAS LEVADAS A CABO NOS ÚLTIMOS ANOS

Tendo en conta tanto potencial histórico, cultural e humano, o Concello de Celanova, apoiado por outras institucións, non podía menos que darlle un tratamento especial a este lugar e deseñar iniciativas e proxectos destinados a incrementar os valores que xa de seu posuía o antigo burgo medieval, levando a cabo unha serie correlativa de actuacións no ámbito da mellora do patrimonio e da promoción cultural:

- a. Centro Comarcal da Terra de Celanova (1998)
A mediados dos anos 90 a Xunta de Galicia deseñou un Plan de Desenvolvemento Comarcal co fin de desenvolver proxectos de promoción adaptados ás características propias de cada territorio, proponendo, no caso da Terra de Celanova, que a sede fose asentada en Vilanova dos Infantes, para o cal o Concello de Celanova procedeu á cesión da torre en xaneiro de 1998.
- b. A torre, Ben de Interese Cultural e Celanova, municipio turístico (2000)
Tendo en conta que a torre da homenaxe foi protexida por Decreto do 22 de abril de 1949 e que a



Méndez Ferrín e o párroco D. Adolfo Enríquez, nun acto na Romaría Raigame



Edificio ao carón da torre de Vilanova que albergaba o Centro Comarcal Terras de Celanova

partir das transferencias do Estado acadaría a categoría de Ben de Interese Cultural con data 17 de outubro de 1994, esta circunstancia xunto co atractivo que supuña xa naquel momento o conxunto medieval de Vilanova dos Infantes, ademais, loxicamente, do resto de patrimonio cultural co que afortunadamente conta o municipio de Celanova, todo ilo sumou para que no ano 2000 o diario oficial de Galicia publicara o decreto polo que se recoñecía a Celanova como municipio turístico.

- c. Plan Especial de Reforma Interior (2001)
Conseguida a declaración de municipio turístico e co desenvolvemento do proxecto do Centro Comarcal en plena execución, o Concello de Celanova propúxose desenvolver un Plan Especial de Reforma Interior (o Plan xeral de Ordenación Urbana estaba xa aprobado dende o 9 de maio de 1995) co fin de regulamentar dun xeito moito máis preciso todo o proceso de recuperación urbanística do burgo medieval e colocar as bases regulamentarias para que a iniciativa privada puidese ter acceso a axudas económicas específicas para mellorar as súas vivendas e así proceder á mellora paulatina do conxunto.
- d. Intervencións arquitectónicas
Como consecuencia das actuacións administrativas anteriores o Concello de Celanova abriu unha oficina técnica destinada ó seguimento dos Plans



Delimitación do Peri de Vilanova



A praza do Balcón despois da intervención

Especiais de Reforma Interior, promovendo na súa primeira fase unha intervención en 224 vivendas, todas elas unifamiliares, dentro do marco do Plan de Vivenda de 2002-2005 e que nos anos seguintes foron incrementadas noutras 125 actuacións que teñen actuado –salvo excepcións– na gran maioría das construcións da vila.

e. Urbanización de varias rúas e prazas da vila

De seguido puxéronse en marcha outras iniciativas destinadas á recuperación dos espazos públicos, levándose o soterramento de infraestruturas, sobre todo no caso dos tendidos eléctricos que tanto alteran o campo visual e afectan á estética das edificacións. Nesa primeira actuación os traballos centráronse nas principais rúas de acceso (estrada de Celanova, rúa de Celanova, rúa da Igrexa), así coma no principal espazo social de Vilanova, que é a súa praza Maior ou de Víctor Ferro.

f. Restauración da torre

Cando se procedeu á concesión da torre á Sociedade Comarcal, o edificio xa fora obxecto dunha primeira intervención de urxencia en 1993 e deu como resultado a aparición da torre orixinaria da revolta Irmandiña. Unha vez traspasado o dereito de uso á Sociedade Comarcal, a Xunta de Galicia promoveu un segundo proxecto, xa de restauración completa, instalando no seu interior unha exposición permanente onde se amosaba a descrición xeográfica comarcal, a súa riqueza arqueolóxica e monumental, así como a actividade agraria e económica que sostén á mesma.

g. Premio Parabéns

Non foi casualidade, pois, que no momento no que a Xunta de Galicia convocou un concurso baixo o epígrafe «Premios Parabéns» destinados a recoñecer iniciativas e proxectos de revitalización do patrimonio cultural galego e xenerosamente dotados con 400 mil euros para levar a cabo obras de recuperación arquitectónica ou urbana, dende o Concello se promove a presentación ós mesmos, sendo beneficiarios na edición de 2018, o que deu a oportunidade de deseñar un proxecto de urbanización e pavimentación da rúa da Ronda e do barrio do Arrabaldo, co fin de conseguir a integración harmónica da trama circundante á antiga muralla da fortaleza medieval de Vilanova dos Infantes e que veu a completar o percorrido circular por todo o burgo.

5. FESTAS E OUTRAS INICIATIVAS DE PROMOCIÓN SOCIOCULTURAL

Dun xeito parello a todo este paquete de intervencións públicas e privadas, Vilanova xa contaba con algunha manifestación anual recoñecida como é o caso da romaría mariana da Virxe do Cristal que, sobre todo, na xornada relixiosa do 15 de setembro concentraba a un gran número de fieis que acudían –e aínda acoden– á denominada procesión do Encontro, que parte do santuario e volve ó mesmo despois de recibir as atencións de honra en Vilanova por parte das imaxes de San Roque e San Sebastián.

Festa do Cristal

Ó falar da aparición da Virxe do Cristal e da repercusión que a súa aparición supuxo na historia de Vilanova dos Infantes, falamos da iniciativa do bispo de Ourense de mandar construír unha capela para albergar o singular cristaliño. O que non dixemos é que a partir da conclusión popular de que o que se acababa de obrar era algo inexplicable, o párroco de Vilanova daquel momento, Xan de Barros, decretou a celebración anual dunha romaría que, como veremos máis adiante, acabou popularizando Manuel Curros Enríquez ó transcribir a lenda que como boa vilanovesa lle transmitira a nai Petra e que el trasladou á composición poética que axudou a inmortalizar tamén ó poeta.

Despois de varias mudanzas no calendario, dende hai aproximadamente cen anos a romaría mariana ten lugar arredor do día 15 de setembro, convocando unha gran devoción relixiosa e popular de xentes de toda a comarca de Celanova, doutros moitos lugares de Ourense e mesmo do norte de Portugal.

Romaría etnográfica Raigame

Poderíamos dicir que todo canto ten sido descrito non deixa de ser un limiar que serve de sostén á razón de ser da creación da romaría neste e non noutro lugar calquera da provincia de Ourense.

Cando dende o Centro da Cultura Popular «Xaquín Lorenzo», dependente da Deputación provincial, propuxeron a organización dunha romaría que debería ter como obxectivo resumir nunha xornada todo o que dende o folclore, a danza, a música e a etnografía levaban eles promovendo dende había máis de dúas décadas e que debería confluír nunha manifestación de exaltación das tradicións máis arraigadas da cultura galega, ó pensar nun escenario posible para presentala este apuntou de forma unánime cara un núcleo que tivera as características únicas que posúe Vilanova dos Infantes.

Así foi como, no ano 2002, xurdiu a romaría etnográfica Raigame, erixíndose na atalaia de todo o proxecto de dinamización de Vilanova dos Infantes.

O Centro «Xaquín Lorenzo» tiña os contidos, ou sexa, todo o traballo atesourado a través de anos no



Animación musical na Romaría Etnográfica Raigame

campo da música, a danza e as tradicións populares. O Concello de Celanova tiña o escenario, que era o burgo de Vilanova. Só faltaba, entón, definir o día e, sobre todo, o guión da manifestación que se pretendía.

E que día podía acaer mellor có «Día das Letras Galegas» (o 17 de maio), xornada festiva na comunidade galega. E que guión argumental podía ser mellor có que Manuel Curros Enríquez describe na lenda “A Virxe do Cristal” cando alude ó ambiente festivo do que Vilanova gozou trala aparición do prezado cristaliño.

Obxectivos

Os obxectivos que se perseguían naqueles primeiros momentos eran, en resumo, os seguintes:

- Contar cunha manifestación anual que fixese visible o traballo desenvolvido dende a súa fundación, polo Centro da Cultura Popular “Xaquín” Lorenzo e a Escola de danza provincial, xurdida a partir do Grupo Folclórico “Castro Floxo”
- Encher de contido socio-cultural o “Día das Letras Galegas” e ó mesmo tempo levar a cabo unha iniciativa destinada a facer revivir algúns aspectos das nosas máis fondas tradicións e da nosa cultura popular e etnográfica, como son a música, a danza ou a artesanía, celebrando así, non só o devandito “Día das Letras”, senón dun xeito xenérico o “Día da Cultura galega”.



Demostración dun artesan na Romaría Etnográfica Raigame

- Destacar as especiais características que conserva o pobo de Vilanova dos Infantes que, con tanto acerto literario como indubidable valor etnográfico tiña popularizado Manuel Curros Enríquez no poema sobre a Virxe do Cristal.
- Destacar o feito de que Vilanova é probablemente o único burgo medieval que se conserva íntegro no seu conxunto na provincia de Ourense e un dos poucos que existen en Galicia.
- Promover a recuperación dos vellos oficios e da artesanía ó longo das fermosas rúas e canellas de Vilanova, coa instalación de artesáns de distintos sectores da artesanía popular distribuídos en locais ó longo de todo o pobo.
- Promover a divulgación do folclore tradicional galego coa celebración anual do encontro das Escolas de Danzas que se espallan por toda a provincia de Ourense e que están coordinadas pola Escola Provincial de Danzas.
- Promover a recuperación dos xogos populares, dentro do marco da recuperación global da memoria histórica respecto daquelas romarías que con tanto sabor de nostalxia, malia a dificultade dos tempos, lembran os nosos pais e os nosos devanceiros.
- Promover a ambientación do traxe tradicional galego, non soamente dende o punto de vista folclórico, senón entre a xente en xeral.

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO

Despois de dez edicións da romaría e con ela totalmente consolidada como un dos referentes máis atractivos das diversas formas de celebración do Día das Letras Galegas, o Concello de Celanova solicitou a súa declaración como festa de interese turístico, considerando tódolos valores que avalan esta celebración.

A solicitude foi aceptada pola Secretaría Xeral para o Turismo e o Consello da Xunta de Galicia declarouna como tal na súa reunión do 22 de marzo de 2012, sendo posteriormente publicada no Diario Oficial de Galicia o 10 de abril do mesmo ano.

CONCLUSIÓNS

Coa perspectiva dos once anos transcorridos dende esta declaración e das vinte e unha edicións celebradas, malia que aínda que sempre quedan detalles que deben ser axustados e novidades que deben ser incorporadas para que a romaría continúe mantendo o seu atractivo, as conclusións que debemos sacar son:

- a. Que Vilanova dos Infantes xa estaba impregnada de seu dunha singularidade produto dunha bagaxe histórica, patrimonial, económica e social diferenciada respecto do conxunto habitual das aldeas galegas e das ourensás en particular.
- b. Que contaba cunhas tradicións propias de singular atractivo e con un conxunto urbano que non se tiña malogrado, curiosamente pola carencia de investimentos nas súas vivendas e mesmo nas súas rúas e prazas.
- c. Que xa estaba dotada dun certo grao de coñecemento, sobre todo no conxunto da provincia de Ourense, gracias ó escaparate que lle dá o feito de estar situada nun vistoso promontorio que se pode contemplar dende a estrada que une Ourense coa fronteira portuguesa.
- d. Que as sucesivas intervencións levadas a cabo dende a chegada dos concellos democráticos e fundamentalmente dende os derradeiros anos do

século XX, ó mesmo tempo que ían transformando para ben a estética do conxunto, ía provocando unha reflexión individual e colectiva da veciñanza respecto da necesidade de conservación do pobo.

- e. Que a instalación dun centro comarcal e a aprobación do Plan de reforma interior, xunto coa dotación de axudas específicas para desenvolver obras exteriores e interiores nas vivendas animaron, pouco a pouco, á veciñanza a implicarse nelas.

- f. Que a creación da romaría etnográfica Raigame no ano 2002 supuxo un salto cualitativo no sentido de que a veciñanza, ó mesmo tempo que se viu sorprendida de que de súpeto o seu pobo se vise ocupado por un impensable xentío, comezaron a sentir orgullo de seu e a decatarse de que vivían nun lugar certamente privilexiado.

- g. Que a declaración de festa de interese turístico conseguida en 2012 incrementou ese efecto chamada e axudou a multiplicar as asistencias de xente de máis alá da provincia de Ourense, espallando as procedencias dende calquera punto de Galicia.

- h. Que aínda que teñen sido moitos lugares os que nos últimos anos teñen tratado de desenvolver actividades propias seguindo pautas semellantes ás que fan funcionar esta romaría, non o teñen tido doado porque é difícil conseguir o «trevo» de catro follas que se conseguiu con Raigame coa unión das actividades do Centro Xaquín Lorenzo, co escenario de Vilanova, co guión da lenda de Curros e o Día das Letras.

- i. Que Raigame non sería nada do que é hoxe se, dende a primeira edición, non se contara co compromiso da veciñanza coa propia romaría.

● FUTURO

O futuro de Vilanova vai ter que pasar, sen ningún xénero de dúbidas, por deseñar iniciativas de promoción no sentido de incorporar a romaría a unha




rede nacional ou europea de romarías etnográficas, e, sobre todo, no de devolver actividades económicas á vida cotiá dos habitantes potenciais que, logo do cambio de paradigma que provocou a pandemia, están retornando ou que andan á procurar de lugares singulares coma este para establecer unha nova residencia.

Neste sentido ten razón de ser unha proposta de creación dunha aldea singular que desenvolva actividades ligadas ás artes, á artesanía, á gastronomía e, polo tanto, ó turismo e a hostalaría, incentivando a apertura de establecementos susceptibles de acoller en estas actividades no marco dun vello proxecto que se enmarca no epígrafe «Vilanova: Centro das artes e da artesanía». Pero isto será motivo para reflexionar calquera outro día.



ARQUITECTURA POPULAR GALEGA DA RIBEIRA SACRA



Nos primeiros números desta revista, fomos degrañando en pequenas entregas o traballo *Estudo da arquitectura popular na Ribeira Sacra* que realizamos hai máis de 20 anos e que, coa súa difusión en distintos museos e varias exposicións, contribuíu de xeito notorio a popularizar a Ribeira Sacra como recuncho tradicional a descubrir.

Igualmente, as análises e debuxos realizados tanto dos asentamentos, da tipoloxía da casa rural, como do estudo dos elementos accesorios, palleiros, adegas, muíños, hórreos e tamén dos elementos desta arquitectura popular plasmados con todo detalle, contribuíron a imprimirlle a esta revista un carácter propio e a potenciar o amor polas tradicións galegas que hoxe ten, e en cuxa difusión segue empeñada dun xeito moi laborioso e loable a dirección desta revista.

Por se resulta de interese, a colección de todos os traballos xa publicados sobre esta arquitectura popular na Ribeira Sacra, resumidos o título do tema e o número da revista na que foron publicados.

- Nº 0 - PATRIMONIO E REHABILITACION
- Nº 1 - ELEMENTOS DA ARQUITECTURA POPULAR I
- Nº 2 - ELEMENTOS DA ARQUITECTURA POPULAR II
- Nº 3 - ELEMENTOS DA ARQUITECTURA POPULAR III
- Nº 4 - A CASA RURAL NA RIBEIRA SACRA
- Nº 5 - REHABILITACION I (CATALOGO DOS ELEMENTOS ARQUITECTONICOS NA VIVIENDA RURAL)
- Nº 6 - REHABILITACION II (SUXERENCIAS PARA A REHABILITACION DAS VIVIENDAS RURAIS)
- Nº 7 - CONSTRUCIÓNS AUXILIARES
- Nº 8 - OS HÓRREOS, TIPOLOXIAS


Non existe mellor xeito neste número extraordinario que o de completar a colección como

colofón ao traballo entón realizado e xa exposto por entregas, que determos hoxe no estudo e debuxo dos ocos practicados nos muros, plasmando na súa enxeño-sa resolución tradicional e os diferentes tipos que aparecen, tanto de ocos como das súas lumieiras.

Os muros desta zona, normalmente están executados de xeito tradicional con pedra granítica, ben en mampostería ordinaria en seco ou con sillarejos máis ou menos elaborados e concertados. Levántanse a dúas caras máis ou menos labradas, habitualmente por dous canteiros de forma simultánea, un por cada lado, facendo un ancho de muro na planta baixa de entre 70 e 80 cm., deixando o interior de ambas caras para recheo de cachotes e barro.

Ás veces, estes muros perden espesor ao chegar ao pechamentos da planta alta, rebaixando o seu ancho a 50 cm. ou dispoñendo un muro de pechamento dunha soa fila de perpiaño duns 30 cm. de espesor.



Dado o pequeno tamaño dos sillares, o principal problema presentábase na resolución das lumieiras a usar ao abrir amplos ocos para portas de cortes, adegas ou outros espazos que se situaban normalmente na planta baixa das edificacións rurais, cando a pedra que se tiña a man era pequena e




Lumieira de oco para corte, resolto con dúas filas de vigas de madeira




Lumieira de oco para corte, resolto con tres filas de vigas de madeira



Lumieira de pedra enteiriza, suxeitada por un inxenioso arco de descarga



Arriba e abaixo, lumieiras de pedra enteiriza con pedras labradas por riba con dovela de clave para evitar empuxes cara as lumieiras



non alcanzaba para cubrir a parte superior do oco practicado.

Nas construcións máis pobres, con pouca carga enriba, cando non se dispuña de grandes pezas de pedra, os ocos resolvíanse con lumieiras de madeira de castiñeiro ou de carballo, en dúas filas apareadas, cada un para aguantar o peso de cada cara dos paramentos dos muros e ás veces con tres filas cando os muros tiñan gran espesor.

Cando a cachotería do muro era de pequeno tamaño, agudizábase o enxeño facendo un arco de descarga previo para evitar o empuxe directo sobre o oco, descargándoo así o peso do puro aos extremos para evitar a carga na lumieira.

O enxeño do arco de descarga xurdiu da necesidade de evitar que o peso do muro recaese directamente sobre a lumieira, xa que esta pedra, a pesares de ser dura, é moi quebradiza e soe fenderse, e algunha vez rompe na súa parte central.

Pouco a pouco foise avanzando en solucións máis elaboradas e estéticas para resolver as lumieiras destes amplos ocos que corresponden ás portas das dependencias da planta baixa.


Deste xeito, a medida que os muros de pechamento se facían con pedras máis grande e xa labradas polos canteiros para o seu correcto asentamento, as solucións das lumieiras perfeccionábanse e incluso daban maior porte e importancia á casa.

Os primeiros debuxos reflicten o arco de descarga situado por riba da lumieira, resolto cunha peza de clave central e o seguinte máis elaborado con tres dovelas centrais.



Tanto nunha solución como na outra, debemos fixarnos en algo tan sinxelo e moi importante que os canteiros coñecían moi ben e a experiencia lles aconsellou, como é deixar unha folgura libre, sen retacas de masa, normalmente entre 2 e 5 cm. que se crea entre as dúas fileiras en contacto entre o arco de descarga e a lumieira que pecha o oco.

Esta agudeza construtiva permite algo moi importante. Se o arco de descarga repisa coa carga que ten enriba, é dicir, se cede e se despraza para abaixo, conséguese que non cargue directamente na lumieira e a bote a perder. Este pequeno invento permite que a lumieira quede intacta, xa que en caso de recibir a carga superior, pode ceder ou flexionar, fendéndose e podendo romper, e peor aínda, acuíñando as portas que non se poderían abrir.

Nestes debuxos detállase a solución dos canteiros rurais no lenzo do muro que conxuga, nunha zona concreta da fachada, a pedra enteiriza de repisa da xanela, por debaixo do arco de descarga sen clave, pero con encontro entre pedras incli-



Obsérvese a folgura entre a lumieira e o arco de descarga necesaria para non transmitir o peso do muro directamente sobre a lumieira



nado para evitar a súa caída, folgura central aberta e por último remate superior do oco de planta baixa con lumieira enteiriza na que se atopa a hoxe de desfeita porta da corte.

Por último, como complemento a este estudo das tipoloxías de lumieiras na construción rural da Ribeira Sacra, cabe sinalar que, nas casas máis podentes, tipo pazos ou casa señoriais, empregaban xa unha sillería de granito máis elaborada, de boa labra, con pezas rectangulares máis grandes que permitían mellores solucións construtivas para as lumieiras destes ocos, realizándose arcos con dovelas máis ou menos regulares como as que mostramos nestes debuxos, onde a disposición das dovelas na lumieira, acuíñando os esforzos cara as “jambas” destes ocos, xa non precisaban arcos de descarga e tampouco ocos para folgura entre este e a lumieira.

Para finalizar, gustárame agradecer a elaboración dalgúns debuxos por Gilberto Rodríguez Novoa, alumno meu.



Ilustradores e debuxantes en Raigame, unha achega con perfil

Francisco Xavier Limia Gardón

Doutor de Historia da Arte pola USC,
profesor, escritor e comisario de exposicións
artísticas

*Outono de 2023, cando as primeiras
castañas se abren nos ourizos.*

Coa aparición do número 0 da Revista «Raigame» en maio de 1995, a Etnografía, Música e Tradicións Populares, a Antropoloxía, e a Arte, comezaron a ter unha acollida semestral de seu en Ourense. Co seu formato de culto, esta coidada publicación centrada na cultura ourensá e galega con maiúsculas cinco lustros despois segue a ser editada dende aquela data co patrocinio directo da Deputación ourensá. Naceu cunha escollida capa, a dunha figura saída da man de Dionisio Fierros (1827-1894), pintor asturiano que viviu en Compostela entre 1855 e 1858, onde comezou a pintar paisaxe, e ademais temas populares galegos. Así o desta muller nova ataviada coa vestimenta tradicional e traballando no fiado do liño, obra titulada precisamente «Gallega hilando», óleo sobre tela colocado nunha táboa, que para a súa publicación é virada a B/N, cor da publicación en tódolos números da revista, e que así semella ser un gravado. No interior hai un artigo do Centro Cultural San Miguel

que trata do proceso artesanal do seu cultivo, artigo que continúa no nº 1, 1995/2, con debuxo de varias mulleres fiando un día de feira, que firma o artista zaragozano Francisco Pradilla, en Galicia en 1873, publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº 9, 1881, e que continúa nos seguintes. Velaquí pois unha constante, a da portada en relación co contido dun artigo ou como imaxe do tema monográfico ao que se dedica o número da revista. E neste mesmo primeiro número, Isaac Díaz Pardo escribe unhas «Notas sobre antropoloxía cultural» ilustrado cunha boa mostra de debuxos e cadros seus. Mais o histórico primeiro artigo da xeira de revistas foi «As festas do ciclo anual: unha análise da celebración dos Magostos», do membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos do CSIC e profesor de Antropoloxía Social da Universidade de Vigo, Campus de Ourense, e Dr. en Filosofía, Xosé Antón Fidalgo



*Cecilia la acrobata
Debuxo de Isaac Díaz Pardo*



Debuxo de Francisco Pradilla para La Ilustración Gallega y Asturiana

Santamariña (1946-2011), chorado amigo, sendo mágoa que partise ao outro lado do Lethes cando tiña aínda tanto que aportar...

Un dos ilustradores de cabeceira da revista é Luís Cid, que comeza a colaborar cunha acaída composición para a capa do nº 3, 1996/2, na que funde o Pazo de Fontefiz coa figura de Otero Pedrayo nun dos seus xestos prototípicos de orador, e que tamén recollerá o escultor Manolo de Buciños na súa estatua que loce en significada praza da cidade antiga de Ourense, que integra. É este un sistema sintético que repetirá como recurso noutros casos, como o crucei-

Alameda. Como tamén é de salientar a composición do nº 16, 2002, coa torre de Vilanova dos Infantes de fondo e a Virxe do Cristal contra o ceo unha segadora a fouce, un augardenteiro e un artesán talabarteiro que fai una sela para montar. Ou no da castaña, nº 18, 2003/2 oficios e actividades de mulleres e homes apañando castañas, fiando, facendo unha cesta ou curtindo unha pel, namentres que un músico de rúa toca unha zanfona, co sombreiro do revés diante súa... Dentro, nun artigo de Héitor (Héctor) Picallo Fuentes, debuxa dúas imaxinativas escenas de mosteiro medieval, debuxos das Xacias ou da Eudivoria coa gaita, ben acaí-



Debuxo de Luis Cid



Manuel Murguía por Gogue

ro e o obelisco de frores e carrabouxos coroado por unha cruz, dúas das efémeras estruturas típicas dos Maíos, aos que engade o palco da música, cos que fixa tema e *locus* da gran festa relixiosa da primavera na cidade arredor da celebración da Santa Cruz, logo do seu novenario na significada capela da Catedral, coa manifestación popular na praza da

dos, no artigo de Xavier Barreiro «Trasnos feirantes». Outro exemplo que o define é o do nº 27/2007-2, o do «Centenaro» (sic) do nacemento de Xaquín Lorenzo cun dos modelos de Manuel de Buciños para a estatua monumento de San Rosendo co gallo do milenario, 907/1977, da colección do autor, obra que encabeza o artigo da miña autoría, «Buciños e Ocaña


Martínez [Para o catálogo contemporáneo da iconografía de san Rosendo con un excursus histórico]», coas ilustracións correspondentes. E con el, a foto dun gran Hórreo da Coruña, e o selo de correos dedicado ao mestre da etnografía, un 'cuatrisquel', e unha foto da praza de Vilanova namentres se fai un baile popular. Ou, máis sinxelo, o nº monográfico co estudo do Dr. Fidalgo Santamariña que foi Iº Premio de Investigación etnográfica Romaría Raigame nº 27, 2007/1, «Colectivos artesáns. Para unha etnografía dos portadores de saberes tradicionais», coa representación de seis oficios, sendo o debuxo final do número a toda páxina o dun ben acaído oleiro ou cacharreiro. Ou os debuxos de «Alén da lembranza», 2005/nº22, o do avó que tiña unha sombreiraría en Uruguai ou facendo as beiras diante da fonte da catedral de Ourense, aínda que se esquecera de debuxar a auga nos canos...

Salientable é tamén o nº 28, 2008/1, na que sobre o debuxo do busto de Curros de Francisco Asorey, que loce na vila coroando un monólito fai os retratos de escritores como si dun ramo de frores se tratase, entre os que non faltan, Risco, Otero Pedrayo, Xocas, Blanco Amor ou Ferreiro Míguez. Trátase do número dedicado ao centenario da morte do gran poeta cívico decimonónico. Dispón a dobre composición enmarcada de recadros, que repite no interior nos debuxos do artigo de Casado Nieto que narra unha viaxe con Risco desde Castro Caldelas, debuxando con eles Castelo e logo xa co poleiro do mosteiro celanovés e a portada da igrexa do mesmo. Neste número "Gogue" fai un bo retrato de Manuel Murguía, quen coroou a Curros como poeta laureado n'A Coruña en 1904.

O mesmo sistema sígueo Tomás Vega Pato. Así na capa do nº 36, 2012/1, debuxa de fondo a coñecida capela de San Miguel, do exmosteiro beneditino de Celanova, colocando en primeiro termo de fronte o retrato do poeta Celso Emilio Ferreiro Míguez, acompañado de Valentín Paz Andrade cun barco de perfil.

Outras son as variantes que amosan as capas, caso dunha que firman Heitor Picallo, Francisco Boluda e Xosé Fernández Riestra, colaboración singular na que representan a Xaquín Lorenzo, «Xocas», de perfil, co seu xesto habitual, mirada baixa, como tristeiro e abatido, namentres un artesán fai un tellado de colmo no chan, e finalmente unha construción tripartita ao fondo que leva nun dos corpos un tellado cónico de colmo. Esta portada do nº 20, 2004/2, está en relación cun traballo sobre as cubertas vexetais do noroeste.

O retrato é outro sistema utilizado nelas. Así no nº 35, 2011/2, centrado en Xosé Neira Vilas, RoFer (Roberto Fernández) debuxa a súa faciana baseada sen dúbida nunha foto para significar co primeiro plano a importancia do persoeiro, un dos piares da literatura galega con-



Composición de Tomás Vega Pato



Neira Vilas visto por ROFER



Neira Vilas visto por Seoane

temporánea, dende que escribiu *Memorias dun neno labrego*, libro ao que se lle dedica este número aínda en vida ao autor co gallo dos cincuenta anos da súa publicación. Dentro, reproducíase outro retrato máis novo e de perfil da man de Luís Seoane. Del é a capa da edición *principes* do mencionado libro, editado en Bos Aires en 1961, co protagonista deitado na herba cos pés nela, os zocos ao seu carón, fitando para o ceo, e rodeado de paxariñas. Esta ilustración encabeza o noso artigo «*Catro ilustradores para Balbino*», no que tratamos a Díaz Pardo, José Luís Posada, Alfonso Costa e Xaquín Marín Formoso autores escollidos doutras tantas edicións da obra, sendo a deste último a edición conmemorativa do cincuentenario, debuxos que se espallan tamén ao longo da revista. No número inclúense tamén as portadas das súas obras. Neste senso gustamos destacar as interesantes achegas de artistas, e algún caricaturista, os cales captan a esencia do retratado dende outros ángulos. Diso pódese

poñer como mostra a Ramón Otero Pedrayo, de quen no nº 12, 2001/1, van os retratos de Xosé Cid, un retrato de busto largo de escultor, base dun busto en bronce, semellante ao máis realista do pintor Maside, que se centra no rostro, no que destaca a prominente papada –o que tamén salienta o caricaturista Omar Pérez no artigo de Rego Nieto–, até o de Prego, busto curto que mira á dereita, mais detallado, que adornan o artigo de Camilo Fernández Valdeorras dedicado á súa poesía dramática e á dramaturxia. Ten o seu aquel tamén o de Agustín Scianmarella, caricaturista arxentino de sona.

O trixésimo sétimo, 2012/2, componse coa fotografía de Díaz Pardo, quen mira para o fotógrafo no canto de escribir mentres por tras vense dous dos seus cadros, un deles dunha muller núa. Neste escribo «*O que revela o espido na pintura de Isaac Díaz Pardo (evidencia dun sentir nos tempos do franquismo)*». Así tamén fago co gallo da revista dedicada a Luís Seoane, nº 33, 2010/2, no que trato «*Seoane o libro (notas encol das súas tapas e ilustracións)*», encabeza-



Cartaz de Coral de Ruada de Camilo Díaz Baliño



Retrato de Carlos Casares por Siro

do por un dos derradeiros debuxos seus. E naquel, hai unha manchea de obras súas no número, debuxos e cadros, sendo para nós ben significativa a do cartaz da Coral de Ruada, de Camilo Díaz Baliño, seu pai, feito para a primeira viaxe do coro ourensá a América en 1931, e ademais bosquexos dos decorados que utilizaron.

E no nº 40, 2017/1, dedicado a Casares as mostras son exiguas, xa que apenas se poden citar os retratos de Siro para a capa, e outro no interior de Antón Pulido virado a B/N, polo que perde forza. Logo apenas hai máis que as capas dos seus libros, entre as que debe sinalarse as monótonas por reiteradas de Xohán Ledo (Ricardo García Suárez), sendo entre todas a máis destacada a de Luís Seoane para *As Laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de quen son tamén as ilustracións, todas firmadas “S.”, algunhas das cales se espallan pola revista. Ás veces hai un especial, caso do dedicado ao monfortino Lois Pereiro, nº 34, 2011/1, ao que coñecín. O artista e escritor Antón Patiño, tamén de Monforte, escribelle un artigo que ilustra con reiterados e expresivos retratos do malogrado poeta amigo seu.

Nun bo feixe delas, sobre maneira nas últimas, mingua a ilustración en troques das fotografías, que son as imaxes preferidas, e ocupan o seu espazo. Así nos recentes números dedicados ás investigacións arqueolóxicas, proceder que xa ven de números anteriores.

Para ir finalizando, quixera sinalar a aparición en distintos números de ilustracións e ilustradores que lle dan pedigree: Castelao cos «*Nenos arredor*

dun maio», nº 4, 1997/1; Conde Corbal coas ilustracións do libro de Vicente Risco *Ourense perdurable*, no nº 9, 1999/2, ou Isaac Díaz Pardo de quen se inclúe no nº 1, 1995/2, un artigo «*Notas sobre antropología [sic] cultural*» ilustrado coa Maternidade, unha terracota de 1950, Desnudo de Cecilia la Acróbata. Unha chave, e os óleos *As Parcas*; O concerto de zanfona e Muller que leva na cabeza as cousas que vai precisar na vida, óleo sobre cartón, de 1964.

Remato cun aspecto coitado dos debuxantes: a da reprodución de cadros antigos. Así no nº16, 2002, Juan Fernández Pérez «Xesta», a vila de Maside, 1915, na que destaca a torre municipal; e un debuxo de Robert, 1989 doutro de 1849, da praza maior da vila, co concello e a súa torre, estando en primeiro termo un cruceiro valado e a capela de Santo Antón, coa súa espadana dos que se informa «que

foron mudados deste emprazamento en 1683». E como non podía ser doutra maneira, nas liñas finais, a ilustración da contra capa, un pequeno e acaído debuxo da autoría de Tomás Vega Pato, que funciona como icona da Revista e marco final da mesma.




Lois Pereiro por Antón Patiño



Debuxo de Conde Corbal

50 números de Raigame
relación de colaboradores e artigos



Nº REV	EDICIÓN	APELIDOS	NOME	TITULO	TEMA	Nº PAX
	2007	Rodríguez Cruz	José	Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende	Etnografía/Lingüística: Premios Raigame	
	2007	Fidalgo Santamariña	José Antonio	Colectivos Artesáns: para unha etnografía dos portadores de saberes tradicionais	Etnografía: Premios Raigame	
	2008	González Pérez	Clodio	As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro	Etnografía: Premios Raigame:	
	2008	Marín Martínez	Xoán Ramón	As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro	Etnografía: Premios Raigame	
0	1995 / 05	Fidalgo Santamariña	Xosé Antón	As festas do ciclo anual: unha análise de celebración dos magostos	Tradicións	6
		Rodríguez Ordóñez	José Antero	Xeneralidades sobre a vestimenta tradicional	Artesanía: O Traxe Tradicional	12
		Brañas	Manuel	Instrumentos do pórtico do paraíso da catedral de Ourense	Artesanía: Instrumentos	16
		Foxo	Xosé Luis	Gaitas e bailes	Música e Danza	24
		Rego Nieto	Manuel	Memoria dun pobo	Literatura Popular Contos Populares	28
		Alonso Estravis	Isaac	Literatura popular tradicional no concello de Quedro	Literatura Popular	30
		Valcárcel	Marcos	O escritor convertido en cidadán	Literatura: Escritores Ourensáns	40
		Centro Cultural San Miguel		O Liño	Labouras Agrícolas	46
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Patrimonio e rehabilitación	Arquitectura Popular	50
		Paz Rodríguez	José	Jogos, enredos e brinquedos populares das crianças da Galiza	Tradicións	60
1	1995 / 12	Fraguas y Fraguas	Antón	O pantalón chamado cirolas	Artesanía: O Traxe Tradicional	6
		Álvarez Campos	Fco. Xavier C.	Um traje galego	Artesanía: O Traxe Tradicional	10
		Gómez Cano	Francisco X.	O señor Xoán Ferreiro, gaiteiro de Laroá	Música e Danza	16
		María	Manuel	Proclama ós peixes do río Miño	Literatura Popular	28
		Fernández del Riego	Francisco	O pasado e a novidade no noso país	Literatura	30
		Valcárcel	Marcos	Cumpreanos dun milagre:a revista NOS	Literatura	36
		Centro Cultural San Miguel		O liño. A arte de recuperar a tradición	Labouras Agrícolas	40
		Orero Grandal	Luis	Intervención arqueolóxica na Ponte Loña no ano 1987	Arqueoloxía	46
		Senén	Felipe	Trasalba onte, Trasalba hoxe, Trasalba sempre	Museos Galegos	56
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Elementos de arquitectura popular. Os acos de fachadas e os seus dintéis. Tipoloxía de portas e xanelas. Corpos voados	Arquitectura Popular	64
		Vega Pato	Tomás	Enredos tradicionais: a parafusa e a rinxela	Tradicións	74
		Paz Rodríguez	José	Pequena crónica sobre as dificultades para expresar a nosa cultura propia por meio da imaxe fílmica	O Cinema Galego	82
		Díaz Pardo	Isaac	Notas sobre a antropoloxía cultural	Antropoloxía	92
		Docampo	Gustavo	Vellos cacharros para facer memoria	Artesanía: olería	7
		Iglesias	Ana	Cerámica popular de Valdeorras	Artesanía: olería	9
		Pérez Díaz	Luciano	Instrumentos de corda medievais	Artesanía: Instrumentos musicais	18
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Elementos de arquitectura popular II. Paredes e muros, entramados de madeira, cubertas e voadizos	Arquitectura Popular	24
		Rodríguez Bande	Eladio Enrique	Os chozos	Arquitectura Popular	32
2	1996 / 05	Álvarez Cid	Mario	O folión	Tradicións	38
		Martínez Jiménez	Jorge	A vidrieira embazada. “La hora del ensueño”, Blanco Amor e o poeta Eduardo Álvarez	Literatura	40
		Centro Cultural San Miguel		O liño. A arte de recuperar a tradición	Labouras Agrícolas	46
		Blanco Urbano	Amadeo	As plantas na medicina popular	Medicina Popular	50
		Vega Pato	Tomás	O curro do lobo. Descrición dunha trampa tradicional para a caza do lobo (Cernado-Manzaneda)	Tradicións	56

Nº REV	EDICIÓN	APELIDOS	NOME	TITULO	TEMA	Nº PAX
2	1996 / 05	Porto Ucha	Anjo S.	A ILE, Portugal e Galicia	Cultura Popular	62
		Bande Rodríguez	Enrique	Retazos da biografía de D. Jesús Ferro Couselo	Letras Galegas: Ferro Couselo	72
		Fernández Senra	Xulio	D. Xesús Ferro Couselo, Conde Corbal e o Ourense Monumental	Letras Galegas: Ferro Couselo	76
		Dios Martínez	Manuel de	Breves apuntes sobre a personalidade de X. Ferro C.	Letras Galegas: Ferro Couselo	81
		Fariña Busto	Francisco	D. Xesús Ferro Couselo, arquiveiro e director do museo	Letras Galegas: Ferro Couselo	84
		Paz Garza	Francisco Xavier	Gomes Mouro, gaiteiro em Ourense no século XV. Seu resgatador, Ferro Couselo.	Letras Galegas: Ferro Couselo	90
		Rivas Fernández	Xoán Carlos	Unha enxeñosa construción rupestre: o Muiño das Canás	Letras Galegas: Ferro Couselo	94
		Rivas Fernández	Xoán Carlos	Xesús Ferro Couselo. Relación dos seus traballos publicados por orde cronolóxica	Letras Galegas: Ferro Couselo	100
3	1996 / 11	Otero Pedrayo	Ramón	Grandes Pazos: Fontefiz ao fondo do recordo	Arquitectura Popular	6
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Elementos de arquitectura popular III. Chimeneas, escaleiras e patios ou “curros”	Arquitectura Popular	14
		Vega Pato	Tomás	O castiñeiro de Pombariños. Unha árbore sen terra (Rozavales, Manzaneda)	Tradicións	28
		Partellas de Blas	Celestino	A noite de San Xoán na illa de Ons	Tradicións	36
		Vidal López	Carmen	A charrúa e o entroido alaricano	Tradicións: entroido	40
		Alonso Estravis	Isaac	Recuperar, renovar e projectar no futuro	Literatura Popular	44
		Centro Cultural San Miguel		O liño. A arte de recuperar a tradición: asedado, fiado e ensarillado	Labouras Agrícolas	58
		Rumbao Requejo	J. José	Sobre algunhas manifestacións “folclóricas”	Música e Danza	64
		Caseiro Nogueiras	Delfín	Museo etnolóxico da Límia, a presenza da Memoria	Museos	70
		Bande Rodríguez	Enrique	Relixiosidade, crencias e prácticas vitais do campesiñado galego	Antropoloxía	82
4	1997 / 05	Rodríguez Nespereira	Fernando	A casa rural na Ribeira Sacra	Arquitectura Popular	6
		Vega Pato	Tomás	Orientación e sinalética tradicionais. Un modelo: A Serra de Queixa	Tradicións	18
		Araujo Iglesias	Miguel Ángel	Presentación do libro de Manolo Rego	Personaxes populares	30
		Valcárcel	Marcos	Otero Pedrayo na Historia do periodismo galego	Literatura	36
		Centro Cultural San Miguel		O liño. O branqueado e “dovanado”	Labouras Agrícolas	46
		Martín Domínguez Tamerón Montesinos	José Luis Pilar	Proxecto de musealización dos recursos etnográficos de Viana do Bolo.	Museos	50
		Bande Rodríguez	Enrique	Relixiosidade, crencias e prácticas vitais do campesiñado galego (II)	Antropoloxía	56
		Rodríguez Fer	Claudio	Ánxel Fole e as Tradicións populares	Letras Galegas: Ánxel Fole	68
		González Pérez	Clodio	A festa dos Maíos.	Tradicións	78
		Paz Rodríguez	José	Os Maíos: a festa popular ourensana máis formosa do ano	Tradicións	88
5	1997 / 11	Rodríguez Nespereira	Fernando	Rehabilitación I. Catalogación dos elementos arquitectónicos da vivenda rural	Arquitectura Popular	6
		Vega Pato	Tomás	O pozo do lobo da xente. Tradición e licantrópia en terras de Conso.	Tradicións	14
		Caseiro Nogueiras	Delfín	Monchiño de Corvillón, o xigante de Magarelos.	Personaxes Populares	28
		Martínez Jiménez	Jorge	A vidrieira embazada. Escaparate de horas. Recordo do do primeiro libro de Fernández Mato	Literatura	38
		Centro Cultural San Miguel		O liño	Labouras Agrícolas	48
		Bande Rodríguez	Enrique	Relixiosidade, crencias e prácticas vitais do campesiñado galego (III)	Antropoloxía	52
		Fidalgo Santamariña	Xosé Antón	De profesión afiador: elementos do oficio e espazos de vida	Oficios: O Afiador	64
		Arboiro	Florencio de	Na percura do museo do afiador	Oficios: O Afiador	76

Nº REV	EDICIÓN	APELIDOS	NOME	TITULO	TEMA	Nº PAX
5	1997 / 11	Fierro Osorio	Marta	Historia dunha escultura	Oficios: O Afiador	88
		Gómez Cano	Francisco X.	Conversas con afiadores, I	Oficios: O Afiador	92
6	1998 / 05	Alonso Montero	Xesús	Exigua fortuna de Johan de Cangas	Letras Galegas: Johan de Cangas	6
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Rehabilitación II. Suxerencias para a rehabilitación das casas rurais na Ribeira Sacra	Arquitectura Popular	12
		González Pérez	Clodio	A festa do Corpus de Ribadavia: a “ Becha” I	Tradicións	22
		Losada	Benito	Un museo de fronteira	Museos	30
		Vilela Castro	Román	Un traballo ambulante: O Cordeiro	Oficios	36
		Sotelo Blanco	Olegario	O afiador: o home, a mentalidade	Oficios: O Afiador	44
		Arboiro	Florencio de	Na percura do museo do afiador II. Aparellos relacionados coas rodas de afiar	Oficios: O Afiador	54
		Gómez Cano	Francisco X.	Conversas con afiadores II	Oficios: O Afiador	64
		Fidalgo Santamariña	Xosé Antón	O “Barallete”: linguaxe especial de oficio dos afiadores ambulantes ourensáns	Oficios: O Afiador	74
		Álvarez Campos	Fco. Xavier C.	Os constructores de rodas de afiar.	Oficios: O Afiador	82
		WV. AA.		O afiador visto polos artistas plásticos galegos.	Oficios: O Afiador	90
7	1998 / 11	Díaz Pardo	Isaac	Un experimento parateatral.	Literatura Popular	6
		Cancio Álvarez	Miguel	Razón con corazón, Ciencia con conciencia, maxia con sapiencia e bruxería con poesía: o xogo da vida, a mediación social	Maxia e Bruxería	20
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Rehabilitación III	Arquitectura Popular	26
		Valcárcel	Marcos	“Sombras no labirinto” de Francisco X. Fernández Naval	Literatura	38
		García Rodicio	Antonio	Serpes, Mouras encantadas e Psicoloxía de Jung	Literatura Popular: Lendas	44
		González Pérez	Clodio	A festa do Corpus de Ribadavia: a “ Becha” II	Tradicións	56
		Piñeiro Feijóo	Antonio	A procesión nocturna da Ramallosa	Festas Populares	66
		Novoa fernández Cabanelas Pedrouzo	Sonia María Beatriz	A medicina da natureza	Medicina Popular	72
		Iglesias Dobarrío	Baldomero “Mero”	Os vilancicos	Música Popular	78
		Rivas Cruz	Xosé L. “Mini”	Tempo de Reis	Música Popular	86
		Ballesteros Álvarez	Ana M.	Os cruceiros	Arquitectura Popular	95
8	1999 / 05	González Pérez	Clodio	Roberto Blanco Torres. Xornalista e poeta	Letras Galegas: Roberto Blanco Torres	06
		Piñeiro Feijóo	Antonio	Foi na corga da videira.	Letras Galegas: Roberto Blanco Torres	22
		Cancio Álvarez	Miguel	Razón con corazón, Ciencia con conciencia, maxia con sapiencia e bruxería con poesía: o xogo da vida, a mediación social II	Maxia e Bruxería	28
		Pardellas de Blas	Celestino	As coplas dentro do cancionero da illa de Ons	Música Popular	36
		Bas López	Begoña	Notas sobre función, arte e diversidade no hórreo	Arquitectura Popular: Hórreos	44
		Llano	Pedro de	O hórreo ourensán. Primeiros datos sobre un proxecto de investigación	Arquitectura Popular: Hórreos	52
		Mandianes	Manuel	O “canastro”. Árbore cósmica e barca dos mortos	Arquitectura Popular: Hórreos	64
		Rodríguez Nespereira	Fernando	Os hórreos. Tipoloxía na Ribeira Sacra	Arquitectura Popular: Hórreos	76
		Fernández Araujo	Xosé Arturo	Situación actual do hórreo na provincia de Ourense	Arquitectura Popular: Hórreos	84
		Rodríguez Castro-Rial Sánchez Rancaño Taboada Acevedo	Romy Cristina Rodrigo	Os hórreos no camiño de Santiago (Palas de Rei)	Arquitectura Popular: Hórreos	94
9	1999 / 12	Vázquez-Monxardín Blanco	Xosé Lino	Xocas na lembranza	Especial Xaquín Lorenzo	06
		Fernández Araujo	Xosé Arturo	Xaquín Lorenzo “Xocas”. O mestre. “O amigo”	Especial Xaquín Lorenzo	14
		Vega Pato	Tomás	“Xocas”. Fotógrafo e debuxante. Fotografado e debuxado	Especial Xaquín Lorenzo	32
		Vázquez-Monxardín Fernández	Afonso	Xaquín Lorenzo, 1979	Especial Xaquín Lorenzo	46
		González Reboredo	Xosé Manuel	Don Xaquín Lorenzo Fernández e os estudos de etnografía en Galicia	Especial Xaquín Lorenzo	56

Nº REV	EDICIÓN	APELIDOS	NOME	TITULO	TEMA	Nº PAX
9	1999 / 12	Sierra Rodríguez	Xosé C.	A obra de Xaquín Lorenzo Fernández, instrumento para a patrimonialización e a musealización antropolóxica de Galicia	Especial Xaquín Lorenzo	68
		Fariña Busto	Francisco	Lembranzas de D. Xaquín Lorenzo Fernández	Especial Xaquín Lorenzo	80
		Vara	Alfredo	Lembranzas da nenez	Especial Xaquín Lorenzo	86
10	2000 / 05	Afonso Pérez Afonso Pérez	Elvira Ismael	Demos íntimos do pobo galego	Maxia e Bruxería	6
		García Rodicio	Antonio	O porto senabreca e a posíbel vía romana Chaves-Monforte	Historia	16
		Carro Estévez	Liliana	Toponimia da Filgueira.	Lingüística	24
		Barreiro Luces	Xavier	Xantares de trabadores. A cociña galega na idade media	Gastronomía Popular	44
		Caseiro Nagueiras	Delfín	A Sainza de moros e cristiáns é a romaria da Límia	Tradicións	52
		Piñeiro Feijóo	Antonio	Vilanova, e a historia nunha esencia	Museos	64
		Valcárcel	Marcos	Tres achegas a Manuel Murguía no seu tempo	Letras Galegas: Manuel Murguía	72
		Rabuñal Corgo	Henrique	O bardo e o patriarca: vidas paralelas	Letras Galegas: Manuel Murguía	80
		Rabuñal Corgo	Henrique	Cronoloxía de Manuel Murguía	Letras Galegas: Manuel Murguía	94
		Ballesteros Álvarez	Any	Análise do Calvario de Beade	Arquitectura Popular	36
11	2000 / 11	Barros	Carlos	Editorial-Presentación da revista.	Especial Xudeus na Galiza	5
		Estévez Antonio Rubio	José Ramón Gloria de	Xudeus galegos na Baixa Idade Media	Especial Xudeus na Galiza	6
		Blanco Rodríguez	Antonio	A presenza xudía en Allariz	Especial Xudeus na Galiza	20
		López Cortiñas Varela Barrios	Mª Ángeles Cristina	A historia do pobo xudeu e o seu reflexo no urbanismo de Allariz	Especial Xudeus na Galiza	28
		López Carreira	Anselmo	A comunidade xudía de Ourense na idade media	Especial Xudeus na Galiza	34
		Antonio Rubio	Gloria de	Abrahan de León: aproximación a vida dun xudeu en Ourense no século XV	Especial Xudeus na Galiza	46
		Aira Pardo	Felipe	Apuntes sobre os xudeus de Monforte	Especial Xudeus na Galiza	58
		Estévez Pérez	José Ramón	Os xudaizantes de Ribadavia	Especial Xudeus na Galiza	74
		Barros Casado	Carlos Gregorio	Novos documentos sobre a xudería e a sinagoga de Ribadavia	Especial Xudeus na Galiza	88
12	2001 / 03	Sixto Seco	Agustín	Editorial-Presentación da revista	Especial Otero Pedrayo	6
		Fernández del Riego	Francisco	Lembranzas do mestre e amigo	Especial Otero Pedrayo	8
		Vázquez-Monxardín Fernández	Afonso	Achega biográfica a Ramón Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	14
		Araújo Iglesias	Miguel Anxo	Don Ramón, home cabal	Especial Otero Pedrayo	20
		Vázquez	Pura	Nos cento e tantos anos de Don Ramón Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	24
		Villares	Ramón	A historia de Galicia na obra de Otero Pedrayo: terra e memoria	Especial Otero Pedrayo	28
		Beramendi	Justo	A actividade política de Otero Pedrayo (1918-1936)	Especial Otero Pedrayo	38
		Pérez Alberti	Augusto	A paisaxe xeográfica en Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	48
		Blanco	Carmen	O adeus a Calipso no Odissea Oteriana arredor de si	Especial Otero Pedrayo	54
		Rego Nieto	Manuel	O don Ramón orador	Especial Otero Pedrayo	60
		Martínez Jiménez	Jorge	A solaina orcelada	Especial Otero Pedrayo	64
		Agís Villaverde	Marcelino	Otero Pedrayo, pensador	Especial Otero Pedrayo	76
		Sotelo Vázquez	Raúl	A fidalguía na Novela de Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	86
		Ogando Vázquez	Julio Francisco	O home aínda é millor	Especial Otero Pedrayo	96
		Valcárcel	Marcos	Diccionario Don Ramón, do A ó Z	Especial Otero Pedrayo	102
		Baliñas Fernández	Carlos	Demandando edicións xeitosas para un grande escritor	Especial Otero Pedrayo	110
		Fernández Valdehorras	Camilo	Da poesía dramática e da dramaturxia de R. Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	126
		Fernández Valdehorras	Camilo	Pro opera omnia de Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	144

Nº REV	EDICIÓN	APELIDOS	NOME	TITULO	TEMA	Nº PAX
13	2001 / 05	Varela Aenlle	Carlos Xesús	O horro de tipo asturiano na montaña oriental luguesa	Arquitectura Popular	6
		Guirriarán	Ricardo	Florencio Delgado Guirriarán, poeta valdeorrés no exilio mexicano	Literatura	20
		Cancio Álvarez	Miguel	Poesía popular, rixosa e combativa nos cafés do xogo da vida / morte por Lorca en Galicia, por outros artistas galegos i en defensa das vellas e novas tradicións / poesía, arte, vellas e novas tradicións	Literatura e Socioloxía Vital	32
		Carro Estévez	Liliana	Toponimia de Filgueira. IIª parte	Lingüística	42
		Pico Orjais	José do	Organología.pandeireta, pandeiro ou adufe	Música Popular	50
		Villaverde García	Dolores Elvira	Arquitectura popular. As fontes e a auga en Santiago	Arquitectura Popular	56
		Fernández Fernández	Xosé	D. Eladio, zume do Ribeiro na Real Academia Galega	Letras Galegas: Eladio Rodríguez González	72
		González Pérez	Clodio	Eladio Rodríguez González: O Home, a Obra, a Terra	Letras Galegas: Eladio Rodríguez González	82
				Escolma: poemas sobre o Ribeiro	Letras Galegas: Eladio Rodríguez González	95
14	2001 / 11	Cancio Álvarez	Miguel	Poesía popular, rixosa e combativa nos cafés do xogo da vida / morte por Lorca en Galicia, por outros artistas galegos i en defensa das vellas e novas tradicións / poesía, arte, vellas e novas tradicións	Literatura e Socioloxía Vital	6
		Barreiro Lucas	Xavier	Castañas para o Magosto	Gastronomía Popular	22
		Vázquez Rodríguez	Xosé Manuel	A cultura do viño na Ribeira Sacra. Aproximación á identidade dunha área natural e cultural	Gastronomía Popular	32
		Vázquez-Monxardín Fernández	Afonso	Un fermoso Semi-inédito de Otero	Especial Otero Pedrayo	44
		Borobó		O novelo dos anacos	Especial Otero Pedrayo	48
		Lorenzo	Beatriz	Pazos e Mosteiros en “Os camiños da vida”	Especial Otero Pedrayo	54
		Paz Rodríguez	José	Ramón Otero Pedreyo. Modelo de educador galego teórico e práctico	Especial Otero Pedrayo	62
		Guirriarán Rodríguez	Ricardo	Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo: I. O clube Peña Trevinca Montañeros de Galicia: correspondencia entre Gonzalo Guirriarán e D. Ramón Otero Pedrayo	Especial Otero Pedrayo	74
		Baliñas Fernández	Carlos	Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo: II. Cartas de D. Ramón Otero Pedrayo a D. Carlos Baliñas Fernández	Especial Otero Pedrayo	90
15	2002 /05	Valcárcel	Marcos	Editorial	Literatura	5
		González Fernández	Helena	O crego cando namora. A imaxe dos sacerdotes na poesía popular galega dos séculos XVIII e XIX	Literatura	6
		Cancio Álvarez	Miguel	In Memoriam por dous galegos que toda a súa vida defenderon Galiza e a súa cultura	Literatura e Socioloxía Vital	18
		Pablo Cirio	Norberto	Galiza no país das maravillas. O “outro lado”dos cantos tradicionais galegos	Música Popular	22
		González Pérez	Clodio	Os apeiros agrícolas	Tecnoloxía Tradicional	34
		Vega Pato	Tomás	Escudo heráldico e a bandeira da Provincia de Ourense	Heráldica	42
		Caseiro Nogueiras	Delfín	No centenario do seu pasamento. A obra literaria de Alberto García Ferreiro	Literatura	58
